

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 7

SESION ORDINARIA DO 22 DE MARZO DE 2010

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velooso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota

NON ASISTE:

González Sagarra, Javier Pablo

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e sete minutos do día vinte e dous de marzo do ano dous mil dez, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno,

Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. González Sagarra. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar los asuntos da orde do día.

1.- (40).- ACTAS ANTERIORES. (S. ORDINARIAS 30.11.09 E 28.12.09)

(Está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular)

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións ordinarias do Pleno da Corporación que tiveron lugar os días 30 de novembro e 28 de decembro de 2009.

2.- (41).- INTERVENCIÓN PERANTE O PLENO DA CORPORACIÓN DE D. RAFAEL QUIÑONES DA SILVA NO NOME DO COMITÉ DE EMPRESA DE ALFAGEME. DOC. 100036561.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de marzo, documento número 100036561, don Rafael Quiñones da Silva solicita a comparecencia perante o Pleno da Corporación no nome do Comité de Empresa de Alfageme, S.A.

S. Ordinaria 22.03.10

A Presidencia indica que a petición do Comité de Empresa de Alfageme vai intervir perante o Pleno don José Fernández Piñeiro.

A PRESIDENCIA: Unha vez redactada a orde do día recibíuse un comunicado do Comité de Empresa de Alfageme solicitando que en troques de D. Rafael Quiñones da Silva fixera a intervención D. José Fernández Piñeiro, se o Pleno non ten reparo en facer este cambio.

Como é habitual comezaremos coa intervención do Sr. Fernández Piñeiro de dez minutos máximo de duración para a seguir facer intervencións dos tres grupos por orde de menor a maior durante tamén un tempo de dez minutos cada un.

Adiante, benvido a esta sesión plenaria e no nome de toda a Corporación e seguindo o regulamento cedémoslle a palabra.

SR. FERNÁNDEZ PIÑEIRO: Agradecer no nome do Comité de Empresa do cadro de persoal de Alfageme permitírmonos intervir no Pleno a través da miña persoa para en primeiro lugar explicarlles a situación pola que atravesamos esta empresa centenaria de Vigo dedicada ó sector conserveiro e por outra banda facer un pedimento ós diferentes grupos políticos, ó goberno municipal e ó Pleno para que apoie os pedimentos que presentamos nun documento que elaboramos e que teñen todos os grupos políticos e supoño que a totalidade dos concelleiros e concelleiras onde non só presentamos cal é a nosa situación actual no cadro de persoal de Alfageme dende o punto de vista laboral e industrial, senón que tamén aspectos técnicos derivados de cando se asinaron diferentes documentos con respecto á recualificación do solo de Alfageme e polo tanto o tema das plusvalías que se xeraron para trasladar esa actividade.

Dito isto dicir tamén que a situación actual de Alfageme laboral e industrialmente é bastante coñecida nestes momentos: o persoal está sen cobrar a metade da paga de decembro, non cobrou o mes de febreiro; industrialmente non existe actividade en ningún dos catro centros que hai na provincia e en Vigo tampouco existe xa actividade produtiva dende o punto de vista da elaboración dende hai arredor de tres meses, derivado duns problemas sanitarios que nin a empresa nin a propiedade quixeron abordar, elementos sinxelos de emendar, pero a intención é facer entrar á fábrica de Alfageme en absoluto deterioro.

Dito isto e como saben, nós fixemos deferentes mobilizacións, manifestacións, folgas

en diferentes xornadas; dirixímonos a diferentes institucións, entre elas a Deputación ou o Parlamento de Galicia que ditou unha resolución de consenso de todos os grupos políticos apoiando os nosos pedimentos de mantemento do emprego.

Dicir que esta fábrica, e no seu conxunto a empresa, adquiriuse en decembro do ano 2006 polo grupo Promalar cuxo propietario é D. Juan Lago. Nós xa sabiamos daquela que efectivamente con isto o que se ía buscar era nada máis que a recualificación urbanística do solo de Alfageme e polo tanto, ó noso entender e co meu respecto para os presentes, un “pelotazo” urbanístico no Concello de Vigo.

Posteriormente xa a finais do ano 2007 iniciábase a operación da recualificación e chégase a un acordo pactado co Comité de Empresa de que se trasladaría esta actividade e polo tanto a creación dunha nova industria a un polígono dos novos que se marcaban no PXOM de Vigo e así se xerarían unhas plusvalías que permitirían e facilitarían que a empresa se instalara cunha nova planta e máis competitiva.

Como saben isto non se fixo e agora estamos na situación en que estamos e a día de hoxe non se cumpre ningún parámetro dos que se establecían.

Polo tanto nós entendemos que as plusvalías que se xeren, que se xeraron ou están nos diferentes documentos do Plan Xeral, ó non construír a fábrica entendemos que esas plusvalías a maiores pola súa non construción deberan pasar, non dicimos que á propiedade dos traballadores porque é algo difícil de explicar, senón que ou se chega a un acordo político que permita que alguén interesado en que se constrúa unha nova planta en Vigo e se manteñan os postos de traballo e polo tanto se lle permitan esas plusvalías que se xeran, ou pola contra terase que chegar a un acordo de que os novos propietarios, de seren outros, que non se beneficien desas plusvalías a custa da perda do posto de traballo dos traballadores e traballadoras de Alfageme e polo tanto a non creación de industria.

Por todo isto en primeiro lugar solicitámoslle ó Pleno, como xa fixemos na Deputación e no Parlamento, que se apoie ós traballadores, ó cadro de persoal de Bernardo Alfageme de Vigo na súa demanda de mantemento de emprego.

En segundo lugar pedimos que, diante do incumprimento da propiedade Bernardo Alfageme da construción dunha nova planta no Concello de Vigo ou limítrofes, aprobar o dereito das e dos traballadores de Vigo a que as plusvalías xeradas no solo de Vigo dedicadas á construción da nova planta pasen á propiedade e dereito dos traballadores actuais do cadro de persoal. Consideramos que estas plusvalías ascenden a 26.105.200 euros tal e como se desprende do informe xurídico sobre a

determinación do PXOM para o ámbito de A-3-21 Alfageme.

No terceiro punto pedimos que de se daren calquera negociación deste Concello con algún novo propietario, investidor, etc., que nesas xuntanzas estea presente a representación sindical que se coide oportuna do cadro de persoal de Alfageme.

SR. ALONSO PÉREZ: En primeiro lugar, dende o BNG queremos amosar o noso recoñecemento ós traballadores e traballadoras de Alfageme porque non sendo eles os responsables da crise, como nunca o son os traballadores, si son quen padecen as súas consecuencias e malia as sufrir gracias ás mobilizacións, a manter na rúa as súas xustas reivindicacións, as administracións tomamos nota e temos que tomar iniciativas para que esas xustas reivindicacións se teñan en conta.

Alfageme é unha das empresas punteiras no mundo das conservas de pescado, marisco e pratos preparados que leva ofrecido a catro xeracións de fogares máis de cen especialidades a través das súas marcas Miau, Peña, Eureka. Só na fábrica de Vigo hai arredor de 150 traballadores e traballadoras, a maioría traballadoras.

Por iso dende o BNG sempre fixemos como propias as súas reivindicacións tomando iniciativas no Parlamento Galego, na Deputación e nestes momentos temos que dicir que dende a tramitación do primeiro procedemento para a aprobación do anterior Plan Xeral, propúxose que os terreos vinculados ó desenvolvemento da actividade industrial de Alfageme puideran seren recualificados de uso industrial a uso residencial sobre a base sempre de varias esixencias: que a actividade industrial se mantivera na cidade de Vigo, que parte das plusvalías xeradas se aplicasen na adquisición e posta en marcha da nova nave e que as súas condicións anteriores se supeditaban tamén á consideración por parte do Plan Xeral de que os terreos fosen cualificados coma urbanos, sen necesidade de instrumento de planeamento secundario que os fixese viables.

En segundo lugar, no período de aprobación por parte da Xunta é cando xorde o problema de cualificación dos terreos que son obxecto de recualificación, xa que a Xunta se nega a aceptar que os terreos se declaren urbanos consolidados e por outra banda o desenvolvemento de Matamá-Valladares, polígono ó que se ía trasladar, non se materializaba e resultaba difícil prever a súa viabilidade nun futuro inmediato.

Deste xeito e ante as demandas de solución xustas dos traballadores e do Comité de Empresa asínase o 22 de novembro un novo documento entre o Comité de Empresa e a Dirección no que se reflicten os seguintes acordos básicos: Que o Comité de

Empresa acepta por un lado o traslado ó espazo que se puidera xestionar na área intermunicipal de Vigo, se manteña a totalidade dos postos de traballo e a súa capacidade produtiva e lémbrese de novo a necesidade de que se cualifique o solo como urbano consolidado; vincúlense ademais as plusvalías ó plan de empresa que fiscaliza o IGAPE pola concesión do aval financeiro. Neste documento resérvanse catro millóns de euros para posibles indemnizacións por despidos improcedentes no proceso, calculados sobre a base de 60 días por ano traballado.

Definitivamente o Plan Xeral por imposición da Xunta non puido consolidar ese solo coma urbano consolidado, o que dalgún xeito deixa incumprida unha das condicións do primeiro acordo. De todos os xeitos o proceso de urbanización dese solo produciría unhas plusvalías suficientes para poder continuar, de quereren, o plan de empresa inicialmente previsto, non co actual. En todo caso seguen vixentes os acordos de 2007 no relativo ós traballadores, xa que estes en ningún caso provocaron ou incidiron na súa rotura polo que entendemos que cando menos se deberían respectar os acordos indemnizadores ós e ás traballadores.

Se o proceso de viabilidade da empresa pasara pola necesidade de revisar os usos que se lle outorgan no Plan Xeral ós terreos de Alfageme, por parte deste grupo sempre apoiaríamos calquera cambio dirixido a manter a actividade industrial cando menos de parte dos terreos da actual empresa por considerar que estamos ante unha das empresas conserveiras con marca e produto máis recoñecido no mercado internacional. Entendemos que non se debería perder un proxecto empresarial desta envergadura.

Polo tanto dende o BNG dende sempre fixemos propias estas reivindicacións xustas dos traballadores e traballadoras de Alfageme e pensamos que nunca, en ningún caso, deben padecer as consecuencias doutros que nada máis que miran o terreo industrial como a especulación deses terreos. Os traballadores non son culpables da crise e polo tanto calquera indemnización ten que pensar nos traballadores e para nós, como grupo político, sempre estaríamos dispostos a que Alfageme tivera unha solución industrial no futuro.

SR. MARIÑO MENDOZA: Amosar en primeiro lugar unha vez máis o apoio a todos os traballadores da empresa como sempre fixo este grupo municipal e deixar moi claro que sempre imos estar ó seu carón na defensa dos postos de traballo e na defensa dos dereitos que teñen como traballadores.

Nestes momentos temos que seren claros, hai un problema, un conflito laboral moi importante e hai unhas plusvalías que se xeraron no seu día para o traslado da empresa e dar solución ós problemas eventuais que puidese haber con algúns traballadores. Esas plusvalías tiñan o único fin que era a defensa e mantemento dos postos de traballo e a indemnización para os que decidiran que non querían continuar. Está moi claro e está posto así. No documento que nos achega o Comité de Empresa queda moi claro, tal como di o informe xurídico que se lles facilitou hai algún tempo, que existe unha plusvalía de 26 millóns de euros para o traslado da empresa. Esa plusvalía está colocada aí e existe un beneficio na parcela e un equilibrio entre beneficios e cargas.

De non se chegar a acordo cos traballadores e non efectuar o traslado, sobre todo de non chegaren a un acordo co Comité de Empresa e cos traballadores, este grupo municipal sempre apoiará todo o que defendan os traballadores e tal como falamos nas últimas reunións se retirarían os beneficios. Eses beneficios colocáronse aí por algo moi claro, para dar unha solución a un conflito laboral que existe nestes momentos na empresa, se non é mediante un traslado é mediante unhas indemnizacións. De non seren así, de non chegaren a propiedade a un acordo cos traballadores, se lle retirarían os 26 millóns de euros que hai de plusvalías para este concepto.

Dende logo que non imos permitir que ninguén leve o que non é de seu. Ese diñeiro non se colocou aí por beneficio da parcela senón por unha cuestión empresarial de continuidade dunha factoría que leva moitos anos arraigada nesta cidade e polo tanto o noso máis sincero e claro apoio a todos os traballadores da empresa Alfageme e deixar moi claro que de non levar a cabo ese acordo retiraríanse as plusvalías que se colocaron na ficha única e exclusivamente para isto. Non imos permitir que ninguén se ría dos traballadores e tente levar o que non é de seu.

Repito, o noso máis sincero apoio e colaboración como sempre tivemos e reunímonos innumerables veces co Comité de Empresa e con todos os traballadores.

SR. FIGUEROA VILA: O noso grupo hoxe amósase satisfeito diante das declaracións tanto do BNG como do Partido Socialista porque xa era hora que neste tema se engadiran á denuncia, ós pedimentos que levamos facendo dende hai un ano e medio.

A miña intervención hoxe é moi fácil. O 16 de febreiro do ano 2009 este grupo

municipal presentou unha moción a este Pleno que se debateu o 23 de febreiro do ano 2009 e vou ler a miña intervención nese Pleno de hai un ano e dous meses: “Alfageme era un ámbito que estaba no Plan Xeral como solo industrial. Un día os redactores do Plan Xeral e a comisión de seguimento constituída por representantes de todos os grupos políticos formuláronnos unha posibilidade presentada pola propiedade e polos sindicatos; era que en aras de mellorar a zona industrial e de buscar unha solución para os sectores industriais, como había a posibilidade de que a Zona Franca desenvolvera o polígono de Matamá-Valladares, esa conserveira se trasladara a ese polígono de Matamá-Valladares. Esa foi unha proposta que se fixo por iniciativa de todos os sindicatos mesmo por escrito e pola mesma propiedade de Alfageme.

Fíxose un estudo económico desa proposta consensuándose e déuselle unha clasificación de solo urbano consolidado coa posibilidade tamén de reutilización e de mantemento do edificio catalogado”. Estabamos a falar dunha parcela de 13.953 m2 onde se autorizaba unha parte residencial e a catalogación e reutilización dese edificio coa posibilidade de rehabilitación para un museo da conserva que se diferiría ó Concello de Vigo.

“Tramitouse na aprobación inicial do Plan Xeral cunha serie de condicionantes, entre eles evidentemente que os postos de traballo e a conserveira se mantivesen na cidade de Vigo. Remitiuse toda a documentación á Xunta de Galicia e a Consellería dinos que ese solo non se pode clasificar como urbano consolidado, senón que se ten que clasificar como urbano non consolidado. Vostedes fixeron unha serie de correccións pero o curioso é que non tocaron este tema, corrixiron outros pero non este. Remitírono outra volta á Xunta de Galicia como solo urbano consolidado.

A aprobación parcial do Plan Xeral en maio de 2008 repítenos que ese solo non pode ser urbano consolidado, senón que ten que ser solo urbano non consolidado. Que nós saibamos a día de hoxe non hai ningunha información pública do que vostedes están facendo con esta parcela, pero o que si nos preocupa é o anuncio da empresa de que se vai trasladar a outro concello da comarca do Sanlés e de que os postos de traballo van desaparecer.

A empresa está dicindo que os postos de traballo non se van manter na cidade de Vigo e o alcalde, como sempre, bótalle a culpa ó PP, di que ten a culpa de que esta empresa se marche logo de ano e medio sen estar no goberno e logo da súa proposta do Plan Xeral.

Pedimos en primeiro lugar saber a situación da parcela porque xa pedimos un informe e dinnos que a día de hoxe esa parcela remítese ó Plan Xeral do ano 1993, é dicir, mantén o solo industrial e as zonas verdes. Nós queremos facer unha proposta concreta que diga, como se acordou cos traballadores, cos sindicatos e coa propiedade, que se non hai un compromiso firme, articulado e garantido de que eses postos de traballo se manteñen na cidade de Vigo, que non se faga a recualificación desta parcela. É algo moi sinxelo e moi básico.

Nós seguimos mantendo que os postos de traballo queden na cidade de Vigo, que se faga a recualificación parécenos unha boa solución, sexa como solo urbano consolidado ou non consolidado, pero en calquera caso e baixo ningún pretexto, se non hai ningún compromiso firme que garanta que eses postos de traballo e a conserveira queden na cidade de Vigo como foi o acordo inicial, evidentemente que non se faga a recualificación”.

Non teño nada máis que engadir. Creo que está perfectamente clara cal era a nosa proposta o 23 de febreiro do ano 2009 no Pleno da Corporación do Concello de Vigo. Chamóusenos de todo, díxose que eramos alarmistas, que non habería ningún problema, que habería defensa dos traballadores, que estes ían manter os postos de traballo na cidade de Vigo, que a Zona Franca desenvolvería o polígono de Matamá-Valladares; durante ano e medio díxosenos de todo, mesmo nos insultaron. Isto é para o que serve a política moitas veces: hoxe síntome moi reconfortado porque o noso grupo foi coherente, mantivo un criterio dende o principio ata o final e aquí constan as nosas declaracións do 23 de febreiro do ano 2009 no Pleno e que loxicamente lle imos remitir ós traballadores e ós sindicatos para que saiban cal é a nosa postura. Insisto en que falo do 23 de febreiro do ano 2009, hai un ano e dous meses, cando comezaban os conflitos.

Nós sempre dixemos que había que manter os postos de traballo na cidade de Vigo, que había que trasladar á empresa ó polígono de Matamá-Valladares, pero evidentemente non se fixo absolutamente nada; mesmo se lle invitou ó goberno a que tomase algunha decisión e nalgunhas declaracións o goberno díxonos que era ilegal un convenio coa industria tal e como o presentaba o PP. Agora mesmo intentan propoñer o que non fixeron hai un ano e dous meses.

Nós non temos máis que engadir. Coido que coa proposta feita hai un ano e dous meses vese a coherencia dos grupos políticos. Dende logo nós temos a conciencia moi tranquila, temos a tranquilidade dun traballo ben feito e hoxe sentímonos moi

reconfortados pola nosa posición daquela, evidentemente que non pola situación que están a padecer os traballadores, porque de actuaren hai un ano e pico, cando nós fixemos esta proposta, estaríamos noutro escenario e noutra situación de forza que agora mesmo seguramente non temos.

A PRESIDENCIA: Seguindo o sentir político das tres intervención e por proposta dos traballadores vou someter a votación coma unha declaración do Pleno da Corporación os tres puntos. O primeiro de apoio ós traballadores de Alfageme; segundo de aprobación do dereito dos traballadores a recibir as plusvalías xeradas polo solo dedicadas á construción da nova planta, que pasen á propiedade dos traballadores e a terceira que en calquera negociación estea presente o Comité de Empresa de Alfageme. A redacción sería exactamente a mesma que se solicita por parte do Comité de Empresa, os mesmos tres puntos do documento que enviaron.

Sometemos a votación polo tanto unha declaración política consistente nos tres puntos que nos envía o Comité de Empresa.

Moitas grazas ó Sr. Piñeiro pola súa comparecencia perante este Pleno da Corporación.

Durante o curso da súa intervención o Sr. Fernández Piñeiro formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo e que a Presidencia somete a votación.

(Está ausente o Sr. González Sagarra).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

O Pleno da Corporación aproba a seguinte declaración política:

Primeiro.- Apoiar as/os traballadoras/es de B. Alfageme de Vigo na súa demanda de mantemento de emprego.

Segundo.- Ante o incumprimento da propiedade de B. Alfageme da construción dunha nova planta no Concello de Vigo ou limítrofes, aprobar os dereitos das/os traballadoras/es de Vigo a que as plusvalías xeradas no solo de Vigo adicadas á construción da nova planta, pasen á propiedade e dereito das/os traballadoras/es actuais do cadro de persoal. Estas plusvalías consideramos que ascenden a

26.105.200, tal e como se desprende do informe xurídico sobre as determinacións do PXOM para o ámbito A-3-21 Alfageme.

Terceiro.- En calquera negociación do Concello, caso de darse con entidades financeiras, outras administracións, compradores, etc., debe estar presente unha representación sindical de Vigo acompañada dos seus asesores sindicais, etc.

3.- (42).- RENUNCIA DO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GONZÁLEZ SAGARRA.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 1 de marzo de 2010, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, don Javier Pablo González Sagarra renuncia ao seu cargo de concelleiro.

A PRESIDENCIA: Tomamos nota da renuncia e desexámoslle os maiores éxitos na súa actividade profesional, razón pola que presenta esta renuncia e abandona este Pleno. Agradecémoslle os dous anos e medio de traballo neste Pleno e reiteramos os nosos mellores desexos na súa actividade profesional.

Ao abeiro do sinalado nos arts. 182.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, 223.4 da Lei Autonómica 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 9.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e en función do previsto na Instrución do 19 de xullo de 1991, da Xunta Electoral Central sobre relevo de cargos representativos locais,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Tomar coñecemento do escrito de renuncia presentado.

Segundo.- Comunicar o presente acordo á Xunta Electoral Central ao obxecto de que se proceda ao relevo do Sr. concelleiro citado conforme ao disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, debendo para estes efectos expedir e remitir a esta Corporación a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato/a ao que corresponde cubrir a vacante producida.

Terceiro.- Indicar á Xunta Electoral Central que, a xuízo desta Corporación, a candidata que debe cubrir a vacante producida é D^a. Begoña Romero Rodríguez, DNI

núm. 39.456.558-N, co número 19 da lista electoral presentada polo Partido Popular ás últimas eleccións municipais.

Cuarto.- Remitir urxentemente certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central para os efectos de que ese órgano electoral teña coñecemento desta circunstancia e actúe en consecuencia.

4.- (43).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións da Alcaldía entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de febreiro e o 22 de marzo de 2010.

5.- (44).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellarías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de febreiro e o 22 de marzo de 2010.

6.- (45).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- a) Decreto de data 18.02.10 de delegación das funcións de Alcalde-Presidente en don Santiago Domínguez Olveira.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 18 de febreiro de 2010, a Alcaldía-presidencia ditou a seguinte resolución:

“Estando prevista a ausencia desta Alcaldía para atender a asuntos institucionais fóra do termo municipal, dende as 22.00 horas do día 21 de febreiro ata as 18.00 horas do día 22 de febreiro do ano en que andamos, e considerando o decreto de data 5 de xullo de 2005 nomeando Tenente de Alcalde a D. Santiago Domínguez Olveira.

Vista a regulación contemplada no artigo 125 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 21 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación

RESOLVO

Primeiro.- Que o Tenente de Alcalde, D. Santiago Domínguez Olveira, exerza por delegación a totalidade das funcións de Alcalde-Presidente dende as 22.00 horas do día 21 de febreiro ata as 18.00 horas do día 22 de febreiro do ano en que andamos, manténdose no exercicio do cargo de Alcalde accidental durante dito período.

Segundo.- Que se notifique a todas as áreas municipais e se proceda a dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se realice, ordenando a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo dos seus efectos nas datas indicadas.”

- b) Decreto de data 10.03.10 de nomeamento de secretario da comisión informativa de Medio Ambiente.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 10 de marzo de 2010, a Secretaria xeral do Pleno formulou a seguinte proposta:

De conformidade co sinalado no art. 13.2 do RD 1174/1987, do 18 de setembro, propónse á Alcaldía que, por delegación da Secretaría do Pleno, as funcións que corresponden á secretaria na comisión informativa de Medio Ambiente sexan desenvolvidas por D. RAMÓN HERMIDA- CAHALVITE VÁZQUEZ, en substitución de D^a María Blanco Rodríguez, quen as viña exercendo ata a data.

Os secretarios delegados custodiarán dende o momento da convocatoria a documentación íntegra dos expedientes incluídos na orde do día da reunión que quedará a disposición dos membros da comisión que a desexen examinar. Así mesmo levantarán acta das reunións someténdoa a aprobación ó comezo da reunión seguinte.

Os certificados dos informes e ditames transcribirán integramente o informe-proposta que, emitido polo xefe da dependencia correspondente, conste no expediente, se prexuízo das emendas ó mesmo acordadas no seo da comisión. O expediente completo do certificado indicado remitirase á dependencia da Secretaría Xeral do Pleno (Xefatura de Negociado de Actas) ó día seguinte á realización da reunión.

Desta proposta a Alcaldía-Presidentencia dará conta ó Pleno da Corporación e

S. Ordinaria 22.03.10

trasladarase o seu contido ás persoas interesadas.”

Na mesma data do 10 de marzo a Alcaldía-Presidencia resolveu de conformidade coa anterior proposta.

- c) Decreto de data 12.03.10 de delegación na concelleira Sra. Abelairas Rodríguez.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 12 de marzo de 2010, a Alcaldía-presidencia ditou a seguinte resolución:

De conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, do 28 de novembro, esta Alcaldía-Presidencia

RESOLVE:

Primeiro.- Delegar na Concelleira Delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, D^a Isaura Abelairas Rodríguez, as atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución dos seguintes asuntos:

- Expediente de contratación das obras de rehabilitación de edificio situado na rúa Tomás Alonso nº 78 para escola infantil municipal.
- Expediente de contratación das obras de rehabilitación de edificio situado na rúa Casiano Martínez para escola infantil municipal.
- Expediente de contratación de acondicionamento das instalacións municipais da ETEA.

Segundo.- Esta delegación de atribucións, de conformidade co sinalado no artigo 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, terá efecto dende o día seguinte ao da data deste Decreto, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se publicará na rede Intranet ó obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas.”

Das anteriores resolucións a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

- 7.- (46).- SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE DA MESTRA DE DEBUXO DA ESCOLA DE ARTES E OFICIOS D^a RUT MARTÍNEZ LÓPEZ DE CASTRO. EXPTE. 209/13.

S. Ordinaria 22.03.10

A presidencia manifesta que se retira o presente expediente da orde do día para mellor estudo por mor dun informe da Secretaria Xeral do Pleno.

VOTACIÓN DA RETIRADA DA ORDE DO DÍA: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Retirar o presente expediente da orde do día para mellor estudo.

8.- (47).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE VIGO DE APOIO Á PROPOSTA DO PARLAMENTO EUROPEO DE DECLARAR O 22 DE FEBREIRO COMO DÍA INTERNACIONAL DA IGUALDADE SALARIAL ENTRE HOMES E MULLERES.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, na súa sesión que tivo lugar o día 17 de marzo de 2010, por unanimidade, acordou propoñer ó Pleno da Corporación a aprobación da seguinte declaración:

“A Resolución do 3 de setembro de 2008 do Parlamento Europeo sobre a igualdade entre homes e mulleres, no seu punto 14, pide ás institucións comunitarias e aos Estados membros que declaren o día 22 de febreiro Día Internacional da Igualdade Salarial.

O motivo da elección desta data é porque se considera o día ata o que deberían traballar as mulleres europeas para equiparar os seus salarios aos dos homes en doce meses. É dicir, o salario dun home en doce meses é igual ao salario dunha muller en doce meses máis un mes e vinte e dous días. Unha conta moi gráfica para entender a discriminación laboral.

Na citada resolución recoñécese que as diferenzas de retribución laboral son un signo da persistencia das disparidades tanto cualitativas como cuantitativas entre mulleres e homes.

Segundo datos do informe EUROSTAT 99/2008 titulado “*Las desigualdades de género, cada vez más estrechas en la UE*”, que estuda as tendencias do mercado de traballo entre 2000 e 2007, ponse de manifesto que as mulleres europeas están mellor formadas que os homes, pero, con todo, a súa incorporación ao mercado laboral é menor e padecen unha maior precariedade laboral.

No Cumio de Mulleres no Poder organizado en Cádiz pola Presidencia española da UE, todas as ministras de Igualdade dos Estados membros puxeron de manifesto os eu

S. Ordinaria 22.03.10

empeño na loita contra a desigualdade salarial: «a brecha salarial oscila entre o 4% e o 30% en función dos distintos Estados membros, algo incompatible coa Europa do século XXI, que non pode seguir discriminando a metade da súa poboación». Todos os acordos alí acadados quedarán recollidos na Declaración de Cádiz, un texto de consenso para relanzar publicamente a loita pola igualdade de dereitos entre homes e mulleres.

As mulleres convertémonos no rostro da economía mergullada, dos contratos a tempo parcial, da tripla xornada de traballo, dos despedimento por embarazo e maternidade ou polas dificultades para conciliar a vida persoal e laboral. Os salarios de homes e mulleres son diferentes: en 2009, o salario medio dunha traballadora galega representaba o 75% do dun home. Esta realidade constatada aquí non difire do que sucede en Europa, aínda que Galicia e España están entre os países cunha taxa máis alta en canto a diferenzas salariais.

Consideramos imprescindible que a fenda salarial, resultante desta situación, se erradique, posto que a independencia das mulleres e dos homes depende, para nós, de ter autonomía económica.

Somos conscientes de que estamos a vivir unha situación económica complexa e global, e por este motivo reclamamos avances en materia de igualdade salarial que corrixan as desemeallanzas e que eviten que esta crise repercuta máis nas persoas con peores condicións laborais e salariais. Parécenos oportuno que dende as institucións se unan as nosas vontades para loitar contra unha inxustiza histórica que non debemos seguir permitindo.

O 22 de febreiro debería facernos reflexionar, non só sobre o que cobran as mulleres fronte aos homes, senón tamén sobre o modelo de sociedade en que vivimos e que seguimos a construír, apoiado no traballo non remunerado das mulleres. Modelo que está en crise pola demanda das propias mulleres que reclaman o seu dereito a un traballo, a un salario e a ter un desenvolvemento profesional en igualdade de condicións cos homes, por suposto con avances tanto públicos como particulares na aplicación da corresponsabilidade, como a mellor medida —xunto con equipamentos públicos axeitados para a atención de pequenos e maiores dependentes— para a incorporación e permanencia en igualdade dos homes e das mulleres ao mundo do traballo.

Por todo o exposto, o Concello de Vigo apoia por unanimidade da súa corporación a proposta do Parlamento Europeo de declarar o 22 de febreiro como Día Internacional da Igualdade Salarial entre Homes e Mulleres.”

A Secretaria Xeral do Pleno Procede a ler o texto da declaración institucional asinada polos tres grupos municipais que se transcribe nos antecedentes deste acordo..

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a declaración institucional do Concello de Vigo de apoio á proposta do Parlamento Europeo de declarar o 22 de febreiro como Día Internacional da Igualdade Salarial entre Homes e Mulleres, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, todos os asistentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

CUESTIÓN DE ORDE.- SRA. LARRIBA LEIRA: Para reclamar unha documentación solicitada trala moción presentada o 25 de agosto de 2009, información relacionada coa documentación da biblioteca pública do Estado. Dende o Grupo municipal do Partido Popular queremos dicir que aínda hoxe non temos ó noso dispor esa documentación.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, tomada nota.

9.- (48).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO QUE A CORPORACIÓN EXPRESE O SEU APOIO Ó MANIFESTO "GALICIA TEN DEREITO". DOC. 100031876.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 4 de marzo, número 100031876, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

"Estamos asistindo a un proceso de reordenación bancaria, impulsado polo Banco de España e o goberno central, que implica o risco de que Galiza perda as súas caixas de aforro pola deslocalización dos seus centros de decisión e que estas entidades de carácter social se transformen en entidades financeiras privadas.

Fronte a este risco, as institucións galegas de autogoberno reaxiron. O Parlamento galego adoptou por unanimidade o acordo de establecer como prioridade o mantemento da galegitude das caixas, a súa solvencia e a necesidade de tramitar por urxencia a reforma da Lei galega de Caixas.

O Parlamento de Galicia aprobou por ampla maioría unha reforma da Lei de Caixas que democratiza estas institucións, fai a súa xestión máis transparente, reforza as facultades do autogoberno para defender o sistema financeiro propio e supervisar a actuación das caixas e que garante que estas entidades sexan efectivamente alavancas de desenvolvemento da economía produtiva do país.

A resposta do Goberno central a este acto de afirmación do autogoberno galego non pode ser máis desalentadora: presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Caixas de Galicia que implica a paralización da súa aplicación nun momento decisivo, o que pode colocalas na situación idónea para que sexan absorbidas por entidades foráneas.

Sen a fusión das dúas caixas galegas, Galicia ficaría sen sistema financeiro propio, perdendo un dos principais instrumentos para o seu desenvolvemento económico.

Conscientes da gravidade da situación, manifestamos:

1.- Galicia ten dereito a ter un sistema financeiro eficiente ao servizo do país, regulado polo seu Parlamento, como expresión do autogoberno. É vital, por tanto, preservar a Lei de Caixas de Galicia.

2.- Galicia ten dereito a que o Estado respecte o autogoberno galego. Que non nos dean tratamento de autonomía de segunda, cuestionando a constitucionalidade da lei galega, se non se fixo coa vasca, a catalá ou a andaluza. Por que se recorre a nosa e non a deses outros territorios? O Goberno central debe reconsiderar o asunto e aceptar que as institucións galegas de autogoberno, dentro do marco de competencias vixente, teñen capacidade para dotarnos do marco xurídico que se considere máis acaído para defender os intereses de todas as galegas e galegos, como ordena o Estatuto de Autonomía de Galicia.

3.- Galicia ten dereito a propiciar a fusión das súas caixas. O goberno central tamén debe aceptar que as institucións galegas teñen tanto dereito como as de calquera outra Comunidade Autónoma para impulsar unha fusión dentro do país, cando se cumpren as mesmas condicións. Galiza ten dereito a preservar e garantir a galegitude das caixas galegas coa súa fusión. Unha fusión paritaria, da que xurda unha Caixa solvente como mellor garantía para os seus traballadores, os impositores e todas e todos os galegos.

Está en xogo boa parte do noso futuro, a dignidade do noso autogoberno e preto de 80.000 millóns de euros en activos, isto é, a maior parte do aforro das galegas e dos galegos. Está en xogo que ese aforro se invista aquí ou se desvíe cara a financiar o desenvolvemento doutros territorios.

Galicia debe defender o seu. Ten dereito.

Por todo isto o Grupo Municipal do BNG propón ante o Pleno que a Corporación Municipal exprese o seu apoio ao manifesto Galicia ten dereito.”

A comisión informativa de Xestión Municipal en sesión do 15 de marzo, ditaminou

S. Ordinaria 22.03.10

favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Quero adiantar que esta moción, dada a importancia que eventualmente ten, vai seguir o seguinte sistema de debate: intervira primeiro o proponente do Grupo municipal do BNG durante dez minutos; intervira o Grupo do Partido Popular durante dez minutos; o Goberno dez minutos; o grupo proponente cinco minutos; o Partido Popular cinco minutos; o Goberno cinco minutos e pechará o grupo proponente do BNG con tres minutos.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, cuestión de orde. Estamos sempre co mesmo, está cambiando continuamente a orde de intervencións segundo lle interese á Presidencia. Se presenta a moción o proponente o lóxico é que sexa de menor a maior coma sempre. Vostede toma decisións segundo coida máis oportuno, pero a nós non nos parece que sexa o máis axeitado. Coido que hai un borrador de regulamento do que nós xa lle mandamos as nosas propostas pero non o queren debater.

Non iamos comentar algo que é grave e que hoxe sucedeu outra vez neste Pleno pero dende xaneiro hai unha petición da Federación veciñal que, lle guste ou non ó goberno, é unha entidade importante na cidade e este é o segundo Pleno consecutivo no que se lle nega a intervención.

Agora cambia a orde de intervencións e non nos queda máis remedio que o aceptar pero non estamos de acordo con que se modifique continuamente a orde das intervencións segundo lle interese ó alcalde.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, nós temos un sistema habitual de debates de mocións e voulle explicar por que cambiei este criterio.

O sistema habitual é que interveña o grupo proponente, respóndelle o goberno, intervén o grupo restante, o grupo proponente, o goberno e pecha o grupo proponente.

Neste caso e dado que o grupo maioritario son vostedes, parecíame que era mellor darlle unha segunda intervención e polo tanto, en troques dunha intervención de dez minutos, que é o tempo que ten o grupo que non propón a moción, vai ter unha de dez minutos e unha segunda de cinco. Polo tanto este cambio que está proponendo a Presidencia é para evitar que o Partido Popular quede nesta moción cunha soa

intervención que é o sistema habitual que estamos utilizando como a secretaria pode certificar. En consecuencia o que estamos a facer é darlle ó Grupo Popular unha segunda intervención á que habitualmente o grupo que non propón a moción non ten dereito.

Verá vostede que no resto das mocións propostas polo Grupo Popular contestará o goberno e o grupo non propoñente só fai unha intervención. Esta é a razón pola que esta vez o facemos por este sistema, para evitaren que o Grupo popular quede só cunha intervención.

Con respecto á seguinte cuestión que presentaba quérolle dicir que o costume deste Pleno é facer unha intervención cando hai solicitudes dalgún colectivo da cidade e, por razón de urxencia e da importancia do tema que acabamos de tratar, a Xunta de Voceiros fíxome a proposta de que lle déramos prioridade á empresa Alfageme, deixando a intervención da presidenta da Federación veciñal para o seguinte Pleno.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Non vou utilizar dez minutos, vou seren máis breve porque creo que esta moción que presenta o Bloque Nacionalista Galego é moi sinxela e vouna explicar tamén dese xeito, o máis sinxelamente posible.

Traemos aquí esta moción para que a Corporación municipal exprese o seu apoio a un manifesto que hai uns meses se asinou pola representación maioritaria da cidadanía galega no sentido que se asinou polos tres sindicatos máis representativos de Galicia, por dúas forzas políticas que forman o Parlamento galego, pola Confederación de Empresarios Galegos e por diversos colectivos que a día de hoxe se seguen engadindo a este manifesto.

Este manifesto di tres cousas e por iso non me vou estender moito máis. A primeira é que Galicia, que é o noso País e Vigo que é a nosa cidade, teñen dereito ó igual que os cataláns, os vascos e os andaluces a decidir sobre o noso sistema financeiro.

A primeira cousa que di este manifesto é que Galicia non ten por que ser diferente do que son outros territorios do Estado español e que polo tanto se nos debe deixar ós galegos e galegas, a través da nosa representación política democraticamente elixida, que poidamos elixir sobre o futuro financeiro. Exactamente igual que puideron facer os vascos coa súa lei de caixas, os andaluces ou os cataláns cunhas leis que non se recorreron polo Estado como a galega.

En definitiva, o que di o manifesto é o que o BNG ven defendendo dende a súa creación, que Galicia ten dereito a ter un autogoberno e a poder decidir o seu futuro

ó igual que o están facendo outros territorios do Estado español. Isto non o dicimos nós, dio un texto de lei que se aprobou por todas as forzas políticas, o Estatuto de Autonomía di claramente que Galicia ten competencia para decidir o futuro financeiro, neste caso dunhas caixas. Pero parece ser que a Constitución española non avala o Estatuto de Autonomía cando se intenta recorrer unha lei na que o Parlamento galego ten absoluta competencia.

Isto é o que di a grandes trazos o manifesto. Queremos ter capacidade de decidir sobre o noso sistema financeiro e repito que o Parlamento galego, lexitimamente elixido, ten que ter a capacidade de incidir naquela solución que considere o propio Parlamento que debe ser a mellor para respectar algo no que todos os grupos políticos sen excepción, polo menos os que formamos esta Corporación, estabamos de acordo: en manter a galeguidade das caixas e que o poder de decisión económico-financeiro se mantivera en Vigo e en Galicia.

Isto é o que di o manifesto que trae hoxe aquí o BNG, que se deixe que o Parlamento galego decida, que incida sobre o instrumento que considere mellor para futuro financeiro deste país.

SR. FIGUEROA VILA: Creo que este tema xa o debatemos en profundidade neste Concello. Dende logo nós estamos de acordo con este manifesto na súa totalidade, manifesto que nós tamén presentamos neste Concello e que nos parece que é recoller un pouco as inquietudes dunha maioría social e parlamentaria. Son importantes os dous conceptos e eu falo de maioría parlamentaria porque dous grupos, BNG e Partido Popular, o apoiaron e tamén unha maioría social porque aquí está o apoio dos sindicatos e dos empresarios. Coido que isto reforza claramente a posición do noso grupo.

Con este manifesto pretendemos trasladarlle á cidadanía a posición de que Galicia e Vigo teñen algo que dicir no sistema financeiro galego e español, sobre todo con dúas premisas importantes que son a solvencia e a galeguidade. Ademais aquí si que xa hai un acordo parlamentario por unanimidade que di claramente que as premisas irrenunciáveis deben ser a solvencia e a galeguidade.

Nós entendemos que o mellor para o sistema financeiro galego é que se leve a cabo a fusión das dúas caixas galegas. Esta postura do Partido Popular na cidade de Vigo está perfectamente xustificada e argumentada con criterios técnicos, sociais e políticos.

Xa dixemos e así se desprende de todos os informes de expertos financeiros, que as dúas caixas galegas non poden continuar a súa xestión en solitario.

Polo tanto nós entendemos, ó igual que xa se falou aquí, que se os cataláns teñen dereito a buscar entendementos e alianzas estratéxicas coas súas caixas, ó igual que os andaluces e vascos, nós tamén temos ese dereito como galegos de ter unha caixa forte, solvente e unha caixa que reforce o sistema financeiro tanto vigués como galego. Dixemos claramente que queremos unha fusión igualitaria e paritaria e así o defendemos dende o primeiro día. Esta é unha postura coherente que vimos mantendo dende o primeiro día.

Esperemos que dende outras institucións coma o Banco de España ou o propio goberno do Estado deixen facer o seu traballo ós galegos, ós representantes da nosa comunidade elixidos democraticamente polo pobo e ó final deixen facer un traballo rigoroso e técnico que nos conforme como unha comunidade con criterio que poida manter o seu sistema financeiro e onde Vigo se poida ver reforzado con esa posible fusión.

Ese é o espírito deste manifesto. Poderíamos entrar noutros temas, hai moitas informacións nos medios de comunicación que falan de SIPs, de alianzas estratéxicas, de presións, fornecementos ou matizacións por parte do Banco de España, pero dende logo que nós como grupo político imos seguir mantendo o noso criterio de dicir si á fusión, a unha fusión igualitaria e paritaria entre as dúas caixas e que Galicia poida reforzar o seu sistema financeiro e polo tanto tamén a cidade de Vigo.

Esa é a postura do noso grupo, non hai moitas máis novidades con respecto ó que xa dixemos. Poderíamos repetir o noso discurso, dicir por que chegamos a esa conclusión, pero o importante no día de hoxe é apoiar ese manifesto que, repito, ten un apoio social maioritario onde están dous dos tres grupos políticos do Parlamento, os tres sindicatos importantes con maior representación en Galicia e por suposto tamén os empresarios.

Con estes avais reafirmámonos na postura que vimos mantendo dende hai xa bastantes meses.

A PRESIDENCIA: En Vigo as ideas e os posicionamentos sobre a fusión e as súas consecuencias son claras, coñecidas e reiteradamente manifestadas. En primeiro lugar nun pleno do Consello Social onde maioritariamente todos os membros do

Consello decidiron e apoiaron unha declaración que consistía en manter, reclamar e desexar que dende a Xunta de Galicia se permitira a Caixanova seguir co seu proxecto financeiro, solvente, galego e con capacidade para subsistir. Esta idea política avalada no Consello Social coas únicas oposicións do Partido Popular, o Bloque Nacionalista e a CIG, marca unha tendencia nas posicións da cidade.

Ulteriormente Vigo saíu á rúa o 9 de febreiro e manifestou a súa opinión de forma clara, manifesta, nun rotundo non á fusión das caixas de aforro. Porque a razón avala ese non, porque debo dicir aquí na solemnidade deste Pleno que xa estamos nun novo escenario, xa todos sabemos cales son as situacións nas que están as institucións financeiras de Galicia e xa todos sabemos que a permanencia e galegitude de caixas de aforro pasa indeclinablemente por Caixanova. A garantía de galegitude do sistema financeiro galego está ancorada en Caixanova. A estas alturas este é un dato que avala a súa solvencia, os seus ratios de solvencia, de Tier e de Corcapital. Todos os datos obxectivos sinalan a capacidade de Caixanova de saír desta crise con solvencia, capacidade, independencia e con mantemento da súa personalidade xurídica como Caixanova e o seu domicilio social en Vigo.

Este é o dato relevante que este Pleno ten que debater. É o dato de que cada vez imos coñecendo máis información porque a medida que o tempo vai transcorrendo fomos coñecendo cal é a situación das entidades financeiras. Estes son os datos claves cando se fala de entidades financeiras: como se atopa cada unha delas. Isto é inevitable porque para garantir a galegitude dun proxecto financeiro de caixas de aforros en Galicia hai que usar un nome: Caixanova. É Caixanova a entidade que está en condicións de garantir a existencia de polo menos unha caixa de aforros galega e a máis con sede en Vigo.

Remítome outra volta ós datos porque cando se fala de entidades financeiras hai que ir ós datos, saber como estamos, e así temos que o ratio de solvencia de Caixanova é o que a caixa fusionada acadaría de iren todo óptimo no ano 2015; ratio de Tier, neste momento o mesmo de Caixanova que de ir todo optimamente conseguiría a caixa fusionada no 2015 e Corcapital por riba dos estándares internacionais.

Pero agora temos máis datos porque coñecemos as taxas de beneficio porque no último mes se fixeron públicos os resultados que non se poden escapar: taxa de Caixanova 0,56 e taxa doutra entidade financeira 0,2. E non quero seguir entrando aquí, coido que aquí debemos deixar esta discusión e non seguir afondando nestes datos que se fixeron públicos polas entidades financeiras.

Pero hai máis, Caixanova ten tamaño suficiente para aguantar co seu nome e coa súa personalidade xurídica. Ten o mesmo tamaño que o Banco Pastor e ninguén ten dúbidas de que o Banco Pastor pode continuar, que Caja Sol, que unha das caixas fusionadas en Castilla-León, que unha das caixas fusionadas en Cataluña, máis cas dúas caixas de Extremadura xuntas e van separadas, máis tamaño que cada unha das tres caixas do País Vasco e quedan separadas. Por que se respecta a decisión das caixas de aforro do País Vasco de non se fusionar e se lle quere obrigar a Caixanova a seren absorbida por Caixa Galicia? Por que hai unha mensaxe que se utiliza no País Vasco e alí poden permanecer as tres caixas separadas e en Galicia non? Pero sobre todo, por que non se respecta a decisión de Caixanova de continuar o seu futuro? Por que non se deixa que os órganos lexitimamente elixidos en Caixa Nova, por certo unha parte neste Pleno por unanimidade hai escasamente un ano, sigan tomando as súas decisións? Por que non se deixa que aseguren, como o están facendo e fixeron ata agora, dende Caixanova a galeguidade dunha caixa de aforros?

Porque este é o dato relevante. O dato é que Caixanova garante a galeguidade. O dato é que seguimos sen coñecer a famosa auditoría que o Sr. Núñez Feijóo encargou e que nunca saíu do seu caixón. Encarga unha auditoría de caixa fusionada e ata agora non a coñece absolutamente ninguén. A día de hoxe, neste momento Caixanova non coñece esa auditoría. Como se vai avalar unha fusión só coa palabra de que hai unha auditoría que ninguén coñece? Saben por que non se coñece? Porque esa auditoría di a verdade, di que non é posible. Esa é a razón pola que non se coñece esa auditoría, pola que leva dous meses agochada nun caixón porque esa auditoría ten tal nivel de salvidades que di que non é posible. Di máis, di que Caixanova aguanta.

Por iso estamos neste debate e por iso se cambia unha lei, porque os órganos de goberno actuais de Caixanova en defensa deste territorio e desta cidade dixeron que non á fusión e como dixeron que non á fusión, exactamente igual que o Consello Social e que a cidade de Vigo, cambiamos os órganos de goberno de Caixanova. É un sistema democraticamente perfecto e por certo, se os seguintes seguen a dicir que non, volverémolos cambiar? E así ata que chegue un órgano de goberno de Caixanova que diga que si ás pretensións do Sr. Núñez Feijóo.

Saben que significa esa declaración expresa do Sr. Núñez Feijóo e este alcalde vaino levar ós tribunais cando chegue o momento? Que a lei é inválida porque os cargos das caixas de aforros non son revogables en función da súa opinión, non poden ser

revogados porque non obedezan ós reitores políticos. É unha lei manifestamente inconstitucional e eu xa adianto que aínda quedan dez puntos que este alcalde vai recorrer, dez motivos de inconstitucionalidade adicional porque este Concello, este Pleno é literalmente varrido dos órganos de goberno das caixas de aforro e é así porque o que de aquí sae é para defender (ata agora, agora variou) a esta cidade e á entidade financeira desta cidade que é galega, de toda Galicia, que exerce o seu papel en toda Galicia e que é o que garante a galegitude. Caixanova, entidade galega e con capacidade de subsistir.

Pero a fusión non é paritaria nos termos da lei. A fusión nos termos da lei dálle todo o poder e toda a capacidade á caixa do norte e ó norte, porque non é igualitaria e paritaria, é en termos de tamaño, de depósitos, non é en termos de solvencia. Voulles dar o dato de que nestes momentos no Consello de Caixanova de dezanove membros esta cidade ten quince. Saben cantos membros tería esta cidade na caixa fusionada de acordo con esta lei? De vinte e cinco membros do novo consello de administración da caixa fusionada, Vigo tería un. Saben cantos membros podería ter este Concello? Cero membros no consello de administración.

Esta é unha lei contra esta cidade, contra Caixanova; é unha lei inconstitucional porque de telo sido non podería facer o que se quere facer e polo tanto é recorrida con razón polo goberno, vai ser recorrida por este alcalde e é manifestamente inconstitucional.

Por iso nós solicitamos que se vote en contra da moción.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Efectivamente hai máis datos, coñécense moitas máis informacións que o último día que debatemos aquí sobre a fusión das caixas e o tempo dános a razón porque se están a repetir tal cal, Sr. Alcalde e sinto dicirlllo, unha por unha, as mesmas argumentacións que naqueles momentos se estaban dicindo.

Pero algo moi importante é que parece que nos estamos a poñer de acordo en algo e a verdade é que eu me alegro moito. Alégrome de que agora todo o mundo teña claro que ó que Caixanova mantén é a condición de galegitude das nosas caixas. Por favor, que isto se escoite con toda claridade: todos estamos de acordo, as tres forzas políticas por fin estamos de acordo en que Caixanova é a condición para manter a galegitude das caixas.

Esta afirmación é moi importante porque non se di algo fundamental e eu fago outra

volta a mesma pregunta que facía: por que Caixanova non pode seguir soa? Cal é a razón pola que Caixanova non pode seguir soa? Porque por tamaño non pode. Quen impide que Caixanova poida seguir soa? Non é o Bloque Nacionalista Galego, non son os sindicatos, nin os traballadores e traballadoras desta cidade ou de Galicia. Só hai algo polo que Caixanova non pode seguir soa: polas directrices do Banco de España e polo FROB que pon enriba da mesa un goberno do Partido Socialista. Esa é a razón e non ningunha outra pola que hoxe Caixanova non pode estar tranquila ela soa.

O que tería que facer o presidente de todos os galegos e galegas, que non o fai, é ter recorrido xa, inmediatamente, ese FROB para que se lle permitira a Caixanova seguir soa. Iso é o que dende sempre o BNG viu buscando cando acelerou e promoveu unha nova lei de caixas para ter un instrumento que precisamente nos defendera contra a intromisión do goberno do Estado no noso futuro financeiro. Non hai ningunha outra razón pola que Caixanova non poda seguir soa. Que se diga isto e que se diga claro.

Tamén lle quero dicir ós señores do Partido Popular, ó Sr. Figueroa, por favor, pediríalle que chame por teléfono ó Sr. Rajoy e que lle conte o que acaba de dicir neste Pleno porque non é o que está dicindo o Sr. Rajoy en Madrid. O Sr. Rajoy non está axudando ó goberno de Galicia e podemos ir ás hemerotecas porque di que “A autonomía non debería ter o control político sobre o futuro das caixas”. Póñanse de acordo.

Aí está a clave e aí está o que hai uns meses viña dicindo o BNG: por que non recorre o Partido Popular o FROB? Por que o Sr. Rajoy di algo completamente distinto ó que di o Sr. Núñez Feijóo? Porque o pastel xa estaba repartido: unha caixa na órbita do PP madrileño e a outra na do PSOE. Non lle deamos máis voltas, xa estaba repartido porque é moi fácil. Retiren o FROB e as directrices do Banco de España que di que se non hai 50.000 millóns de activos non se pode ir só e Caixanova seguiría soa sen ningún tipo de problema.

Sr. Alcalde, eu nunca me vou arrogar que falo no nome de toda a cidade, é demasiado pretencioso e dígoo con todo o cariño do mundo, pretender que un fala no nome de todos os cidadáns. Se nos quedamos sinxelamente coas persoas que foron a esa mobilización podemos dicir que a gran maioría desta cidade non foi, polo tanto se nos arrogamos falar en nome da cidadanía eu podo dicir, porque hai un dato obxectivo, que a maior parte desta cidade non se manifestou en contra da fusión e non o digo eu, senón os medios de comunicación ó comentaren a cantidade de xente que foi. Iso si, estou convencido, díxeno o día despois e sígoo a dicir, que esas

persoas que foron manifestáronse porque pensaban que defendían a súa cidade; estou moi convencido. Ninguén nesta cidade lle quere mal á súa cidade a propósito. Agora ben, hai que dicir todo porque o Consello Social que está representado por unha serie de colectivos si votou a favor na reunión pero sen que os colectivos se pronunciaran porque algún colectivo chamoulle a atención precisamente por tomar unha decisión sen a debater e así a Federación Veciñal, a Confederación de Empresarios nunca debateron ese acordo.

Remato repetindo esa pregunta outra volta: por que Caixanova non pode seguir soa?

SR. FIGUEROA VILA: Coido que o Alcalde xa vai como sempre coa súa folla de rota tentando matizar, hoxe xa comeza dicir que Caixanova é unha caixa de toda Galicia, que ten que liderar unha alianza estratéxica, non dixo fusión pero empezamos a entender que o alcalde comeza a falar xa de fusionés ou de alianzas.

O eixo da argumentación do Sr. Alcalde de Vigo foi ata agora que Caixanova se podía xestionar en solitario. Hoxe xa comeza matizar.

Nós temos a sorte, Sr. Alcalde, porque á parte das intervencións que están totalmente gravadas e transcritas, estamos gravando xa os Plenos e hoxe xa chegamos a unha conclusión: Sr. Alcalde, vostede está modificando algo do seu discurso, hoxe xa non dixo que Caixanova se podía xestionar en solitario, xa dixo que hai que liderar un proceso, que se Caixanova ten que liderar o proceso das entidades financeiras galegas, que se o sistema financeiro ten que pasar por...

Repítolle novamente, Sr. Alcalde, que como se dixo aquí neste Pleno quen está forzando a situación da reestruturación do sistema financeiro español é o Banco de España. Nós dixemos moitas veces neste Pleno que de teren a certeza de que Caixanova se puidera xestionar en solitario a nosa posición sería outra totalmente distinta. Dixemos que diante dunha opción a) dunha fusión de caixas galegas, ou unha opción b) de facer un SIP con entidades financeiras de fóra de Galicia, nós claramente sempre optamos pola opción a) que é que se manteña un sistema financeiro galego e que as dúas entidades galegas se fusionen dunha maneira igualitaria e paritaria.

Parece que lle molesta a vostede esta situación. Vostede defendeu que os do sur tiñamos que salvar ós do norte, sempre estivo defendendo demagoxicamente esa posición e esa non é a que defendemos nós dende o Partido Popular; dicimos que hai que facer unha fusión igualitaria e paritaria. Dixemos claramente que nós

defendíamos unha fusión sempre e cando Vigo tivese o peso que lle corresponde nesa nova caixa. Eu púxenlle moitos exemplos, dixeran que nós defendíamos que unha persoa importante que podería ser o Sr. Pego, por que non podería ser o presidente desa nova caixa? Sempre dixemos que teríamos que discutir onde irían localizadas as sedes da nova caixa galega. Iso é o que defendemos nós dende o Partido Popular.

Sr. Alcalde, vostede critica que ninguén coñece ese informe de solvencia pero logo dá os datos dese informe, como se corresponde iso? É que llos pasan a vostede? Se vostede di que o Sr. Núñez Feijóo ten nun caixón o informe de solvencia e resulta que vostede está dando datos dese informe, hai unha conclusión: ou coñéceo ou non. Se non o coñece está mentindo e se o coñece gustaríame saber quen lle pasou eses datos. Vostede acaba de dicir neste Pleno que o Sr. Feijóo ten nun caixón o informe da solvencia, da galegitude e da fusión das caixas, que non o coñece ninguén. Vostede acaba de dar datos e polo tanto a conclusión é que se non o coñece ou está mentindo ou está dando datos polos dar e se os datos son reais é que evidentemente lle pasan esa información.

A información das caixas tena toda o Banco de España e o que está facendo é condicionar un posible reforzo do sistema financeiro galego; iso si que o está facendo claramente porque non lle interesa que Galicia teña un sistema financeiro forte e iso é o que defende o presidente, Sr. Núñez Feijóo, dende o primeiro ó último día e están defendendo. Ese é o compromiso que ten con Galicia e por suposto con Vigo.

O que pasa é que vostede, Sr. Alcalde, confundiu o discurso porque a vostede lle interesa máis o discurso demagóxico de que os do sur salvan ós do norte porque seguramente iso ten para vostede unha rendibilidade política. Por que non defendeu dende o primeiro día que dende Caixanova se tiña que pivotar a posible fusión e que Caixanova tiña que ser o referente desa nova fusión? Vostede non defendeu esa postura porque nunca defendeu a fusión, defendeu que Caixanova se podía xestionar en solitario.

Pero hoxe non sei por que, terei que facer un par de chamadas ó remataren o Pleno, vostede está cambiando o seu discurso, algo está pasando para que o cambie. Dende logo hoxe xa non dixó neste Pleno que Caixanova se pode xestionar en solitario porque ese foi a argumentación pola que vostede mobilizou a moita xente nesta cidade e nós dixémoslle que esa era a gran mentira, que Caixanova non se podía xestionar en solitario, senón que tiña que buscar alianzas estratéxicas a través de fusiones ou SIPs con outras entidades.

Repítanos hoxe aquí neste Pleno, diante de todos os medios de comunicación e de toda a cidadanía que logo nos escoitará que Caixanova se pode xestionar en solitario, díganolo claramente. Pídolle que nolo volva repetir a ver se politicamente vostede está no mesmo escenario e ten a mesma posición que hai aproximadamente un mes. Dígao, se é valente politicamente díganos que Caixanova se pode seguir xestionando en solitario.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, téñolle que dicir que é conveniente que en economía entre o menos posible porque os datos que eu estou dando son dos balances separados de Caixanova e Caixa Galicia feitos públicos e que aparecen nos rexistros, é alí onde aparecen eses datos. Polo tanto entre pouco en economía.

Os datos da auditoría están gardados nun caixón e coñecendo os datos das auditorías de Caixanova e Caixa Galicia indúcese que a fusión nace morta. Por que senón non ten Caixanova a auditoría? Porque eu non digo que a teñamos nós, unha auditoría pode ser discreta pero, por que tampouco a ten Caixanova? Por que a auditoría da fusión está agochada e permanece agochada? A día de hoxe, a esta hora Caixanova non ten unha auditoría que se fixo hai dous meses nada menos que para unha fusión. Sr. Figueroa, Caixanova a esta hora non a ten, vostede polo baixo pode dicir que si pero eu lle digo que non a ten e é así porque esa auditoría di a verdade, di que non é posible a fusión, di que a fusión nace morta.

Xa vexo que vostede cambiou a posición con respecto á xente que saíu, xa di que moita xente saíu á rúa. Si, é certo, saíu moita xente á rúa. Acaba de dicir iso e parécese ben que polo menos recoñezamos o que sucede na cidade.

Pero hai máis cousas. Hai un grave problema financeiro no norte de Galicia, inténtase resolver dándolle a absorción a Caixa Galicia de Caixanova, que Caixa Galicia absorba a Caixanova. Iso é o que se está facendo neste momento en Galicia e que todo o mundo coñece, todo Vigo coñece e todo o mundo é consciente de que neste momento hai un grave problema financeiro no norte de Galicia que se quere resolver facendo que Caixa Galicia absorba a Caixanova. Isto é todo o que hai, é todo o que está debaixo de toda esta decisión aparentemente galega e financeira. Eu téñolle que dicir, reiterando o que veño dicindo dende hai cinco meses, que Caixanova pode seguir como Caixanova, co seu nome, coa súa entidade, coa súa capacidade, levando adiante o seu proxecto e facendo o seu proxecto como Caixanova, con sede e con localización en Vigo, pagando impostos en Vigo, cos seus traballadores actuais, coas

súas oficinas actuais, sen despedir un só traballador; ten un proxecto financeiro sólido, debo dicir que dos máis sólidos de España e a mesma Caixanova é a que quere seguir en solitario como Caixanova, é a que o propón, é quen defende este proxecto para esta cidade e para Galicia.

O que lles sucede a vostedes é que están atendendo ás instrucións políticas dos seus xefes de Galicia e non ás necesidades desta cidade. Non están defendendo á cidade e elixíronos para defender a Vigo e vostedes non o están defendendo, están cedendo á presión política dos que dende outros sitios de Galicia queren resolver un problema no norte a costa do sur e isto é polo que Vigo saíu á rúa, polo que o Consello Social de forma maioritaria e global decidiu que quería que Caixanova seguira o seu proxecto autónomo e decidido por ela, coa súa personalidade e a súa sede en Vigo.

Isto é o que hai porque, saben que vai pasar coa fusión? Que a sede de Caixanova irá cara á Coruña porque está decidido na lei, a lei di como son os órganos de goberno e di que manda a entidade grande, non di que sexan nin tan sequera iguais e, sabe que máis queren? Que este Concello desapareza coma entidade fundadora, retíranos a capacidade de seguir velando por unha caixa que este Concello fundou. Esa é a lei que estamos nestes momentos a discutir aquí, é unha lei que pretende resolver un problema grave no norte de Galicia a costa do sur, é unha lei contra Vigo, contra Caixanova e é unha lei de indignidade con esta cidade.

Por iso hai que seguir defendendo que se retire esa lei, que a fagan constitucional porque dende ese momento deixa de poder facer a fusión. Fixeron unha lei porque a actual dirección de Caixanova, elixida en parte por nós, polos que estamos aquí, votou en contra, dixo que non quería fusión.

Eu dende aquí sígolle reclamando a este Pleno que exerzamos e defendamos ós cidadáns de Vigo, a esta cidade e defendendo esta cidade estamos garantindo que Caixanova siga existindo como tal, con autonomía, coa súa capacidade e polo tanto haberá unha caixa galega.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Imos ver quen defende Vigo e que é o que se defende.

O BNG, Sr. Figueroa, non necesita chamar por teléfono despois do Pleno porque nós tomamos as nosas decisións aquí, non necesitamos preguntar a Madrid que ten que facer o Partido Popular. Eu díxenlle que chame ó Sr. Rajoy, non para lle pedir permiso de nada, senón chame para lle dicir o que vostede está dicindo aquí, para que o Sr. Rajoy defenda o mesmo.

Vou ler o que defende o Partido Socialista: “Partido Popular e Partido Socialista en véspera do seu acordo para privatizar as caixas de aforros”. Isto é o que defende o Partido Socialista, a ver a que chamamos defender Vigo. Leo o que ven nun medio de comunicación que non é o BNG quen di isto: “Mañá martes a formación de Mariano Rajoy leva ó Congreso as súas proposicións para levar a cabo a redución do número de caixas que operan en España ata un número final que flutúa segundo as fontes. Trátase dunha moción consecuencia da interpelación urxente ó goberno sobre a reestruturación financeira e que a grandes trazos pide o seguinte: utiliza a liña dura do FROB, intervencións que supoñen privatizar as caixas, aumentar a un 30% as provisións da carteira de inmobles, crear un novo tipo de caixas de ámbito nacional, regular os SIPs e dar entrada ó capital privado”. Isto é o FROB e é o que defende o Partido Socialista e o Partido Popular, a *bancarización* e privatización das caixas.

Sr. Presidente non me contestou a unha pregunta que lle fixen tamén no outro Pleno: por que Caixanova non pode seguir soa? Diga vostede isto.

Por último dígolle sinxelamente que Vigo se defende non pregándose ó que nos din o goberno do Estado nin o da Xunta. O BNG fala exactamente igual en Vigo, en Galicia e en Madrid. O Partido Socialista e o Partido Popular non falan igual en Vigo, Galicia ou Madrid; bastante distinto. Iso é a coherencia política e defender a unha cidade.

A PRESIDENCIA: Presentouse unha emenda á totalidade que sería de substitución que di o seguinte: “Acordo: Ratificar o acordo adoptado polo Consello Social da Cidade na súa reunión do pasado 28 de xaneiro co seguinte contido: O Pleno do Concello apoia a defensa da permanencia de Caixanova e dos seus órganos de goberno na cidade de Vigo mantendo a súa solvencia e a súa galeguidade”. É o mesmo acordo que adoptou o Consello Social na reunión do 28 de xaneiro. Cómpre polo tanto votar en primeiro lugar a emenda e a seguir o texto da moción.

Emenda de substitución formulada pola Alcaldía-Presidencia no nome do Grupo municipal Socialista durante o curso do debate:

Ratificar o acordo adoptado polo Consello Social da Cidade na súa sesión do pasado 28 de xaneiro co seguinte contido: O Pleno do Concello apoia a defensa da permanencia de Caixanova e dos seus órganos de goberno na cidade de Vigo mantendo a súa solvencia e a súa galeguidade.

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA: Con nove votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e dezasete votos en contra dos membros do Grupo municipal do PP, Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, queda rexeitada a emenda formulada polo Grupo municipal Socialista co contido transcrito anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con nove votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e dezasete votos a favor dos membros do Grupo municipal do PP, Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro e, xa que logo, expresar o apoio da Corporación municipal de Vigo ó manifesto Galicia ten dereito.

10.- (49).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO O APOIO ÁS ACCIÓNS DA PLATAFORMA PARA A DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA E Á MOBILIZACIÓN PREVISTA PARA O DÍA 25 DE MARZO. DOC. 100034088.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 9 de marzo, número 100034088, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

S. Ordinaria 22.03.10

“A atención sanitaria para os máis de 500.000 habitantes que viven na Área Sanitaria de Vigo sempre foi deficitaria, sobre todo no que atinxe á atención hospitalaria, onde as diferenzas con outras áreas sanitarias de Galicia son patentes en todos os ratios nos que se queira comparar.

Despois de anos de reivindicacións cívicas, profesionais e políticas, o goberno bipartito recolleu esas demandas e puxo en marcha o proxecto do Novo Hospital para Vigo.

Coa chegada do PP á Xunta de Galicia o que era un gran proxecto de xestión pública quérese privatizar coa conseguinte diminución de calidade nas prestacións sanitarias, perda de postos de traballo e endebedamento da sanidade por 30 anos.

Os colectivos sanitarios e a cidadanía en xeral estanse a mobilizar para conservar nos termos en que foi pactado por todos este gran proxecto de Hospital no Plan Funcional. Non queremos que se privatice a sanidade e esta Corporación debe estar coa cidadanía.

Por todo isto é que o Grupo Municipal do BNG solicita ao Pleno que adopte o seguinte acordo:

Apoiar todas as accións que esta a desenvolver a plataforma para a defensa da sanidade pública e a mobilización que hai prevista para o 25 de marzo.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 15 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: A Presidencia propón que esta moción se debata conxuntamente coa número 12. Votaríanse separadas, habería dúas votacións, pero se podería facer o debate conxunto coa moción número 12.

Como non se acepta o debate conxunto, procedemos ó debate da moción número 10.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: En primeiro lugar aclarar que non hai ningunha razón estraña para que non aceptemos o debate conxunto. Sinxelamente cremos que pola importancia do tema, de debater nunha soa moción os tempos serían menores e cremos que paga a pena debater as dúas mocións porque ademais a primeira é un debate xeral e a segunda é un tema máis concreto.

Quero comezar debatendo esta moción facendo honra ó título da anterior. Galicia ten dereito a un sistema financeiro eficiente e a propiciar a fusión das súas caixas e Galicia e Vigo teñen dereito a unha sanidade pública onde primen os valores que

sempre primaron, valores como a universalidade, a gratuidade, a equidade e o carácter redistributivo, planificado por necesidades. Vigo ten dereito a non seguir discriminado como o foi ata agora en canto á atención ós máis de 500.000 habitantes da súa área tanto primaria coma hospitalaria.

Estamos a ver como dende a chegada do goberno do Partido Popular do Sr. Núñez Feijóo á Xunta de Galicia estamos asistindo ó deterioro e privatización do sistema sanitario público galego. Neste sentido temos que agradecer as recentes declaracións da xerente do SERGAS, D^a Rocío Mosquera, declaracións efectuadas precisamente na universidade de Santiago nas que abertamente desmentía o que non se atreve a dicir o Sr. Núñez Feijóo e admitindo a privatización da xestión dos servizos sanitarios en Galicia. Pero, que significa a privatización? Que potencia a privatización da sanidade pública?

En principio significa que aumenta o gasto sanitario pero en absoluto mellora a calidade da sanidade que se lle ofrece á cidadanía; reduce os postos de traballo para abaratar os custos que volven repercutir na diminución da calidade da asistencia que se lle oferta á cidadanía, todas as políticas de privatización van levar inescusablemente ó co-pagamento por parte do paciente que se lle obrigará a desembolsar cartos por probas ou servizos. Evidentemente saírían prexudicadas as persoas que máis necesitan os servizos sanitarios e que menos poder adquisitivo teñen, como son os anciáns e os pacientes crónicos que todos sabemos que son os que máis acoden ó médico e neste caso non terían forma de enfrontar o co-pagamento que está a potenciar o goberno da Xunta de Galicia como antes o potenciou noutras comunidades onde están gobernando.

Porque esas son as directrices do sistema neoliberal que defende o Partido Popular, as directrices emanadas de Maastrich, as que nos levaron á crise económica que nestes momentos estamos a vivir e que a tantas persoas levan ó paro. Repito que esas son as directrices que emanan de alguén que defende un sistema neoliberal como é o Partido Popular.

Para dar datos e cifras dicir que o goberno galego dedica este ano 1.333 euros a cobertura sanitaria de cada cidadán e cidadá, é dicir, 27 euros menos por persoa que nos orzamentos da Xunta do ano 2009. O gasto sanitario en Galicia xa está por baixo da media estatal que é de 1.343 euros, mentres que a media galega é de 1.330 euros.

Recentemente a Federación de Asociacións para a defensa da sanidade pública facía

unha análise por comunidade e chegaba á conclusión de que o maior déficit orzamentario está na sanidade dos territorios que goberna o Partido Popular e para mostra un botón: comparen Euskadi con Galicia. Euskadi tiña 1.623 euros por habitante, Baleares ou Murcia 1.120 euros por habitante; repito que Galicia 1.333 euros. Esta é a realidade que hai que poñer enriba da mesa cando temos que defender a sanidade pública.

No mes de febreiro se publicitaba o contrato de xestión do SERGAS que pon enriba da mesa todo o que se vai facer ó longo destes anos. Este contrato recolle unha redución do gasto sanitario de 23 millóns de euros. Estamos falando dun sistema público e calquera sistema público como é a sanidade ou a educación non se debe reducir, hai que seguir incrementándoo aínda que se reduza noutros campos. O investimento redúcese un 30% e o gasto corrente redúcese en 22 millóns. Non se lle renova o contrato a cen médicos hospitalarios, nada máis nin nada menos que cen médicos hospitalarios quedan sen contrato respecto ós que había. Non se crean 485 prazas para os centros de saúde das que 94 eran para médicos.

Todos estes eran compromisos adquiridos polo goberno bipartito que agora non vai cumprir o Partido Popular. Vólvese ós contratos “*basura*” na sanidade, contratos día a día, semana a semana, mes a mes. Non entran en vigor como estaba acordado cos sindicatos os incentivos para a carreira profesional, mantéñense as restricións para as probas diagnósticas para os médicos de atención primaria, redúcese o orzamento en atención primaria que é a base do sistema nun 5% e parálzase algo que estaba sendo reivindicado por todos os sectores e por toda a cidadanía e para o que se chegara a un pacto no anterior goberno da Xunta: o Plan de Mellora da Atención Primaria. Todo ese plan queda no tinteiro.

Por outra banda e xa referíndome á nosa cidade, non se crea ningunha das 108 prazas comprometidas para Atención Primaria e previstas para Vigo, 108 prazas que se deixan de crear.

Evidentemente non se van facer novos centros de saúde agás os que xa estaban presupostados polo bipartito, parálzase o Plan de Saúde Mental, tamén o Plan de Saúde das Mulleres. Por certo, unha anécdota é a resposta a unha parlamentaria do BNG que leva os temas da sanidade, D^a Ana Luisa Bouza, cando se preguntou por que nas listas de espera da sanidade non figuraba a segregación por sexos, a resposta da persoa que comparecía, D^a Rocío Mosquera, foi para que, se non era necesario. As mulleres, a segregación por sexos non é importante á hora da atención.

Suspéndense as actividades hospitalarias, aumentan as listas de espera. En definitiva, as medidas do PP encarecen a sanidade e diminúen a calidade asistencial. Logo falaremos do hospital. Moitas gracias.

A PRESIDENCIA: Sr. López-Chaves, hai unha cuestión de fórmula de debate desta moción, é dicir, podémola debater como as mocións habituais ou podemos facer o mesmo procedemento máis extenso que fixemos coas caixas de aforro. Eu propoño que sexa así e que polo tanto haxa dúas intervencións e rematará o grupo do BNG.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Fai vostede o que quere, decide o que quere.

A PRESIDENCIA: Estou propoñendo.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Non me propoña porque nunca me propón nada, xa se sabe que vostede sempre intenta que non interveña eu e agora resulta que me deixa intervir, algún interese terá. Faga o que fixo sempre, decida vostede.

A PRESIDENCIA: Se vostede quere non intervir, pode non intervir, é o seu dereito. Ten a palabra.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Pero non intervén agora o goberno como é habitual?

A PRESIDENCIA: Entón terá vostede unha soa intervención porque intervirá como grupo.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Insístolle en que decide vostede.

A PRESIDENCIA: De acordo. Intervén o Sr. López Font polo Grupo Socialista.

SR. LÓPEZ FONT: Como Grupo Socialista eramos partidarios do debate conxunto das dúas mocións por entenderen que si teñen relación e porque o texto da moción que presentamos como grupo municipal está moi relacionado cunha novidade que houbo dende o último Pleno realizado no mes de xaneiro, cando aquí se aprobou o financiamento público do hospital e foi a constitución da Comisión de seguimento do

hospital convocada pola conselleira de Sanidade.

Como Grupo municipal Socialista en relación coa moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego, máis aló das argumentacións expostas pola Sra. Méndez e máis aló do acordo concreto que é o apoio á mobilización e todas as accións previstas para o 25 de marzo, o primeiro que quero facer constar, tal e como xa o manifestou o Alcalde, é o apoio total á manifestación e ás reivindicacións que se están formulando para esta data.

Nós presentamos este apoio total porque realmente o hospital de Vigo é unha das cuestións nas que o Sr. Núñez Feijóo enganou a esta cidade porque comprometeu co alcalde de Vigo unha licitación nunha data e comprometeu que coñecería o goberno o proxecto do hospital e atopámonos con que só por informacións de prensa e xamais oficiais foise debullando o proxecto do goberno do Sr. Núñez Feijóo.

Nós aquí mantemos o mesmo, mantemos o proxecto de hospital do goberno do Sr. Touriño e atopámonos coa sorpresa de que agora o goberno da Xunta de Galicia está a recoñecer que o proxecto é o mesmo, é dicir, non fixeron un hospital novo e hai que lle dicir aquí á cidadanía para que o saiba que, malia todas aquelas críticas que dicían que só se estaban presentando infografías e que se presentaran tres ou catro veces, que foron as veces necesarias en relación cun proxecto e que o goberno do Sr. Núñez Feijóo non ten outro proxecto diferente. Polo tanto agardo que alguén sensato do Partido Popular chegue un día e pida perdón á cidadanía de Vigo pola demagogia que se fixo co hospital na campaña electoral das eleccións do 1 de marzo.

O Grupo municipal Socialista pide que se manteña o mesmo proxecto de hospital que deixou o goberno do Sr. Touriño e como manifestou este Pleno e o alcalde, que sexa público e a súa construción con fondos públicos.

Dánse aplausos por parte do público asistente ó acto, sendo esta unha situación reiterada durante o transcorrer da sesión.

A PRESIDENCIA: Querería lembrarlle ó público que neste Pleno están prohibidas as manifestacións tanto a favor como en contra das intervencións. Pregarlalles polo tanto que as evitaran senón tería que desaloxar o Pleno. Por favor, non fagan manifestacións nin a favor, nin en contra; están prohibidas polo regulamento e polo tanto lles teño que solicitar que non aplaudan nin manifesten as súas opinións.

SR. LÓPEZ FONT: Que se manteña o mesmo número de camas, 1.450 tal e como estaban proxectadas polo anterior goberno do Sr. Touriño. Aquí si que quero lembrar que o Sr. Fraga nos últimos días do seu mandato o que propuxo como hospital para cidade de Vigo era un hospital só con 600 camas.

Pero outra cousa importante é que nós seguimos mantendo, algo que está a omitir o goberno do Sr. Núñez Feijóo, que este hospital siga referenciado na investigación sanitaria. Había un proxecto de I+D que o goberno do Sr. Núñez Feijóo quere facer desaparecer e polo tanto nós tamén reclamamos unha igualdade coas áreas sanitarias de Santiago e A Coruña porque evidentemente o goberno actual da Xunta de Galicia está a someter a esta cidade a unha marxinação e a un menosprezo en relación con este hospital.

Reafirmámonos polo tanto no que sempre dixemos: recoñecemento ó proxecto do anterior goberno para hospital nesta cidade, necesidade de que ese hospital se constrúa no menor tempo posible, que sexa con fondos públicos e sempre cun carácter público, que se manteña o proxecto de investigación e que se manteña o número de camas.

O Sr. Núñez Feijóo debe deixar de enganar a esta cidade e é lóxico que a cidadanía, que os colectivos sanitarios e que este Pleno acorden unha moción no sentido da presentada polo Bloque Nacionalista Galego. Nós apoiámola e reivindicamos en coherencia o que dende o primeiro momento propuxemos. Insisto en que como Partido Socialista prestaremos a maior colaboración e apoio á mobilización convocada.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Semella que algúns están empeñados en que Vigo non teña o novo hospital público, o maior investimento sanitario público porque os fondos son públicos, vaise pagar con diñeiro público evidentemente, non sei quen ía pagar senón este hospital en Vigo e o PSOE e o BNG non queren que se constrúa. Vímolos así durante catro anos de goberno bipartito do PSOE e do BNG. En catro anos non houbo nada, anunciaron o hospital en moitas ocasións, houbo maquetas, películas e lumes de artificio, anuncios na prensa: "As obras do novo hospital poderán iniciarse o próximo ano". Isto díxose en marzo de 2006 e polo tanto as obras se iniciarían no ano 2007. "As obras do complexo de Beade comezarán no 2007 e estarán listas en vinte e oito meses", eses eran os anuncios do goberno bipartito. Eles si enganaron, Sr. López Font, o PSOE e o BNG enganaron co consentimento deste goberno

municipal.

Logo apareceu a cifra máxica: 2012. "Vigo contará no 2012 cun novo hospital para a área de 600.000 habitantes". Comezaba a cifra do 2012, data da que se dicía que habería conexión directa do AVE a Vigo con Madrid. Lembran? O Sr. Caballero díxoo.

A PRESIDENCIA: Sr. López-Chaves, que eu saiba isto ía de hospital.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Gracias, Sr. Alcalde, empece a interromperme a primeira vez, non quere que lle lembremos o que vostede dicía, pero sinto que teña que insistir porque falaba de 2012, a cifra do hospital e a cifra da chegada do AVE que agardemos que vostede e máis eu vaíamos cara á estación coller o AVE directo para Madrid porque era o seu compromiso electoral e así o reiterou.

A PRESIDENCIA: Céntrese na cuestión, Sr. López-Chaves, que trata do hospital de Vigo.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Gracias, Sr. Presidente, e deixe de interromperme porque se interrompe no medio podería parar a intervención da oposición.

Así era un engano o do AVE 2012. Sr. López Font, agardo que o Sr. Alcalde pida desculpas a Vigo.

O do hospital tamén era un engano. Tan certo era o AVE 2012 como o do hospital do ano 2012 do bipartito. Iso si, presentacións as que queiran, foron 4, 5, 6, as que queiran, como os anuncios do AVE para o 2012, todos os que vostedes queiran. Logo de catro anos non se fixo nada, non se presupostou, non se contemplaba financiamento, non se aprobara o proxecto construtivo, nin sequera se iniciara o alleamento dos terreos, non se licitara nin evidentemente se adxudicara, non se fixera nada en catro anos. O único que existía logo de catro anos era un proxecto básico de planos e alzadas.

Miren todo o que había do hospital en catro anos: un anuncio en prensa. Este anuncio en prensa foi o único que se fixo neses catro anos, anuncio que recolle os planos e alzada, este é o proxecto básico que deixaron vostedes ó saír do goberno no ano 2009. Anunciaron que licitarían o hospital continuamente pero nunca o licitaron e isto foi porque non tiñan financiamento.

Vostedes din que aparece nos orzamentos unha partida para a Sociedade Pública de

Investimentos e o que se fai é encomendar a unha sociedade pública a realización desa infraestrutura buscando financiamento porque no orzamento non existía e senón miren os mandatos que se lle encargaron á Sociedade pública de investimento nos anos anteriores, moitas veces encargábanse cousas que logo non se executaban porque non había cartos e neste caso non os había para a cidade de Vigo e por iso non o sacaron a licitación, porque non tiñan o diñeiro.

Moita xente permaneceu calada eses catro anos. O PSOE e o BNG estiveron calados, mudos, mentres non se facía nada. Mudos cando o escaso diñeiro que había para o hospital de Vigo se desviaba cara o hospital de Lugo. No ano 2007 o diñeiro para o hospital de Vigo se desviaba para o hospital de Lugo e este goberno municipal, que facía? Dixo algo? Diñeiro do hospital de Vigo para gasto corrente dos hospitais e do SERGAS en Galicia. Financiábamos todo o demais e diñeiro do hospital de Vigo para gastos de persoal. O escaso diñeiro do hospital de Vigo non se gastou no hospital de Vigo.

Sr. Caballero non diga que non porque hai unha resposta parlamentaria que deu o goberno bipartito na que aparecen as desviacións de fondos das partidas de orzamentos e se quere lle digo unha por unha a transferencia negativa e a positiva, mesmo a partida do novo hospital de Lugo: varios programas, gasto corrente e programa de gasto de persoal. Esa foi a resposta do goberno bipartito, iso é o que acontecía.

Mentres o que facía o Sr. Caballero cando gobernaba o bipartito era premer, reclamar, enviar escritos. Reclamaba algo a Xunta? Teño outro escrito da Xunta de Galicia no que se piden todas as notas, informes ou calquera outro tipo de documento que o alcalde de Vigo enviara ata o mes de abril de 2009 e contestan que non hai nada na Xunta de Galicia. Sr. Caballero, vostede nunca pediu nada para o hospital de Vigo. Agora diga que foi de palabra como o do AVE 2012. Onde están os papeis, Sr. Alcalde? Non houbo nunca unha soa reclamación, non fixo nada polo hospital de Vigo, non mandou nin un só papel, nos dous anos que coincidiu coma alcalde co bipartito nunca fixo nada.

Evidentemente o hospital non lle importaba ó Sr. Caballero e por iso é o cuarto peor alcalde valorado de España. Non enviou nin un só escrito á Xunta anterior en relación co hospital de Vigo. Aquí teño a encomenda á Sociedade Pública de Investimentos: nin un euro. Só está a encomenda e que a sociedade buscase o diñeiro. En resume, en catro anos non se esixiu nada, o Sr. Caballero non fixo nada para reclamar o

hospital, mesmo o diñeiro do hospital de Vigo ía cara outras funcións e o alcalde estaba calado.

Cantos centros de saúde fixéronse en catro anos en Vigo, Sr. Alcalde? Cero. Cantos centros de saúde se fixeron en Galicia polo goberno bipartito en catro anos? Cero centros de saúde en catro anos en toda Galicia. O de Tomiño estaba iniciado polo goberno do Partido Popular e só o continuaron.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Falan de privatización. Unha orde do 20 de decembro de 2007 da Xunta de Galicia co goberno bipartito di que se substitúe o sistema de función interventora no SERGAS por un control financeiro permanente no ámbito do Servizo Galego de Saúde. Suprime o sistema de intervención previa, a isto chámase liberalizar os servizos públicos. Pasou que logo dun ano de aplicar este sistema de non control previo senón posterior, había un burato de 300 millóns de euros no SERGAS e iso foi porque desapareceu o control previo durante o goberno do bipartito por unha Orde do 20 de decembro do ano 2007. Isto é liberalizar os servizos públicos e iso fixo o bipartito o que orixinou un burato de 300 millóns de euros porque non existía fiscalización previa, fixérona desaparecer do SERGAS o goberno bipartito PSOE-BNG.

Pero os que antes non fixeron nada polo novo hospital, ós que como o Sr. Caballero non lles importou que non se fixera nada durante catro anos como acabamos de ver, agora lles amola que o Partido Popular si o faga e poña en marcha o novo hospital público de Vigo que se vai construír aínda que algúns non o queiran, queren que sigamos nos corredores. Aínda que se opoñan o Sr. Caballero, o PSOE e o Bloque será un hospital público que garantirá unha asistencia pública, universal e gratuíta.

Por certo, Sra. Méndez, o copagamento póneno en servizos básicos como os da Xustiza os seus socios de goberno en Madrid. Cos orzamentos que vostedes aprobaron se impuxo un copagamento para poder recorrer nas apelacións en Xustiza, quen non paga non recorre e a Xustiza é un servizo básico. Iso fíxoo o goberno socialista e contéplase nos orzamentos que vostedes apoiaron. Vostedes si que privatizan os servizos públicos e esixen o copagamento, pagar para recorrer e quen non teña diñeiro non pode recorrer. Actualmente na Xustiza fai falla un copagamento. O hospital vai ser como o que se presta agora pero mellor: servizo público universal e gratuíta. Quen enganou dicindo que o AVE viría Vigo no 2012, engánaos agora dicindo que o novo hospital non será sanidade pública, universal e gratuíta, quen

engana unha vez pódeo facer outra vez.

O Acordo Básico pola Saúde na Área Sanitaria de Vigo, Vigo a 26 de xuño do ano 2006, asina a conselleira, os sindicatos, empresas privadas e a Confederación de Empresarios e di: “Constatamos a conveniencia de manter e potenciar os instrumentos de concertación e cooperación público-privada coa creación de redes e alianzas de todos os axentes implicados para pular o desenvolvemento da área de Vigo”. Isto dicían vostedes no ano 2006. Tamén dicían outra cousa: “Todo isto conducirá a que antes do remate de 2007 se poidan licitar as obras de construción do hospital”. Outro engano e falsidade.

Pediron informes por veren como se financiaba o hospital e, por certo, non foron gratuítos, custaron 21.000 euros. Cando se piden informes que custan 21.000 euros por algo será e o obxectivo que perseguían era licitalo cun sistema de financiamento mixto público-privado tal e como fan en Baleares onde un goberno socialista e nacionalista acaba de licitar o hospital de Ibiza polo sistema de financiamento público-privado.

Este ano vanse iniciar as obras do hospital tal e como o anunciou a conselleira de Sanidade e o presidente da Xunta de Galicia. O hospital está en marcha, hospital público que prestará unha atención sanitaria pública, universal e gratuíta no ano 2010. Está en marcha cun sistema de financiamento mixto público-privado como se segue en Canadá, Irlanda, Suecia; como fan os socialistas noutras comunidades autónomas, pero sen embargo o que o PSOE fai nun lado críticao noutro sitio.

Deixaron un burato de 1.400 millóns de euros que hai que pagar ó goberno do Sr. Rodríguez Zapatero por mala xestión durante os últimos anos, deixaron un burato na Sanidade de 300 millóns de euros e deixaron unha Galicia na que había unha situación de déficit e de desemprego.

Insisto no sistema público-privado de construción do hospital que vai supoñer unicamente a construción e pagamento en vinte anos, vaise executar e construír e non se van poder opoñer PSOE e BNG a que en Vigo teñamos un novo hospital público.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Agardo que o Sr. Presidente sexa tan xeneroso comigo coma o foi co Sr. López-Chaves. Agradecereille que si.

Alucino. Vostedes, os do “Caso Gürtel”, falan de buratos negros na sanidade pública galega.

A PRESIDENCIA: Sra. Méndez, céntrese na cuestión, por favor.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Falan de buratos negros na sanidade pública galega.

O BNG non ten socios no goberno español porque gobernou na Xunta de Galicia pero non no Estado español. Conformámonos con estar en Galicia. Nós non aprobamos os orzamentos do Estado. Mente coma sempre, Sr. López-Chaves. O BNG non aprobou os orzamentos do Estado. Mente, Sr. López-Chaves.

Voulle dicir cando non se fixo nada. Non se fixo nada durante dezaseis anos do goberno do Partido Popular, pero cando chegou o bipartito si se fixo e polo hospital de Vigo se fixo máis ca nunca e probablemente máis do que vostedes van facer. Fíxose algo que nunca se fixera na sanidade e foi que todos os sectores de Vigo e falo de cidadanía, profesionais, colectivos, falo de que todo o mundo estivo de acordo no plan que se fixo para o novo hospital; todos os sectores estaban de acordo e chegou o Partido Popular e o que fixo foi poñer á sociedade en contra. Esta sociedade demostraralle o día 25 que non está de acordo coa política que vostedes están a facer.

Non se fixo nada pero quedou feito o proxecto arquitectónico, o plan funcional acordado por todo o mundo, plan que se tardou en facer; quedou feito practicamente todo e quedaron 300 millóns de euros na SPI que vostedes destinaron a outras áreas porque lles interesan as políticas neoliberais da privatización da sanidade, interésalles favorecer á empresa privada como lles interesou favorecerla nos outros lugares do Estado onde están a gobernar. Vostedes están favorecendo a privatización da sanidade en Valencia, en Madrid, en todos os lugares onde gobernan. Todos aqueles lugares onde agora mesmo a calidade sanitaria está a diminuír, os últimos lugares na valoración da calidade sanitaria: os gobernados polo Partido Popular.

Vostedes gobernan en Madrid e 1.600.000 madrileños son asignados obrigatoriamente ós novos hospitais rachando o dereito á equidade: Hospital de Henares, Hospital Infanta Cristina, Hospital Infanta Elena, Hospital do Sureste, Hospital Infanta Sofía, Hospital Infanta Leonor, Hospital de Tajo. Saben quen son os propietarios? FCC-Caja Madrid; do de Aranjuez, Hispánica; do de Coslada, Sacyr-Vallehermoso; do de Majadahonda, Dragados; do Norte, Acciona; de Parla, Sacyr-Vallehermoso; do de Vallecas, Floder. Estas son as empresas propietarias dos hospitais, non é o sistema sanitario público da Comunidade de Madrid, as empresas

son as propietarias. Ningún dos sete hospitais que se construíron en Madrid entregáronse nos prazos acordados pero isto non supuxo ningunha sanción para as empresas concesionarias.

Vostede di que co sistema PFI, coa concesión á UTE que se vai facer aquí en Galicia, só se privatizan o que son os servizos non sanitarios pero iso é mentira, en Madrid xa están privatizados e externalizados o servizo de Radioloxía e o Laboratorio e ráchase a confidencialidade dos datos clínicos do paciente porque se están a xestionar por empresas privadas non sanitarias.

No modelo de Madrid, o dos sete hospitais privados, hai un 68% menos de camas por 1.000 habitantes. Nos hospitais públicos hai 3 camas por 1.000 habitantes e nos novos hospitais que se construíron en Madrid hai 0,9 camas por 1.000 habitantes, na Unión Europea hai 7,8 camas por 1.000 habitantes. Vostedes quéreno transformar en 0,9 camas por 1.000 habitantes. Isto, señores, é o que queren para Galicia, esta é a realidade.

En canto ós ratios por médico, etc., nos centros con xestión privada, os PCI, oscilan entre 0,46 e 0,73 de médicas/os por 1.000 habitantes. Os centros públicos teñen de 1,3 a 2,4 por 1.000 habitantes.

En que queren converter a sanidade galega, señores do Partido Popular? En que queren converter ós novos hospitais de Pontevedra ou de Vigo? Onde está a calidade da asistencia? Onde está a calidade que vai dar sempre unha sanidade pública como a que defenden a cidadanía e os partidos da oposición agora mesmo na Xunta de Galicia e os partidos de goberno desta cidade?

Imos seguir defendendo a sanidade pública, pero seguiremos falando de datos do novo hospital.

A PRESIDENCIA: Rematadas as intervencións porque non hai intervención do goberno, con independencia de que no punto 12 volvamos sobre esta cuestión, procedemos á votación.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez,

S. Ordinaria 22.03.10

Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do BNG, Sr. Méndez Piñeiro e, xa que logo, apoiar ás accións da plataforma para a defensa da sanidade pública e á mobilización prevista para o día 25 de marzo.

11.- (50).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PROPOÑENDO SE INSTE Á XUNTA DE GALICIA A POSTA A DISPOSICIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO DOS TERREOS DA ETEA. DOC. 100035005.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 11 de marzo, número 100035005, o voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“O alcalde de Vigo, D. Abel Caballero, solicitará en Madrid o apoio dos ministerios de Educación, Industria e Innovación para que o proxecto de Campus do Mar que promove a Universidade de Vigo sexa elixido no concurso de Campus de Excelencia Internacional que convocará en breve o Ministerio de Educación. O proxecto inclúe os contidos do Centro Atlántico de Investigacións Mariñas (CAIM) que capitalizaba o CSIC na Cidade do Mar que promoveu o anterior goberno da Xunta e cuxo proxecto mantén paralizado o actual Goberno Galego.

Este proxecto precisa para o seu recoñecemento da colaboración das tres universidades galegas e incorporará tamén ás portuguesas de Miño, Porto e Aveiro, coas que a de Vigo mantén desde hai anos unha frutífera colaboración en investigacións de nanotecnoloxía.

Diversos sectores da economía expresaron o seu interese e vontade de sumarse a este proxecto como o marítimo, o *clúster* do sector naval, o Instituto Español de Oceanografía, o Centro Tecnolóxico do Mar, o de conserva, acuicultura, etc.

O campus aglutinaría inicialmente a uns 500 doutores en ciencia e tecnoloxías mariñas, o maior equipamento posible en España.

ACORDO:

Dende o Grupo Municipal Socialista esiximos ao Goberno da Xunta poñer a disposición da Universidade de Vigo sen dilacións os terreos da ETEA, imprescindibles para desenvolver este proxecto antes de que finalice o mes de marzo do presente

ano.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 15 de marzo, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: En primeiro lugar quero facer unha corrección ó texto presentado porque evidentemente se trata dun erro. A proposta que realizamos dende o Grupo municipal Socialista é: “Poñer a disposición sen dilacións os terreos da ETEA da Universidade de Vigo”, que non os do Concello de Vigo. Coido que polo texto da moción se entende perfectamente e polo tanto solicito que se corrixa nese sentido e como propoñente así o fago.

Como todos saben a Universidade de Vigo está liderando o proxecto “Campus do Mar” de investigación, esta será unha proposta que axiña se presentará ó concurso de “Campus de Excelencia Internacional” que convocará o Ministerio de Educación previsiblemente neste mes de marzo. O proxecto ten o apoio absoluto das outras dúas universidades galegas, Santiago e A Coruña, das tres do norte de Portugal, do cluster do sector naval, do Instituto Español de Oceanografía, do Centro Tecnolóxico do Mar (TECMAR), de ANFACO e por suposto do Concello de Vigo como así o manifestou o alcalde en reiteradas ocasións.

Todos estes axentes estamos implicados e polo tanto estamos detrás deste proxecto e son os seus autores da Universidade de Vigo, que se van encargar de presentar este proxecto, os que reclaman que se leve a cabo nos terreos da ETEA. Solicitouse así reiteradamente e mesmo o reitor manifestaba que sería unha dificultade non ter eses terreos.

Polo tanto, tendo en conta que ata agora o Partido Popular manifestara unha indefinición clara con respecto ó proxecto da Cidade do Mar, de campus do mar porque mesmo hai unhas declaracións do Sr. Figueroa no sentido de que en próximas semanas se coñecería a postura da Xunta de Galicia a este respecto e tendo en conta que o proxecto se debe presentar con carácter inmediato porque no mes de marzo se publicará o decreto de convocatoria do concurso, entendiamos que exista un pronunciamento claro, firme e documental do goberno do Sr. Núñez Feijóo sobre a cesión destes terreos e este é o motivo da moción.

Insisto en que nós apoiamos o proxecto presentado pola Universidade por seren un proxecto de cidade xa que estarían nesta cidade en torno ós 500 investigadores,

temos todo o apoio cidadán, estarían todos aqueles organismos relacionados co mundo da investigación mariña e, como realmente vai ser un problema de dura competencia porque é previsible que se presenten trinta proxectos a este concurso, entendemos que debemos pechar filas, que debe haber un apoio unánime pola parte de toda a sociedade viguesa a este proxecto.

O motivo da nosa moción ó Pleno tentando que teña un apoio unánime de todos os concelleiros para llo trasladar á Xunta de Galicia, é para que definitivamente a Xunta comprometa ante a Universidade de Vigo o terreo necesario para que este proxecto poida contar cos mellores ingredientes para seren seleccionado. Coido que sería un motivo de satisfacción para esta cidade e nos colocaría no que sempre pretendemos, que é seren unha cidade punteira en canto a investigación mariña.

En relación con isto, se ben é certo que o día 8 de marzo podíamos ter certa satisfacción e tranquilidade no sentido de que nunha reunión entre o presidente da Xunta, Sr. Núñez Feijóo, o conselleiro de Educación e o reitor da Universidade de Vigo semellaba que apoiaba a candidatura do Campus do Mar, así o manifestou expresamente e leo textualmente: “..ó permitiren a súa localización na ETEA”, certamente esta satisfacción converteuse en preocupación no día de onte coa visita que realizaron o conselleiro de Medio Ambiente e o titular ás instalacións da ETEA e non temos outra información máis que a Xunta terá en catro meses o novo deseño para reformar a ETEA.

Aquí mestúranse todos os ingredientes da ETEA, non se fai pola banda do conselleiro mención expresa ó compromiso adquirido polo presidente da Xunta e por iso manifestámonos no sentido de dotar a este proxecto das mellores condicións para seren elixido. Como todos vostedes saben o alcalde de Vigo na reunión que mantivo co reitor da Universidade comprometeu non só o apoio, senón os terreos necesarios e a cesión dos terreos que a Universidade coidase necesarios sobre a parte que ten o Concello de Vigo en propiedade nesas instalacións da ETEA.

Insisto en que o texto da moción que presentamos é moi sinxelo, creo que logo destes vaivéns que houbo pola banda do goberno da Xunta de Galicia isto se debe definir e documentar. Cremos que o presidente da Xunta de Galicia, Sr. Núñez Feijóo, debe facer unha manifestación expresa, un pronunciamento por escrito e comunicar, como xa fixo oficialmente o alcalde, á Universidade de Vigo que esta disporá dos terreos necesarios para acadar para a cidade de Vigo o Campus do Mar, proxecto no que entendo que todos deberíamos estar involucrados.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Esta moción que presenta ó Pleno o Partido Socialista efectivamente ven nun momento crucial, seguramente dun proceso xa longo, complexo e con moitos vaivéns. Non é hora de facer aquí unha descrición de todo o proceso pero hai que dicir que foi interesante a adquisición pola Zona Franca dos terreos da ETEA; xa non o foi tanto o proceso que se deu posteriormente para a súa venda, cesión á Xunta de Galicia, pero indubidablemente o que hoxe nos trae aquí é algo fundamental: temos ó reitor da Universidade de Vigo empeñado en levar adiante un proxecto que coido que a cidade debe tomar como de seu, de todos os cidadáns.

Todos coñecemos o contido dese proxecto, ó BNG parécelle que se debe apoiar, é defendible e moi importante para o futuro da cidade e nese sentido queremos felicitar ó propio reitor, á institución académica Universidade de Vigo por ese traballo de negociación, consenso e suma de vontades que está a realizar para a obtención dos suficientes apoios para chegar no día que sexa, non sabemos exactamente se en xuño ou xullo, a que esa convocatoria do ministerio poida ter éxito e para iso é necesario en primeiro lugar evidentemente manifestar o apoio de todos os grupos da Corporación a ese proxecto, apoio que coido que existe. En segundo lugar pedirlle á administración autonómica e en concreto ó seu presidente que se poñan eses terreos ó dispor de quen lidera o proxecto para que entre todos academos obxectivamente eses resultados.

Estamos falando dos terreos que van adscritos necesariamente ó desenvolvemento do proxecto, non de todos os terreos da ETEA. Como saben vostedes sobre estes terreos da ETEA hai certas discusións e diferencias. Poñámonos de acordo neste caso no que é prioritario e no que seguramente todos estamos de acordo: que o máis axiña posible eses terreos estean ó dispor de quen lidera o proxecto para facer dese proxecto unha realidade en dous ou tres meses.

SR. FIGUEROA VILA: Hai un refrán galego que di “tarde piaches”. O día 8 do mes de marzo o presidente da Xunta de Galicia xuntamente co conselleiro de Educación recibiron ó reitor da Universidade e diante do seu pedimento de apoio ó Campus de excelencia internacional e ó mesmo tempo de solicitude duns terreos localizados dentro do ámbito da ETEA para a instalación do dito campus, déronlle o prace e compareceron todos en rolda de prensa.

Polo tanto nós entendemos que o trámite non só está dado, senón que está comprometido e confirmado polo propio presidente ó reitor. Pero non só isto, a maiores a conselleira do Mar tamén remitiu un escrito ó Ministerio de Educación solicitando que se recibise á Xunta de Galicia e ó reitor da Universidade de Vigo para amosar o apoio e ó mesmo tempo confirmar en primeiro lugar a cesión dos terreos e tamén o compromiso de apoio ó campus de excelencia internacional. Polo tanto, Sr. López Font, coido que se cumpre en toda a extensión o que vostedes piden nesta moción. Está comprometido e cumprido o que vostedes solicitan.

Pero ademais é curioso que vostedes soliciten isto logo de se producir a antedita reunión. Vostedes presentan a moción o 11 de marzo cando a entrevista realizouse o día 8 de marzo. Polo tanto cumpriuse todo o solicitado na moción.

Nós só imos votar a favor se vostedes nos aceptan unha emenda de substitución que diga: “Todos os grupos municipais do Concello de Vigo, BNG, PSOE Partido Popular, apoiamos o proxecto de Campus de excelencia internacional presentado pola Universidade de Vigo e solicitamos á Xunta de Galicia que ceda os terreos da ETEA para tal fin”. De nos aceptaren vostedes esta emenda de substitución, que coidamos que ten o espírito que todos pretendemos, votaríamos a moción a favor porque como xa dixen está cumprido o compromiso, significa reafirmar unha posición sobre este tema. Esta é a proposta do noso grupo e polo tanto da aceptar nós votaríamos a favor.

A maiores tamén hai que dicir que por primeira vez o proxecto da ETEA entra nunha fase de rigor, de seriedade e de buscar a viabilidade tanto social, técnica, como económica para levar a cabo este proxecto. Como dicía o representante do BNG nós pensamos que é importante que unha entidade pública adquirise os terreos, sobre todo para os abrir a unha parte da sociedade viguesa como é o barrio de Teis e tamén para toda a cidadanía, pero coido que hai outra parte moi negativa que nós xa denunciámos cando se fixo a proposta de liberar a Zona Franca dunha serie de compromisos.

Coido que xa se están dando moitos casos nos que a Zona Franca se está a lavar nas mans na cidade de Vigo, hai un desapego total nos últimos meses, diría que no último ano e medio, da Zona Franca coa cidade de Vigo e hai casos como o de Alfageme (non quixen entraren ante porque estaban os traballadores presentes) onde se ve que non se pode cumprir un compromiso do Plan Xeral porque a Zona Franca non desenvolve dunha vez por todas o polígono de Matamá-Valladares. Había

tamén un compromiso da Zona Franca en Guixar moi importante para este ámbito, nós dixemos que vostedes cometeran un tremendo erro no Plan Xeral porque liberaban á Zona Franca do compromiso de desenvolver unha serie de infraestruturas nese ámbito que beneficiaban ós veciños do barrio de Teis e agora estase a demostrar que Zona Franca lavouse as mans e ultimamente semella que se desentende de todos os proxectos importantes da cidade de Vigo.

Pero hai outro tema fundamental e importante que seguramente vostedes tiñan que instar e xa lles anuncio que nós imos presentar unha moción mañá a primeira hora para que o Concello cumpra o compromiso que ten co túnel de Julián Estévez. Nós denunciámos que era un erro o que estaban facendo vostedes e agora demóstrase claramente que a Xunta de Galicia non pode facer o investimento que ten consignado porque o Concello non fai os seus deberes. Este compromiso asinado entre o Sr. Caballero e a Sra. Caride di na súa cláusula 2:

“Primeiro.- O Concello comprométese a realizar as actuacións necesarias para reducir a carga urbanística que actualmente ten a actuación de solo urbano non consolidado de Guixar para financiar o túnel de Julián Estévez, de 15.000.000 euros a 4.025.000 euros. Así mesmo asignar á citada actuación unha carga urbanística polo importe de 11.500.000 euros destinados a financiar a obtención do solo do Plan Sectorial de Ordenación Territorial que regula a implantación do complexo dotacional “Campus Tecnolóxico” na finca da ETEA na cidade de Vigo. Asemade, en virtude do disposto neste convenio, o PXOM manterá o equilibrio económico-financeiro xa que garante unha achega da Xunta de Galicia polo mesmo importe destinada a financiar a execución do túnel de Julián Estévez. Segundo. Impulsar a xestión urbanística de solo urbano non consolidado de Guixar para a materialización das previsións do PXOM de Vigo, así como as establecidas no presente convenio”.

Logo ten a Xunta unha serie de compromisos como anualidades do ano 2009 por 300.000 euros, do 2010 por 500.000 euros, do 2011 por 300.000 euros que se están perdendo e tamén “...contribuír á achega máxima de 11.000.000 euros nas anualidades de 2011, 2012, 2013 e 2014”. Pero hai unha cláusula que di: “...A execución desta obriga por parte da Consellería está supeditada ó cumprimento con carácter previo por parte do Concello da efectiva materialización da achega prevista coa carga urbanística, tal e como se recolle na cláusula segunda”.

É dicir, o Concello de Vigo segue sen facer os seus deberes porque liberou á Zona Franca dese compromiso e agora temos un problema porque o túnel de Julián

Estévez é unha obra primordial para as infraestruturas do barrio de Teis e para a conexión do centro da cidade coa ETEA. Resulta que vostedes liberaron á Zona Franca dese compromiso e agora a Xunta de Galicia non pode cumprir cos compromisos de diñeiro que ten consignado porque o Concello non cumpre coa cláusula segunda deste convenio asinado por D. Abel Caballero e D^a M^a José Caride. Polo tanto non ten nada que ver pero si ten moito que ver con esta moción porque ó final de non se desenvolver o túnel de Julián Estévez, evidentemente a ETEA vai estar totalmente estrangulada por moito proxecto serio, realista e con consenso que se faga como o que pretende facer a Xunta de Galicia e que nós apoiamos.

Sr. López Font, non pidan que os demais fagan os deberes porque xa os están facendo e así se confirma nesta moción. Empecen facelos vostedes porque agora si que temos un problema que tiña que acometer a Zona Franca á que vostedes salvagardaron non sei por que motivo, non sei se foi ou non por algunha orde dende Madrid, pero é o que lle quero trasladar ós veciños e veciñas de Vigo a quen lles fago a seguinte pregunta: que é o que está a facer nos últimos anos a Zona Franca na cidade de Vigo? Coido que nada de nada e se por riba vostedes a liberaron dos compromisos adquiridos co Plan Xeral, evidentemente agora nos atopamos cun problema.

Repito que nós mañá imos presentar unha moción con respecto ó túnel de Julián Estévez para que o Concello dunha vez por todas faga o traballo que debe facer e poña ó dispor da Xunta o que hai que cumprir segundo esta cláusula segunda para que non se perda o diñeiro da Xunta de Galicia e logo lle boten unha vez máis a culpa á Xunta e digan que non investiu na cidade de Vigo. Ese diñeiro está consignado, pódese comprobar nos orzamentos do ano 2009-2010 e as partidas están sen se usar porque vostedes non están a facer o traballo de seu.

Votaremos a favor desta moción pero queremos matizar esta cuestión porque é un proxecto importante que vai ligado á ETEA e sen el a ETEA e o barrio de Teis quedarían completamente estrangulados.

SR. LÓPEZ FONT: Dende o Grupo municipal Socialista como non gravamos os Plenos como vostedes, como nos atemos ó que diga a acta, recollemos as afirmacións que vostede fai, Sr. Figueroa.

Ata nun proxecto de cidade no que queren adoptar a postura de bos, de colaboradores, de pechar filas neste Pleno, ten vostede que sacar outras cuestións

que non teñen nada que ver e o acaba de recoñecer. O día que queira, Sr. Figueroa, presente unha moción sobre o túnel de Julián Estévez ou sobre outras cuestións.

A cidadanía haille que dicir a verdade, Sr. Figueroa, e dado que entra vostede no tema da ETEA e no da “Cidade do Mar”, hai que lle dicir que son dous convenios distintos, pero hai que lle dicir a verdade á cidade sobre o que supuxo o convenio asinado entre Zona Franca, Xunta de Galicia e Concello de Vigo e hai que lle dicir que este Concello ten 45.000 m² na ETEA, que se abriu a ETEA ós cidadáns porque levaba sen abrir durante toda a vida e que se van arranxar as instalacións deportivas. Algo máis importante que vostede quere negar é que estamos a falar dun proxecto de “Campus do mar”, dun proxecto de excelencia porque se asinou ese convenio entre Xunta de Galicia, Zona Franca e Concello de Vigo. Esa é a parte que deberían vostedes recoñecer e é o éxito do anterior goberno do Sr. Touriño, de Zona Franca e deste Concello.

Está vostede mesturando como sempre: o Plan Xeral, o túnel de Julián Estévez, viabilidade da ETEA, cando estamos a falar duns compromisos da Xunta de Galicia porque os gobernos teñen que ter continuidade cos anteriores porque, está anunciando que os compromisos do anterior goberno da Xunta de Galicia non os vai materializar este goberno? Está falando de que hai consignadas unhas cantidades, que nós non fixemos non sei que deberes pero xa me dá a impresión de que novamente pola parte do goberno da Xunta de Galicia vai haber un incumprimento. Estamos falando do “Campus do mar” porque a ETEA se cedeu ó Concello de Vigo en base a aquel convenio, esta é a realidade e este é un proxecto de cidade ó que vostedes se deberían apuntar sen máis.

Retomando o inicio, se ben é certo que o presidente da Xunta o día 8 de marzo anunciou que cedía os terreos, tamén é verdade que sen ningún tema documental e demais, pois menos mal que “piei tarde” porque antonte estivo o conselleiro de Medio Ambiente na ETEA e se quere lle leo as declaracións. Moito pedir unha entrevista coa ministra de Sanidade e co ministro de Educación pero iso xa o fixo o alcalde. O alcalde xa manifestou que dende este goberno se facían as xestións diante do goberno estatal en apoio deste Campus. Evidentemente están vostedes en todo o seu dereito pero non piei tarde, como ben dicía o Sr. Álvarez piamos no momento xusto porque coido que é necesario aclarar as dúbidas que se xeraron antonte sobre o proxecto.

Insisto en que estamos nun proxecto de cidade e esperamos ter o apoio do Grupo

municipal do Partido Popular. Nós non temos ningún problema en votar a favor o texto alternativo que presentan vostedes na medida que tamén complementa un apoio explícito ó Campus proposto.

Estamos de acordo pero o que ocorre é que eu debo reprobar cariñosamente o sistema que vostedes teñen de discutir as mocións. Cando falamos de campus de mar diante da cidadanía debemos falar só diso e deben vernos unidos neste tema. Non que dende o Partido Popular se aproveite, como fai o Sr. López-Chaves que debe soñar co AVE e co 2012...

A PRESIDENCIA: Sr. López-Font non me reabra debates. Vaia concluíndo.

SR. LÓPEZ FONT: Coido que dende o Grupo municipal Socialista presentamos esta moción no momento xusto, que o alcalde de Vigo na parte que toca á cidade, no tocante a onde se quere instalar este campus actuou no momento oportuno e de forma decidida no nome deste goberno e que a Xunta de Galicia tardou en concretar a súa postura neste tema. Como rectificar é de sabios, nós admitímolos e fíxense se é así que tamén aceptamos o texto proposto por vostede.

Esquecíase-me, Sr. Figueroa, pero o compromiso de Zona Franca con esta cidade de Vigo poderíanos vostedes presentar no Pleno de Zona Franca porque en ningún momento, nos dous anos e medio que levo no Pleno de Zona Franca, escoitei unha postura discrepante por parte dalgún representante do Grupo Popular deste Concello. Coido que as cousas as hai que dicir no seu sitio e non as están a dicir.

Emenda de substitución formulada polo voceiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, durante o curso do debate:

Todos os Grupos Municipais do Concello de Vigo, PP, PSdeG-PSOE e BNG, apoiamos o proxecto de excelencia presentado pola Universidade de Vigo e solicitamos á Xunta de Galicia a cesión dos terreos da ETEA para tal fin.

VOTACIÓN DA EMENDA DE SUBSTITUCIÓN FORMULADA POLO GRUPO POPULAR: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación que a constitúen de feito, apróbase a emenda de substitución formulada polo voceiro do Grupo Popular,

S. Ordinaria 22.03.10

Sr. Figueroa Vila e, xa que logo,

ACÓRDASE:

Todos os Grupos Municipais do Concello de Vigo, PP, PSdeG-PSOE e BNG, apoiamos o proxecto de excelencia presentado pola Universidade de Vigo e solicitamos á Xunta de Galicia a cesión dos terreos da ETEA para tal fin.

12.- (51).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PROPOÑENDO SE INSTE Á XUNTA DE GALICIA A REMISIÓN DE TODA A DOCUMENTACIÓN RELACIONADA CO NOVO HOSPITAL DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 11 de marzo, número 100035050, o voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“Para a cidade de Vigo a construción do Novo Hospital de Vigo é prioritario e urxente pola situación sanitaria da nosa cidade.

O anterior Goberno da Xunta de Galicia aprobou o proxecto establecendo un número de camas e a ordenación da área Sanitaria de Vigo.

O actual Goberno da Xunta, presidido polo Sr. Núñez Feijoo, mantivo dende o primeiro momento a incerteza sobre o desenvolvemento desta infraestrutura, sobre o seu financiamento e sobre o número de camas e definición da área Sanitaria de Vigo.

O Alcalde de Vigo manifestou que era necesario que o Goberno da cidade coñecese o proxecto no caso de que sufrise modificacións, así como todo o relacionado co seu financiamento, para trasladar á Xunta as súas achegas, comprometendo todo o apoio institucional do Concello de Vigo ante unha obra tan importante.

Esta información non foi facilitada, limitándose a un documento titulado Plan Funcional Área Sanitaria de Vigo, remitido ao Alcalde pola Conselleira de Sanidade, que se limita a unha presentación de 14 páxinas que non responde ao que o Goberno da cidade de Vigo necesita.

O pasado 3 de Marzo constituíuse a Comisión de Seguimento das obras do Novo Hospital de Vigo, á que asistiu un concelleiro designado polo Alcalde da cidade e na que tampouco se achegou a información solicitada.

Por todo o anterior, solicitamos do Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Esixir da Xunta de Galicia a remisión ao Alcalde de Vigo de toda a documentación relacionada co Novo Hospital de Vigo, así como definición sobre o número de camas,

S. Ordinaria 22.03.10

a forma de financiamento do citado Hospital, o seu Plan Funcional e o seu Plan Económico Financeiro.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 15 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. LÓPEZ FONT: O noso desexo era discutir esta moción conxuntamente coa anterior pero a verdade é que á vista do desenvolvemento do debate da moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego e das afirmacións realizadas polo Sr. López-Chaves, coido que case é mellor que as discutamos por separado para facer algunha puntualización.

Sr. López-Chaves, antes de entrar nas argumentacións da moción, como se atreve vostede de verdade neste Pleno a tirar de hemerotecas, recortes de prensa e informacións cando o presidente da Xunta de Galicia o 22 de xullo, aquí mesmo, cos voceiros dos grupos municipais garantiu ó Sr. Caballero que o cuarto hospital se licitará este ano? Como se atreve? Como fala de determinados incumprimentos? Non sei se vostede ás veces confunde o Parlamento co Pleno. Hoxe é 22 de marzo e estamos no Pleno do Concello de Vigo para defender a esta cidade e das afirmacións e do seu debate anterior despréndese que vostede a o único que veu aquí é xustificar a ineficacia e a postura do Sr. Núñez Feijóo en relación co hospital de Vigo. Creo que como concelleiro deste Concello correspóndelle outro papel e tamén que se debe centrar ben no que estamos.

Falamos moito do hospital en distintas mocións neste Concello pero como xa dicía eu na miña anterior intervención, o día 3 de marzo deste ano a instancias da conselleira de Sanidade constituíse a Comisión de Seguimento do Hospital de Vigo. En principio tal e como estaba presentada parecía unha real comisión de seguimento para todo o relacionado co hospital de Vigo e novamente enganounos o goberno galego. A conselleira non apareceu, apareceu a xerente do SERGAS pero se trataba dunha reunión da comisión de seguimento de obras, ese era o truco que tiña a reunión á que se convocara ó alcalde.

A secuencia do hospital e do que fixo este goberno en relación coa promesa do Sr. Núñez Feijóo é a seguinte: Como lles dicía, o 22 de xullo visita oficialmente o presidente da Xunta este Concello; aquí manifesta que ese cuarto hospital de Vigo licitarase este ano. O alcalde garántelle respecto institucional total ó traballo que hai

que desenvolver con respecto a esta licitación. Evidentemente cremos na promesa do Sr. Núñez Feijóo e sobre todo, o que coido máis importante e que é xusto para esta cidade, solicítase que cando estea o proxecto e todo o relacionado con el se informe e se acorde con este goberno municipal.

Dende aquela data na que o Sr. Núñez Feijóo visitou a nosa cidade non tivemos novas ata o 22 de setembro deste ano cando se presentou en Vigo o proxecto de novo hospital. Debo dicir que aí se queremos xa estamos diante da primeira falla de cortesía con este goberno dado que o alcalde garantira o apoio institucional para coñecer o proxecto, se non antes de que se presentara por estas exclusivas periodísticas e demais, si dende logo institucionalmente coñecelo. Diante desta situación é evidente que ó non recibiren ningunha comunicación máis ó alcalde só lle queda a opción de se dirixir ó presidente da Xunta de Galicia e así o fai o 29 de outubro poñendo no seu coñecemento que tivemos información sobre a presentación do proxecto do hospital de Vigo pero que non temos coñecemento oficial do proxecto. O Sr. Núñez Feijóo fixo unha sinxela contestación moi cortés pero de remisión á conselleira de Sanidade e así atopámonos con que o 23 de novembro esta remítelle ó alcalde de Vigo un escrito cunha presentación de power point de 16 páxinas que estaba xa na páxina web da Consellería, que era o que presentaran diante dos medios de comunicación e que é algo tan oco que non di absolutamente nada.

Evidentemente que o que nós queríamos, coido que é de xustiza, era coñecer o proxecto, o seu plan funcional, o plan económico-financeiro e tamén como quedaría definitivamente a área sanitaria de Vigo. Non só o goberno municipal non está informado, senón que pola parte do Sr. Núñez Feijóo o que hai é un intento de ocultación do proxecto.

A partir de aí, como creo que o Sr. Núñez Feijóo incumpre o seu compromiso de licitar o proxecto no ano 2009 tal e como afirmara na visita oficial a esta cidade, a conselleira de Sanidade saca da manga a comisión de seguimento das obras para a que o alcalde delega nun concelleiro, neste caso en min, e non se nos facilita ningunha información. É máis, o único que pretendía a xerente do SERGAS era que nós os apoiáramos en todo o relacionado con servizos para ese hospital sen nos dar ningunha información sobre o proxecto, sobre o plan funcional e o económico-financeiro.

Nós presentamos unha moción cun texto moi concreto no que se pide que este Pleno tome posición para o seu traslado diante do presidente da Xunta de Galicia e que

volvamos á data na que el estivo aquí en visita oficial e comprometeuse a facilitar toda a información.

Señores do Partido Popular, este é un gran proxecto para a cidade que iniciou o anterior goberno e é un proxecto de colaboración institucional que debemos manter a alto nivel entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo. Nesa colaboración institucional o que reclamamos é algo como o que fixo o Sr. Blanco, ministro de Fomento, coa Xunta de Galicia no pacto do Hórreo: poñer o diñeiro, os proxectos para desenvolver as infraestruturas en Galicia e chamar á Xunta para facer unha comisión de seguimento.

A este goberno non se lle pode citar sinxelamente para cuestións menores cando descoñecemos o proxecto e polo tanto, e ten moito que ver coa manifestación convocada para o día 25, pedimos que o Sr. Núñez Feijóo cumpra os seus compromisos porque o alcalde de Vigo cumpríunos sobradamente. O Sr. Núñez Feijóo entrou pola porta desta Casa o día 22 de xullo co pedimento de que apoiásemos a construción do hospital e mediásemos no tema da depuradora e polo tanto coido que é o momento de que cumpra. É evidente que diante da ocultación de información, como xa denunciásemos noutras ocasións, estamos diante dunha privatización do hospital de Vigo como xa dixemos anteriormente.

Nós pedimos o apoio á manifestación convocada para o día 25.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Gustaríame que aclarase un pouco, Sr. Presidente, como imos intervir. Antes quedei un pouco sorprendida ó non remataren eu a moción.

A PRESIDENCIA: Imos intervir por grupos e remata o goberno como se fai sempre, agás no anterior debate que eu lle din a opción ó Partido Popular pero non optou. Ten dez minutos para a primeira quenda.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Eu case lle podería contestar ó Sr. López Font aínda que neste caso non son oposición, pero se non nos contestan dende o Partido Popular e por parte do Sr. Núñez Feijóo é porque están interesados en non contestar porque de ser así terían que descubrir todo o que queren facer co sistema de sanidade pública e co novo hospital de Vigo onde imos ser novamente as cobaias do Sr. Núñez Feijóo igual que o fomos cando, estando daquela no SERGAS como xestor, el foi quen definiu e puxo tamén en marcha o que son as fundacións que o anterior goberno por fin fixo

que se integrasen dentro do sistema público. Nestes momentos o Sr. Núñez Feijóo quere facer o mesmo e por iso non lle interesa ter informada a esta cidade.

O Sr. Núñez Feijóo o que quere facer co novo hospital de Vigo é a privatización que definiamos na anterior moción, quere darllo a unha UTE de empresas privadas onde hai un banco que xestiona, unha empresa sanitaria e onde vai haber tamén unha construtora, é dicir, banco-construtora-financeira e xa está, témolo todo para unha boa sanidade privada.

As empresas privadas nestes casos redactan os proxectos técnicos, dirixen as obras constrúen as infraestruturas, xestionan os servizos non sanitarios e son propietarias en réxime de concesión durante vinte anos do novo hospital e isto é o importante. Son as empresas privadas, esa construtora, ese banco e esa empresa sanitaria as que van ser propietarias dese hospital durante vinte anos. É como se o SERGAS estivese de alugueiro no novo hospital de Vigo. Vai estar de alugueiro e imos pagar un canon de 40 millóns anuais durante vinte anos e un hospital, cuxa licitación sae teoricamente por 287 millóns, vai acabar custando sete veces máis pero co ingrediente de que ademais imos deixar endebedada á sanidade pública por anos e anos. O Partido Popular sairá do poder (niso confío) da Xunta de Galicia e os seguintes gobernos seguirán endebedados.

Ademais esa débeda vai repercutir na cidadanía porque o canon anual vaise sacar nada máis nin nada menos que do Capítulo IV de gasto corrente, gasto que tiña que ir para as melloras de atención primaria, dos salarios, dos equipos tecnolóxicos da sanidade e todas esas cantidades vanse ter que investir no pagamento dese canon anual. Esta é a realidade que o Sr. Núñez Feijóo non nos quere contar, Sr. López Font, é a realidade pola que o Sr. Núñez Feijóo non contesta ás preguntas que se lle fan dende este Concello e dende esta cidade.

Ademais hai unha serie de cousas que nós xa teriamos que saber e que coido que a cidadanía nestes momentos xa sabe: que non se vai manter a sanidade pública como se está a manter tendo que pagar durante vinte anos esa sanidade. Pero ademais coido que hai que facer fincapé nunha serie de cuestións que xa pasaron con este tipo de hospitais e que máis ca ninguén comprobou o Reino Unido dende que coa Sra. Thatcher se probou por primeira vez o PFI e de feito estas son siglas inglesas da privatización.

Comprobouse durante todos estes anos que as consecuencias da privatización, que o Partido Popular nos vende que só afectaría ós servizos non sanitarios, xa se está

demonstrando que afecta tamén ós sanitarios coa privatización de Radioloxía e do Laboratorio, teoricamente non teñen consecuencias pero segundo os datos sacados da revista "Journal Mount School" do ano 98 dun estudo realizado en Inglaterra en 589 hospitais e miren as consecuencia de diminuír os ratios, de enfermería e médicos.

"A máis enfermeiras menos complicacións. O aumento dunha hora diaria nos coidados de enfermería especializada asóciase cun 8% menos de pneumonía, 6% menos de insuficiencia post operatoria e 8,9% menos de infeccións urinarias post operatorias. Ó aumentaren de 4 a 6 os pacientes de cirurxía por enfermeira incrementou un 14% a probabilidade de que un deles morra nos seguintes 30 días do seu ingreso".

En 68.000 pacientes constatouse que as horas de enfermeira por paciente e día estaban en relación inversa coa mortalidade. Como puideron ver nos hospitais de Madrid estanse a reducir os ratios de enfermeiras e médicos por paciente.

Pero iso é só en canto ós datos médicos, porque a consecuencia da privatización dos servizos non sanitarios por exemplo é que en Gran Bretaña a taxa de infeccións por estafilococos meticilín resistentes é a máis alta da Unión Europea. Do 30 ó 50% destas infeccións son previsibles, hai que ver que esta taxa do aumento de meticilín resistente xusto ten un punto importante de inflexión e é cando nos últimos quince anos de 60.000 limpadoras que había no sistema público pasaron a 37.000 limpadoras en Sanidade e isto relaciónase directamente coa taxa de infeccións hospitalarias.

A miña pregunta é se teñen ou non que ver as consecuencias da privatización dos servizos non sanitarios no que é a calidade da asistencia? Eu quérolle preguntar isto á cidadanía viguesa porque é o que nos espera se permitimos que como sempre Vigo sexa a cobaia do sistema privatizador do Partido Popular.

Nós seguimos facendo un chamamento á cordura, un chamamento por ese pacto sanitario necesario tanto a nivel estatal como a nivel deste país e que sigamos co sistema de sanidade público que tiñamos ata agora porque só así manteremos a calidade asistencial que merece esta cidadanía.

Quero rematar con estas verbas para que o saiban tanto as persoas que nos verán nos Plenos, como as que están aquí presentes: En Galicia o ataque contra a sanidade pública comeza por Vigo e Pontevedra, a defensa tamén e de aí o noso apoio á manifestación do día 25.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sr. López Font, eu defendo Vigo aquí e en Santiago e polo que si vai pasar á historia o Sr. Núñez Feijóo será por licitar o novo hospital de Vigo. Por certo, no Diario Oficial das Comunidades Europeas anunciouse a licitación do hospital o día 26 de decembro de 2009, sen este anuncio previo non se pode sacar a obra a licitación por razón da contía. Teño aquí o anuncio e móstroo para que o vexan todos os vigueses, insisto en que é o anuncio previo á licitación, requisito imprescindible que nunca fixo o goberno bipartito e que cumpriu D. Alberto Núñez Feijóo.

Anunciou a licitación de acordo co procedemento establecido na Unión Europea pola contía como era obrigatorio, sen isto non se pode sacar a licitación do hospital, é o primeiro paso pola contía do procedemento. Vostedes sábeno ben porque o teñen que facer o resto das administracións públicas.

Á concelleira do Bloque queredría dicirlle que débeda si, Galicia ten que pagar agora 1.400.000 euros ó goberno central do Sr. Rodríguez Zapatero polos anticipos a conta realizados no ano 2008 ó goberno bipartito, 1.400.000 euros a pagar a partir de 2011. De onde saca ese diñeiro en época de crise o goberno da Xunta? Ese é o burato por gastos realizados polo goberno bipartito, anticipos a conta que logo non tiveron ningunha repercusión. Ese si que é o déficit que acumularon durante os anos de goberno e que está reclamando a ministra de Facenda e hai que pagar ó goberno do Sr. Rodríguez Zapatero.

Parece que hoxe chegou a primavera porque todos están piando neste Pleno. Agora parece que o PSOE di que esta moción é urxente. Urxente tamén era hai un, dous, tres ou catro anos, pero para vostedes daquela non era urxente o hospital, daba o mesmo que se atrasase porque en catro anos non fixeron nada.

Dixo tamén que o anterior goberno aprobara o proxecto, eu insisto: que proxecto? Só había planos e alzada, proxecto básico e con iso non se podía licitar. Tampouco porque non tiñan diñeiro para licitar e así recoñeceron hai días nun debate deputados do PSOE e do Bloque que non había financiamento para licitación. Poderá existir a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia pero o que se fai é encargarlle un traballo e a sociedade busca o financiamento. Durante os últimos catro anos á Sociedade Pública de Investimentos se lle encargaron moitos traballos como por exemplo un novo arquivo xeral da administración en Galicia que nunca se fixo e aparecían 60, 70 e 80 millóns de euros nas encomendas que se realizaban. Eses 300

millóns era o cálculo que se facía para sacar a licitación unha vez que acadasen o financiamento porque non existía o financiamento do novo hospital.

Sr. López Font, eu non sono co AVE, coido que o Sr. Caballero si ten pesadelos co AVE 2012 porque quen asinou que habería AVE directo Vigo-Madrid no ano 2012 agora di que non é verdade. Insisto en que aparece nas hemerotecas e así no ano 2007 dise: "AVE, estudo informativo este verán, declaración ambiental en decembro, 2009 a licitación e 2012 funcionando". Isto era o que dicía o Sr. Caballero, non nolo inventamos.

Quen dicía iso no ano 2007 é agora quen se opón ó maior investimento público da sanidade nesta lexislatura en Galicia, un hospital público 100%, que prestará atención sanitaria universal, pública e gratuíta por profesionais públicos. Iso é o que dá o goberno do PP.

O co-pagamento impóñeno en servizos públicos outras administracións e outros non fixeron nada en catro anos, eses que como o Sr. Caballero non lles importou o tema do hospital en catro anos porque non fixo ningún escrito. Agora parece que lle escribe á Xunta polo do hospital, ó anterior goberno nunca lle mandou nada e agora é quen trata de poñer atrancos e dificultades, mesmo boicotear todo o que teña que ver co novo hospital público de Vigo.

Fala de colaboración institucional pero a través de manifestacións e pancartas, esa é a colaboración institucional que presta o Sr. Caballero, pero cada quen vai á manifestación que queira ou di o que queira. O que dixó no 2007 do AVE 2012, díxoo e o que quere facer agora o pode seguir facendo.

Como dixen antes o Sr. Caballero non mandou nin un só escrito sobre o tema do hospital durante o goberno do bipartito, era un tema que non lle importaba e por iso é o cuarto alcalde peor valorado de España.

Agora o Sr. Alcalde presenta esta moción pola que se lle pide á Xunta que se lle remita unha documentación ó alcalde, non ó goberno municipal ou ó Concello de Vigo. Enviar documentación ó Sr. Alcalde implica un gran risco porque o Sr. Caballero, insisto o cuarto alcalde peor valorado de España, é un alcalde que non facilita documentación ós grupos da oposición malia as numerosas solicitudes que se presentaron. Agocha documentación á oposición cando a normativa legal recoñece o dereito dos concelleiros de reclamar esa documentación.

Podemos presentar un exemplo tras outro e así o 24 de xullo de 2009 non se entregou un expediente; o 24 de xullo non se entregou un documento dun

expediente, 9/7/19 de maio e 23 de xuño asistencia técnica para o tema de D. Rafael Moneo; outra documentación do 15 de setembro de 2009, todo o relacionado co Plan E que pedimos listas das actas de replanteo e tamén os informes presentados. Solicitouse toda esta documentación e o Sr. Caballero non a entregou malia seren algunha de hai case un ano. Non entregan, agochan a documentación e agora resulta que o Sr. Caballero é o primeiro que quere transparencia. Debería dar exemplo.

Mesmo hai unha moción aprobada tamén polo PSOE e o Bloque no mes de novembro pola que se dicía que “O alcalde entregará ós grupos municipais no prazo de cinco días a contar dende a aprobación desta moción copia de todas as actuacións realizadas polo actual goberno municipal en relación coa biblioteca pública do Estado”. Isto foi en novembro, estamos en marzo e o Sr. Alcalde non cumpre nin sequera o que el vota. Sabemos que non é verdade o do AVE no 2012, vota unha moción e logo non a cumpre. Sr. Alcalde, tiñan cinco días para enviar a documentación ós grupos municipais e agora acaba de dicir que toma nota. Paréceme moi ben que tome nota pero cinco días convertéronse en cinco meses.

É un perigo enviarlle documentación ó alcalde porque parece un burato negro que todo o absorbe e desaparece, documentación que obra no seu poder non a entrega ós grupos municipais.

O novo hospital público de Vigo que a actual Xunta puxo en marcha goza dunha publicidade e dunha información pública que non tiña antes. Estivo a exposición pública o que vostedes piden agora, estivo a exposición pública o estudo de viabilidade económico-financeiro do hospital, teño aquí a publicación no DOG do 27 de xaneiro de 2010. Isto é o que están a pedir pero, presentaron algunha alegación? Consultou o expediente o Concello de Vigo? Fixeron algo? Estaba a exposición pública e tamén todos os cidadáns o puideron consultar, isto ía dirixido a todos e tamén á administración pública.

Se o consultaron xa teñen a documentación e se non o fixeron a culpa da falla de dilixencia do goberno municipal é de vostedes. Estivo en exposición pública, rematou o prazo e entón vostedes nin o consultaron porque están pedindo esa documentación. Podían pedir e facilitaríaselles como se fixo con todos os interesados que foron dilixentes e que non foron malos xestores como vostedes. O Concello de Vigo sabe que está a exposición pública un plan, non o consulta e agora o pide a través dunha moción.

Sinxelamente son as razóns políticas as que levan presentar esta moción porque esta

documentación era pública e podía consultar, non como fai o alcalde que non deixa información sobre este tema. É tan pública que mesmo no tema dos alleamentos vostedes presentaron escritos e informes en relación con elas. Teñen tanta información sobre ese tema que mesmo presentaron informes pero debe ser que se lles pasou o prazo da exposición ó público e agora o queren pedir por esta vía. Todos os cidadáns e tamén as administracións poden ir alí pedir a documentación e nós estamos de acordo en que se facilite xa que estaba a exposición pública e non sei se a consultaron. Supoño que responderá diso. Nós non queremos facer como o alcalde, o cuarto alcalde peor valorado de España, que agocha documentación ós concelleiros e por iso á cidade de Vigo.

Ataque ó novo hospital de Vigo, hospital público ó 100%, atención sanitaria pública, universal e gratuíta como ata agora pero cunhas instalacións moito mellores e moito máis ampla.

A xestión que se está facendo para sacar a licitación deste hospital é a que vostedes están presentado noutras comunidades autónomas e así temos as Illas Baleares, cun goberno do Partido Socialista que acaba de sacar a licitación do hospital por este procedemento porque nestes momentos, co déficit de 300 millóns de euros de burato que deixaron, é o sistema para construír o hospital.

Por certo, a subministración de auga é unha responsabilidade municipal e así o ven no artigo 25 da Lei de bases de réxime local. Quen subministra a auga? O Concello ou a empresa concesionaria? O hospital é distinto. O servizo de subministración de auga que consumimos todos os vigueses está nunha empresa privada e en canto ó hospital o servizo no vai ser privado, vai ser público. Hai unha diferenza, vostedes deron a concesión para a subministración de auga que como di a Lei de augas é un ben necesario para a vida e en cambio vostedes agora se opoñen a que a construción do edificio se faga co sistema que están empregando noutras comunidades autónomas. Que pasa Sra. Méndez, estase poñendo en risco a saúde de alguén por este tema da auga? A auga concedeuna o Concello de Vigo.

Polo tanto estamos de acordo coa moción pero dende logo que vostedes tiveron o seu momento e a falla de dilixencia é responsabilidade do goberno pero votaremos a favor.

Transparencia toda a que queiran, a que vostedes non fan nin fixeron ata agora.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sr. López-Chaves pola súa intervención que en gran parte

nada tivo que ver coa orde do día.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. López Chaves, este debate que vostede acaba de facer é o que lle interesa o hospital de Vigo? Menos mal que hai cidadáns, que hai medios de comunicación. É isto no que inviste vostede o tempo dunha moción presentada que vai garantir a sanidade para os cidadáns vigueses cun novo hospital? E isto o que lle interesa a vostede? A auga, o AVE, o alcalde valorado, é isto o que lle interesa? Non me estraña, como o resto do seu grupo vostede é quen acaba de votar en contra da manifestación convocada para o día 25 e vostede o que debería é contestar aquí as argumentacións desa plataforma e non debería ser o ariete da xustificación do Sr. Núñez Feijóo.

Normalmente vostede terxiversa as cousas e mente pero nesta moción ten absolutamente o récord. Vostedes non licitaron o hospital, Sr. López-Chaves, a cidadanía ten que saber que iso é mentira porque o que vostedes fixeron foi unha comunicación ó Diario das Comunidades Europeas sobre unha posible licitación.

O Sr. Núñez Feijóo prometeu a licitación neste ano e o único que fixo foi unha comunicación ó DOCE, pero fíxense, o profesor de dereito administrativo da cidade de Vigo, D. Roberto Bustillo, di claramente que “Non se pode considerar que un anuncio de información previa sexa unha licitación”. Pero tamén hai outra opinión: “Se non se publican os pregos de condicións técnicas e administrativas non pode haber licitación”. Esta última frase é de D. Jacinto Lareo que no anterior mandato estivo sentado con vostedes polo que non dirán que me aproveito dunha opinión socialista.

Sr. López-Chaves, coido que xa non ten rolda de intervención pero da ter sería conveniente que pedise perdón por esa mentira que ofende ós cidadáns de Vigo porque non hai licitación, porque están enganando ós cidadáns. O 3 de marzo eu asistín a unha Comisión de seguimento e nesa reunión a xerente do SERGAS dixo “Xa veremos cando temos o prego de condicións administrativas e técnicas”. Como se atreve vostede a mentir así aquí?

Eu non sei de valoracións de alcaldes e demais pero tamén lle debo dicir que consulte a prensa do 7 de febreiro deste ano e verá que o alcalde de Vigo, D. Abel Caballero, ten unha valoración superior á súa xefa de partido política, Sra. Porro. Tamén lle digo que de houberen unha clasificación de parlamentarios no Parlamento de Galicia o título do máis anti-vigués levaríao vostede.

O importante aquí é a defensa que cada quen facemos da sanidade pública. A universalización da sanidade pública chegou a este país da man dos socialistas e, Sr. López-Chaves, o que debe dicir vostede a todos os que se dirixe é que este hospital se licita con achegas de empresas privadas nunha concesión a vinte anos. Tamén ten que dicir que un hospital que custaría 305 millóns de euros, cousa que é verdade porque era o previsto polo goberno anterior, vai ter un custo de 957 millóns de euros. A outra realidade e por iso falaba da intelixencia dos cidadáns, é que cando haxa déficit, cando teñamos que pagar unha débeda como moitas das que xerou o Partido Popular vai baixar a calidade asistencial. O que preocupa, Sr. López-Chaves, é que o hospital se faga con fondos públicos e que o tipo de interese que se pode ter para o construír con fondos públicos é inferior ó que se vai xerar no sector privado.

Remato dicindo que hai beneficios empresariais neste intento privatizador que vostedes fan e enlace coa afirmación que facía anteriormente a Sra. Méndez: Vostedes, como sempre fixeron, queren privatizar a sanidade porque así o vimos noutros gobernos autonómicos e queren iniciar en Vigo a privatización á que non someten a outras cidades porque en proxectos de hospitais e de centros de saúde doutras cidades non hai este financiamento privado.

Manifestámonos en favor da sanidade pública e isto non é facer unha declaración de intencións coma o que fai vostede, hai que demostralo e vostede neste Pleno o único que fixo foi votar en contra do apoio que se pide para o día 25 e estar en contra da sanidade pública.

(Aplausos do público asistente)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo Socialista, Sr. López Font, instando a Xunta de Galicia a remisión de toda a documentación relativa ó novo hospital de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (52).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO SE CREE UNHA NORMATIVA QUE REGULE O MANTEMENTO, CONSERVACIÓN

E VIXILANCIA DOS ELEMENTOS EXTERNOS DAS EDIFICACIÓNS. DOC.
90166671.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de novembro, número 90166671, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

“Dende hai un ano se veñen detectando riscos de desprendemento en edificios construídos na segunda metade do século pasado e que aínda non están obrigados a someterse a unha inspección de arquitectos ou aparelladores, pero xa presentan problemas de conservación.

Nos últimos meses, esta situación de desprendementos de fachadas e derrubamentos de vivendas ven recruándose, á vista está o derrubamento tan lamentable acontecido na vila de Bouzas no que case temos que lamentar o falecemento dun turista.

Estes feitos fan comprensible que se pense que moitas das vivendas sitas na cidade de Vigo deberían ter un control anterior ao que a ordenanza da ITE estipula, tendo en conta a climatoloxía de Galicia.

A maneira máis axeitada de corrixir esta situación de perigo para os cidadáns de Vigo por parte deste Concello é mediante unha ordenanza reguladora.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo para a súa aprobación:

Que se estableza unha normativa que se encargue de regular o mantemento, conservación e vixilancia tanto dos elementos externos das edificacións como das súas estruturas.”

A comisión informativa de Servizos Xerais, na súa sesión do 23 de novembro de 2009, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Dende hai moitos anos se veñen detectando riscos de desprendementos en edificios construídos hai dúas décadas e que aínda non están obrigados a someterse á inspección de arquitectos ou aparelladores pero que xa veñen sufrindo problemas de conservación.

Esta situación recruouse cos desprendementos das fachadas das rúas Florida, Zaragoza, Rosalía de Castro, Barcelona, praza Elíptica, Ecuador, xunto co derrubamento de fachadas de vivendas como é o caso da situada na vila de Bouzas que puido ocasionar o falecemento dun turista, o que gracias a Deus non aconteceu.

Estes feitos fan comprensible que se pense que moitas das vivendas desta cidade deban ter unha inspección anterior ó que o código técnico establece na ITE. É dicir, que a inspección técnica que estipula a revisión da edificación en Vigo e en toda España se realice anteriormente debido á situación na que se atopa.

A nova ordenanza reguladora aprobada no anterior Pleno fai claro fincapé nesta situación: estado da estrutura, da cementación, cuberta, muros de carga, escaleiras, placados, varandas, marquesiñas. Como vemos, efectivamente nas vivendas nas que é obrigatorio realizar a IT xa se contempla esta situación pero o problema está nas que non están obrigadas a realizar a inspección pertinente.

Esta situación de desprendementos prodúcese xeralmente naquelas vivendas que teñen a fachada de ladrillo cara vista debido a climatoloxía galega que dalgún xeito afecta notablemente a estas estruturas. Os bombeiros desta cidade, que tantas saídas tiveron que facer para poder evitar posibles danos maiores, avisan que calquera tipo de derrubamento é importante debido a que calquera obxecto lanzado dende un edificio pode ocasionar algún dano ós viandantes.

A maneira máis axeitada de corraxir esta situación para os cidadáns de Vigo é realizar unha ordenanza reguladora específica e quen a ten que facer é o propio Concello que, á parte da revisión dos determinados inmobles que están obrigados por Lei á revisión, esixa ós propietarios das vivendas que teñan esa obriga a revisar os elementos externos das fachadas, como cornixas, molduras, placados, pedra, azulexo, nunha palabra, todo aquel elemento externo que teña a posibilidade de se desprender.

Esta situación xa a contempla o propio voceiro e o presidente do Colexio de Aparelladores que din que a maior parte das vivendas construídas entre os anos 60 e 80 son as que teñen unha conservación peor e que poden ocasionar os desprendementos que levarían aparellado algún dano no caso de que houberse algún viandante.

Pero este Goberno do paro e dos grandes proxectos en lugar de dar solucións o que fai e contratar máis persoal para a Xerencia de Urbanismo, en lugar de actuar o que fai é aumentar de 80 a 132 persoas, 52 persoas máis, aumentando en tres anos un 56% do cadro de persoal, o que supón un 50,92% do gasto da Xerencia. Todo isto para que, porque se dixeran que é para solucionar os problemas que anteriormente mencionamos estaríamos todos de acordo, pero é todo o contrario, é para tela paralizada. A proba está en que para conceder un cambio de licenza que é un

trámite normal, como mínimo tardan tres meses.

A gran promesa do Alcalde que é que na cidade de Vigo ía haber un gran bosque de grúas non existe. A realidade é que o orzamento para desenvolver o Plan Xeral nesta cidade reduciuse case á metade, de 1.239.870 euros, reduciuse a 694.000. Isto xa nos fai pensar que a paisaxe de grúas é mentira, que é mentira este gran desenvolvemento do Plan Xeral cando se reduce o seu presuposto.

Pero esta mentira non se queda aquí senón que ó mesmo tempo nos enganan dicindo que o presuposto de ingresos da Xerencia segue aumentando. Será nos papeis aínda que xa ninguén o cre, nin o propio interventor. O que está claro e que están aumentando os orzamentos dende o ano 2008 ó 2010 case nun millón de euros e a realidade e que está baixando nesa mesma cantidade. Veremos o que se ingresa no ano 2010.

Por todo iso dende o Partido Popular pedimos que este Goberno se dedique a gobernar e a ver cales son as necesidades dos cidadáns, sen máis mentiras e falsas promesas, realizando unha normativa que se encargue de regular o mantemento, conservación e vixilancia tanto dos elementos externos das edificacións como das súas estruturas.

SR. MARIÑO MENDOZA: Coido que a moción é sobre a ITE pero antes de entrar no que coido que é importante, gustaríame deixar moi claro todas as mentiras que nos está a contar o Sr. Martiño. Fala de 52 persoas, tiñamos 80; ata onde eu sei e paso na Xerencia practicamente doce horas ó día, eramos bastantes máis de 80 e non incrementamos en 52, a oferta pública de emprego está aí, quizais contabilicemos mal pero eu si sei cantos son e non son 52 persoas.

Nas súas declaracións vexo moi claro a posición que había antes con respecto á sanidade pública. A vostede parécelle moi mal que invistamos diñeiro público en ter máis funcionarios para que os trámites no tarden o mesmo que tardaban cando vostedes gobernaban. Isto é como dicir que non queremos máis médicos porque nos parece ben que alguén teña que esperar tres anos para se operar, é o mesmo criterio, vostedes póneno para a sanidade e tamén para os dereitos dos cidadáns que pagan impostos e polo tanto estamos aquí para que teñan dereito a eses servizos polos que pagan.

Por suposto que cremos que é bastante máis importante incrementar o cadro de persoal. Vostede estará moi orgulloso das cifras que manexaban nesta cidade

caando levaban a Xerencia de Urbanismo, pois nós reducimos os prazos á metade e iso significa que os cidadáns están máis preto de obter os dereitos polos que pagan. A vostede isto parécelle pouco importante porque como sempre os seus amigos seguro que non tiñan que esperar tantos prazos, seguro que conseguían que os seus expedientes fosen bastante máis áxiles e mentres tanto, os do resto dos cidadáns que pagan impostos dános bastante igual.

Gustaríame deixar moi claro para entrar xa no fondo da cuestión que estamos moi orgullosos de ter aumentado o cadro de persoal da Xerencia de Urbanismo e poderíamos remontar ás actas da Xerencia e escoitar á Sra. Porro dicir que en canto se aprobase o Plan Xeral incrementaría o cadro de persoal de Urbanismo porque era unha deficiencia dos últimos anos. Agora parécelles mal, pois a nós non nos parece mal que os cidadáns teñan dereito a aquilo polo que pagan. Reducíronse os prazos e iso é gracias ó gran labor dos funcionarios da Xerencia e tamén a que se estea a incrementar o cadro de persoal porque se pagan impostos é para ter os dereitos polos que pagan e co seu goberno non os tiñan

Fala sobre o planeamento. Dareille un dato que xa din moitas veces e que vostedes parece que non queren entender: o Plan Xeral divide o desenvolvemento dos ámbitos e cuadrienios. No primeiro cuadrienio hai unha serie de ámbitos e en só un ano xa se puxeron en marcha o 40% deses ámbitos, cando deberíamos ir no ámbito 25 para ir ben, imos no 40%.

Pero coido que o que realmente é importante nesta moción é a inspección técnica de edificios. Vou empezar lendo o seu texto: que se estableza unha normativa que se encargue de regular o mantemento, conservación e vixilancia tanto dos elementos externos das edificacións, así como das súas estruturas. Sr. Martiño, isto é unha ordenanza do ano 2005 que aprobaron vostedes, chámase inspección técnica de edificación e recolle explicitamente isto que vostede nos propón, xa existe esta ordenanza e ademais a aprobaron vostedes. Non entendo a que ven que agora nos propoñan isto.

Dígolle máis, hai moi pouco vostede dicía que se aprobou a modificación da ordenanza da ITE. Non é certo, volve mentir, non se aprobou ningunha modificación, aprobouse inicialmente. Se tanto lle preocupa este asunto non oín as súas propostas nese Pleno, Sr. Martiño. Pero é máis, tampouco coñezo ningunha alegación do Partido Popular a esta modificación. Ó que vostedes propoñen agora imos votar que si porque xa está incluído, pero é que xa estaba incluído no ano 2005 cando vostedes a

aprobaron.

Pero no ano 2005 esquecéuselles unha cousa moi importante, aprobaron unha ordenanza da ITE que tiñan que cumprir todos os cidadáns desta cidade segundo a vixencia e a antigüidade dos seus edificios, só esquecéuselles unha cousa: pasar a ITE dos edificios municipais. Iso non lles preocupou, dáballes exactamente igual, dos edificios que ten que ser responsable esta administración esquecéronse, era un gasto superfluo, podían caer pedras, lousas, varandas, cornixas, non pasaba absolutamente nada. Aprobaron unha normativa que debían cumprir todos pero que vostedes non o facían, debe ser que eran máis “papistas que o papa”. Iso é o que lles preocupaba a vostedes nos seus anos de goberno a ITE, a edificación e a seguridade dos cidadáns

Como xa manifestamos noutras ocasións estanse a manter contactos cos colexios profesionais porque a pesar de que existe unha ordenanza cremos que todo é mellorable e que polo tanto se pode avanzar. Ninguén mellor que eles están cualificados para nos achegar todo aquilo que coiden necesario e que poida mellorar e facilitar a conservación das edificacións.

Con respecto ó que dicía gustaríame poñer un símil que coido que entenderemos todos. Os vehículos que todos temos na casa teñen que pasar a ITV cada certo período de anos; iso non significa que o propietario non se teña que preocupar de que o vehículo teña freos e conte con debullo nas rodas para non provocar danos a terceiros. Iso é a responsabilidade do propietario.

A pesar de que o estados dos edificios é responsabilidade dos propietarios en todos estes anos estivemos traballando para mellorar o estado de conservación das edificacións e seguiremos a facelo. Unha das medidas foi duplicar o cadro de persoal para a oficina de conservación porque, por se non o sabe e seguro que non ten nin idea, este ano hai que pasar tres veces máis ITEs que o ano pasado porque coincide co “boom” da construción en Vigo.

Se o sistema funcionaba mal cando vostedes gobernaban e este ano triplícase o número de inspeccións técnicas a realizar vostedes o que nos piden é que non incrementemos o cadro do persoal, dá igual se hai que esperar seis anos para operarse, vostedes seguro que non esperan, esa é a diferenza. Pois nós queremos o mesmo para absolutamente todos os cidadáns, teñan moitos ou poucos recursos.

Repito que estamos a esperar ás súas alegacións durante a exposición pública porque isto que nos propoñen aquí e que podemos aprobar sen ningún problema xa

está na ordenanza que vostedes aprobaron no ano 2005, Sr. Martiño por iso non entendo a que ven esta moción e que é o que nos propoñen. Se realmente queren ser construtivos propoñannos medidas e estudarémolas con rigor porque todo aquilo que implique unha mellor conservación das edificacións e unha mellor seguridade para os cidadáns ímolo votar, diso estou seguro, ten vostedes a miña palabra e a deste Goberno.

O que nos ven de propoñer non soluciona nada, xa está incluído na actual ordenanza de edificacións a conservar e polo tanto non entendemos a que ven pero xa vexo que realmente a moción era o que menos lle importaba, importábanlle bastantes máis outro tipo de cuestións.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Vexo que nin sequera leu a ordenanza, Sr. Mariño. Na ordenanza dise claramente en que anos se teñen que ir revisando os edificios e xusto agora tocan os anos 1960/1969 e aquí do que estamos a falar é da revisión de todos os edificios, que se controlen todos aqueles que teñan problemas de desprendementos de fachadas e non só aqueles que estableza a ITE.

Encántame que aprobe a miña moción e que a execute pero sobre todo que sexa honesto co que pon a ordenanza. Hai edificios na praza Elíptica nos que se desprende a fachada que non son desta data, nin os das fachadas da Florida, nin de Zaragoza, nin de Rosalía de Castro. Non me fale de que ven contemplado na ordenanza cando efectivamente na ordenanza ven a ITE pero para aqueles períodos de tempo estipulados. O texto da moción di que se controlen non só os edificios estipulados na ITE, falamos dos edificios en xeral e non dunha data en particular.

En canto ó que dixo relativo á Sra. Porro que manifestara que ía contratar máis persoal cando se aprobase o Plan Xeral, efectivamente, porque o Plan Xeral coa Sra. Porro tería funcionado e habería unha paisaxe de grúas, non o que hai realmente nestes momento que é nada, tan só grandes proxectos, mentiras e nin unha grúa.

A falta de dirección total nesta Xerencia é absoluta, non existe unha dirección, moitos funcionarios traballando pero sen dirección. Volvo dicirlle que tres meses como mínimo para un cambio de actividade e xa non falo doutras cousas. Vostede fala dos dereitos dos cidadáns; os cidadáns teñen dereitos pero coido que vostede non está dispostos a facilitarllos.

Os trámites para poder saber se os nosos inmobles teñen algunha carencia ou van caer as fachadas, fai falta ter un expediente de inventariado municipal, cousa que

non existe. O que está claro é que vostede sábeo todo, enténdeo todo e por riba me di que hai “planeamentos de desenvolvemento”. Sr. Mariño, non se decata, planeamento de desenvolvemento cero. Parece que vostede cando fala non sabe o que di.

O que traemos a este Pleno é o que necesitamos en xeral, Sr. Mariño, non en particular, non o que estableza a ITE que efectivamente entendemos o exemplo do vehículo pero é que unha persoa cando manexa un vehículo é de seu e aquí estamos a falar de comunidades e ás veces vostede non entende que para subir a cota dunha comunidade é necesaria unha asemblea e ó mellor non están todos de acordo. Cando temos un coche arranxámolo porque queremos. O que está claro é que ás veces as comunidades para reparar as fachadas se non lles obrigan non o fan.

Propoñemos que en xeral, non en particular porque non podemos poñer datas. Esta moción presentouse o ano pasado e se tivese posto unha data xa estaría obsoleta porque podería poñer ata o ano 1960 pero este ano xa son do ano 60 ó 69. Dáse conta de como as datas afectan a calquera documento?

Se vostede o aproba, o que me parece elegante pola súa banda, o máis importante é que se faga unha ordenanza. Vostede xa comentou nalgún medio que o ía facer por esta proposta, que ía encargarse á Asesoría Xurídica, ós inspectores que regulasen todo este sistema e eu estou de acordo pero o que ten que facer e facelo xa e deixarse de desleixo, ten que gobernar a Xerencia e non a ter paralizada. O que ten que facer non é mentir nin enganar, nin a nós nin a través dos informes oportunos.

No ano 2008 temos uns ingresos presupostados de 3.300.000 euros; no 2010 de catro millóns e a realidade é que descende totalmente o ingresado, dous millóns no 2008 e no 2010 non saberemos, esperemos que haxa unha concordancia co gasto.

SR. MARIÑO MENDOZA: Volve mesturar todo e eu vou deixar para o peche o correspondente á ordenanza da ITE pero coido que debo responderlle.

Falábame dun cambio de licenza; supoño que se referiría a un cambio de titularidade e dime que son tres meses. Voulle falar dunha experiencia propia. Cando vostedes gobernaban eu tramitei un cambio de titularidade nesta administración; aquel cambio de titularidade tardou un ano e dous meses baixo o seu goberno, Sr. Martiño. Cando antes dixen que baixáramos ó 50% os períodos de espera para a tramitación de expediente, o que vexo é que é moito máis porque se vostede o fixa en tres meses imos moito máis rápido do que eu pensaba. Alégrame sabelo. No seu goberno

os expedientes de infraccións acumulábanse, 11.000 expedientes; co escaso persoal que había as ITEs non se podían levar ó día.

Xa que está tan interesado en falar da Sra. Porro, direille que ela non falaba de máis persoal para desenvolver o Plan Xeral, recoñecía naquel Consello que había un déficit de persoal na Xerencia de Urbanismo o que se abordaría unha vez aprobado o Plan. Agora parece que non, parece que o persoal sobra. A vostedes daralles igual que haxa que esperar tres anos para unha operación, a nós non, os cidadáns pagan impostos para ter os servizos polos que pagan e parécenos primordial.

Vou volver ler o texto do que vostede pretende aprobar hoxe: Que se estableza unha normativa que se encargue de regular o mantemento, conservación e vixilancia tanto dos elementos externos das edificacións como das súas estruturas. Nesta proposta que vostede pretende aprobar hoxe non hai nin datas, nin anos, nin edificios mellores ou peores. Este é o texto que vostede propón e que está incluído na ordenanza de 2005 que vostedes aprobaron. O que tiñan que ter feito ademais de aprobala e pasar a ITE dos edificios municipais porque ó mellor vostede non sabe que este edificio é público e necesita un informe, ou tamén necesita saber que o reitorado tamén é do Concello e outros moitos edificios que toda a cidade sabe que son municipais pero vostede necesita un informe porque sen ese informe non ten ningún dato. A Sra. Porro non o dubidou cando decidiu trasladar o seu despacho alí abaixo, o edificio era público. Pero pasar as ITEs non, esquecéusenos. As leis son para todos menos para nós. Isto é o que vostedes propuxeron no ano 2005.

Tamén me gustaría deixar moi claro que se segue a traballar e seguramente haberá que ter moita máis información. Agora parece que vostede divide porque se o edificio é dunha comunidade de propietarios vai ter unha normativa e se é dun único propietario terá outra e teráselle que aplicar moito máis claramente. Véxoo moi dado no tema de construción e non sei canto cre vostede que ten que afectar unha patoloxía, unha humidade de cuberta ou do pechamento da fachada para que se desprenda unha lousa, non sei de canto tempo cre vostede que está a falar pero me gustaría que fixase prazos. Falamos de cada ano, de dous veces ó ano, dunha vez por semana, cada canto tempo?

Propóñolle que faga unha emenda e nos diga cada canto tempo porque no texto que vostede propón e ó que imos votar que si non aparece nada que non estea xa contemplado na ordenanza vixente nestes intres, polo tanto é unha cuestión ridícula e que vostede aproveita para falar de calquera outra cousa. Presente mocións sobre

outros temas se é que quere falar deles e estou seguro de que lle contestaremos pero non me está a falar da ordenanza da ITE, o seu texto non di nada novo que non estea xa reflectido nesa ordenanza de 2005 que vostedes aprobaron. Logo me di que non me decato; quen non se decata é vostede, lea o texto, por favor.

Gustaríame a acta deste Pleno para que quede claro que é o que imos aprobar que son esas catro liñas que lin, nada máis e esas catro liñas están na ordenanza da inspección técnica de edificacións dende o ano 2005, aprobada por vostedes. Iso si, esqueceron de pasar a ITE ós edificios que forman parte do patrimonio deste Concello. Tamén lle quero dicir que a día de hoxe están practicamente todas rematadas e iso é porque este goberno si traballa, a vostedes lles preocupaban bastante máis outras cousas así que, por favor, un pouco de rigor e cando propoña cousas que sexan serias.

Nós si nos preocupamos e si imos seguir incrementando o cardo de persoal ata que os prazos nos que se tramiten os expediente sexan os que fixa a Lei. A vostedes dáballes bastante igual.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Insisto outra vez en que hai que saber ler e que a ordenanza municipal da ITE establece para os edificios de 1960/1969 o ano 2010 e o que eu quero e o que digo na moción é que para todos os edificios de comunidades e de propietarios individuais. Falamos de comunidades cando se refire á decisión de varios; vostede poñía o exemplo dun vehículo particular, eu pónolle o exemplo das comunidades.

Vostede presentaría mal a documentación porque o que está claro é que un ano e medio e difícil que tarde unha licenza. Eu falo dos tres meses e máis de casos particulares que recibín.

Vostede ten claro que efectivamente a Xerencia está paralizada e é a súa culpa pero non o quere asumir. Dá igual que teña todo o persoal do mundo cando non hai un poder de dirección que poida equiparalo.

Non é que teña coñecemento estrito de materiais e demais das fachadas das edificacións. O que si sé é que as denuncias se producen ata os quince anos e para evitar calquera situación dese tipo o que pido dende aquí é que se aprobe a moción e se revisen todos os edificios e non só os que contempla a modificación da ordenanza da ITE, todos aqueles edificios que se atopan na cidade de Vigo e non un ano ou dous, senón no período de tempo no que se leve a revisión de todos eses inspectores

que existen no Concello e que terán que estar posto que a Xerencia medrou.

Sr. Mariño, pídolle maior dilixencia á hora de gobernar, de actuar na Xerencia, que o persoal dalgún xeito teña un poder de dirección para realizar o seu traballo coa coherencia existente.

Vostede mesmo fala desta situación e dunha normativa neste sentido, vostede mesmo di o que pon no escrito desta moción por iso non sei por que di que non o entende se efectivamente xa o entendeu. Ou é que a prensa tamén mente como di o Sr. Alcalde? Vostede xa o estaba estipulando e sabía que existía a ITE? Vostede é incoherente porque se sabe que existe a ITE, por que di que se faga? Vexa o Faro de Vigo do 28 de outubro, tamén mente? Se mente a prensa xa non podemos dicir máis porque é o que di o Sr. Alcalde e vostede tamén.

Reitero que na moción solicítase que en todas as vivendas de Vigo, vostede mesmo dicía se temos a ITE, por que necesitamos desa ordenanza?

Durante o curso do debate, sendo as 12 horas e 17 minutos, auséntase do salón de Plenos o Alcalde, Sr. Caballero Álvarez. Preside a sesión o Tenente de Alcalde, Sr. Domínguez Olveira.

(Está ausente o Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, preside a sesión o Sr. Domínguez Olveira)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Martiño Gómez, instando a creación dunha normativa que regule o mantemento, conservación e vixilancia dos elementos externos das edificacións, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

14.- (53).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO SE REMITAN DIVERSAS PETICIÓNS RELATIVAS A INFRAESTRUTURAS Ó MINISTERIO DE FOMENTO E Á XUNTA DE GALICIA. DOC. 90166679.

S. Ordinaria 22.03.10

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de novembro, número 90166679, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

“No ano 2005 Galicia, contaba cun Plan de Transporte Metropolitano nas áreas das sete grandes cidades galegas, contando coa imprescindible colaboración dos concellos implicados e das empresas concesionarias do transporte.

O obxectivo deste plan era incrementar o uso do transporte público e reducir a conxestión nas cidades, para iso entre as medidas incluídas nos plans, atopábase a modificación e coordinación de itinerarios, a mellora das infraestruturas, a realización de campañas informativas e publicitarias e a redución de arredor do 30% no prezo do billete a través da subvención da Xunta e dos concellos implicados.

Co Plan de Transporte Metropolitano aprobado polo último goberno do Partido Popular, máis do 60% da poboación galega se beneficiaría dun transporte metropolitano de calidade e eficaz.

Co cambio de goberno no ano 2005, a nosa situación no eido das políticas de fomento de transporte público sufriu un claro retroceso e deterioro:

- A día de hoxe máis de 630.000 galegos, seguen sen poder utilizar os servizos de transporte metropolitanos.
- Os servizos metropolitanos das cidades de A Coruña, Ferrol e Santiago funcionan con notables deficiencias.
- A promesa de implantación do “billete único” por parte do anterior bigoberno caeu en saco roto.
- E outros medios de transporte como o da Ría de Vigo e Ferrol atópanse en graves dificultades de viabilidade. O Bipartito non fixo nada polo transporte de ría.

A isto hai que engadirlle que Galicia segue sen contar cos servizos de proximidade -sendo neste momento a única Comunidade Autónoma do litoral que carece deste servizo- e que nestes últimos anos producise un deterioro nos servizos ferroviarios do noso país.

Para o PPdeG, as infraestruturas de transporte facilitan a mobilidade de persoas e o acceso aos mercados esenciais para o desenvolvemento dun país situado, dende a perspectiva española e europea, nunha posición xeográfica periférica.

Non menos importantes son os efectos que unha boa dotación de infraestruturas de transporte teñen sobre a igualdade para que as nosas cidades resulten competitivas e atractivas en termos de custos, de acceso aos mercados e de mellora da nosa calidade de vida.

Galicia precisa unha política que garanta a mobilidade da poboación, atendendo ao mesmo tempo á sostibilidade, á seguridade, á economía de custos e á comodidade das persoas.

Polo exposto anteriormente, se somete ao Pleno do Concello de Vigo a adopción as seguintes propostas de acordos:

O Pleno do Concello de Vigo insta ao Ministerio de Fomento a :

- 1.- Reactivar as Comisión de Seguimento para a integración do AVE nas nosas cidades co fin de fixar e aprobar os proxectos de construción de estacións intermodais, como eixos básicos do transporte urbano.
- 2.- Crear a Xerencia Territorial de Proximidade en Galicia e implantar de xeito prioritario os servizos de proximidade.

O Pleno do Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Poñer en marcha o Ente Ferroviario Galego e elaborar os estudos e proxectos para o metro lixeiro de A Coruña, Vigo e Santiago.
- 2.- Mellorar os servizos e implantar o billete único en A Coruña, Santiago e Ferrol, aprobar os transportes metropolitanos de Vigo, Pontevedra, Lugo e Ourense e impulsar os transportes marítimos das rías de Vigo e Ferrol
- 3.- Crear o Consorcio de Transporte Metropolitano de Galicia.”

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 23 de novembro de 2009, ditamina favorablemente a anterior moción.

O relator, Sr. Martiño Gómez, retira a moción non sendo sometida a votación.

- 15.- (54).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO QUE O GOBERNO MUNICIPAL PRESTE MAIOR APOIO Ó INSTITUTO DE ESTUDOS VIGUESES. DOC. 90166685.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de novembro, número 90166685, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

“No seu devir como cidade, Vigo foi un símbolo de liberdade e de progreso. Este ano celebramos o seu bicentenario. O interese por configurar de cara ao futuro un marco de convivencia baseado na pluralidade, o respecto e a tolerancia, a capacidade de iniciativa e a vocación de modernidade, caracterizaron á cidadanía viguesa ao longo da súa historia ata converterse nun sinal de identidade.

Neste espírito nace a *Fundación Provigo e a súa Área*, que se configura “como foro de encontro das institucións e entidades que articulan a vida cidadá ... co obxecto de promover o desenvolvemento socioeconómico de Vigo e a súa Área ... na busca de consenso e diálogo, dende unha visión estratéxica que consolide actitudes proactivas”.

O Alcalde da cidade deu un paso máis nesta dirección coa reivindicación dunha Carta de Municipalidade para Vigo, prometida dende a súa campaña electoral. Neste documento íanse recoller os anhelos da cidadanía de Vigo, no que fai á súa participación e implicación colectiva, reforzando a práctica democrática e a cooperación entre o Concello e os axentes sociais como factor de progreso e cohesión.

Estes propósitos chocan coas denuncias efectuadas dende o *Instituto de Estudos Vigueses*, que acusan ao goberno local de poñer en perigo a continuidade da institución.

O grupo municipal do Partido Popular, máis alá de sentirse decepcionado polas promesas non concretadas por este goberno en materia de soporte á iniciativa cívica e respecto á pluralidade, apela ao Pleno da Corporación a corrixir o abandono das competencias que a administración local ten atribuídas, non só no que fai ao fomento e axuda a esta institución cultural da cidade, senón á promoción e difusión das súas actividades.

Neste sentido considera que a administración local debe prestar todo o seu apoio ao *Instituto de Estudos Vigueses*, órgano de desenvolvemento cultural da *Fundación Provigo*, recoñecido co galardón de “Vigués distinguido” en 2004. Xa que logo, propoñemos para a súa aprobación:

Que o goberno local apoie ao *Instituto de Estudos Vigueses* de xeito suficiente para o mantemento dos obxectivos que ten encomendados”.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 23 de novembro de 2009, ditamina favorablemente a anterior moción.

A concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SR. LÓPEZ CARREIRA: Sen ningunha dúbida coincidimos na importancia do Instituto de Estudos Vigueses e non teño senón palabras de agradecemento e mesmo de admiración polo labor que leva realizando na nosa cidade a prol da investigación e mesmo da promoción de Vigo e da súa bisbarra. Tamén coincidimos na necesidade de que as institucións apoiem o labor do Instituto para poderen desenvolver en boas condicións as súas encomendas, o seu traballo.

O Instituto de Estudos Vigueses é un órgano de desenvolvemento cultural externo ó Concello, dependente da Fundación Provigo, que se crea para realizar e mesmo supervisar investigacións sobre Vigo e o seu contorno, para organizar diferentes seminarios e conferencias que contribúan a un maior coñecemento da nosa cidade e da súa bisbarra e mesmo tamén para actuar como grupo de opinión na defensa dos intereses de Vigo. Como é natural o Concello de Vigo debe apoiar e apoia o funcionamento deste organismo e por iso nos orzamentos de cada ano resérvase unha cantidade para sufragar os gastos do Instituto.

Non coincidimos cando fala de abandono de competencias con respecto ó Instituto de Estudos Vigueses. Poderíame criticar o contrario, é dicir, criticarme que logo do relaxo de anos anteriores hoxe a miña concellería vele porque ambas partes, Concello e Instituto, cumpran o convenio. Vostede coñece perfectamente que no pasado ano 2009 existiu a partida 45 10 489 0002, na que se facía unha reserva de 36.000 euros destinada ó Instituto de Estudos Vigueses. Sabe vostede perfectamente que no orzamento deste instituto a única cantidade externa procede deste Concello, é dicir, se este Instituto existe e se ata hoxe desenvolve un labor fundamental é só gracias á achega que lle fai o Concello.

Perda coidado que tamén lle garanto que mentres eu sega sendo concelleiro de Cultura, o Instituto de Estudos Vigueses vai contar cos medios precisos para desenvolver o seu labor.

SRA. LÓPEZ ATRIO: O coñecemento que teño eu da situación do Instituto de Estudos Vigueses, á parte da defensa do seu interese e do seu funcionamento, é que, por suposto como achega do Concello de Vigo, dispón dun terceiro andar do edificio Asefal que ten unha sala de reunión, un despacho, dúas salas para biblioteca, un espazo para a secretaria e a secretaría que depende neste caso da Fundación Provigo. Todo isto ademais de auga, calefacción e alumeado que tamén é por conta do Concello, de momento non creo que sexa por conta de ninguén máis. Ademais hai unha cantidade económica forte que achega a Concellería de Cultura anualmente e que está ó seu dispor para facer ó que por convenio se compromete.

Non é certo que o Concello faga desleixo das súas funcións nin dos seus compromisos co Instituto de Estudos Vigueses e polo tanto o que cumpriría dicir é que ó mellor hai outras institucións, como pode ser a Deputación Provincial que coido que non estaría mal que achegara unha cantidade comparativa ós gastos que lle

orixina ó Concello o sostemento deste Instituto. De seren iso así, considerando os gastos máis a subvención, ou o convenio que ten coa Concellería de Cultura, daría unha cantidade considerable e máis útil para as súas necesidades. Penso que a Deputación Provincial pode e debe achegar, como tamén fai con outras fundacións e institucións, e tamén a propia Xunta de Galicia a través da súa Consellería de Cultura.

Non é verdade polo tanto que este Concello non atenda ás necesidades dese Instituto. Pode ser que non atenda a todo o que requiren pero si basicamente cumpre cos acordos e ademais segue con algo que vostedes mesmo acordaron tamén en tempos anteriores, sendo daquela concelleiro de Cultura o Sr. López-Chaves. Creo polo tanto que non deixamos de facer o debido pero agora si lles propoñemos seriamente que a Deputación e a Consellería de Cultura participen no sostemento deste Instituto.

SRA. LARRIBA LEIRA: Cómpre en primeiro lugar salientar aquí que o Instituto non ten personalidade xurídica propia e que polo tanto non é unha fundación que poida recabar financiamento doutras entidades. O Instituto de Estudos Vigueses é un órgano que depende, que está dentro do que é a Fundación Provigo e non ten capacidade de recabar outro financiamento porque non ten personalidade xurídica propia.

En canto á achega da que vostede falou de gobernos anteriores debo dicir que o Sr. López-Chaves, a quen vostede mencionou, foi quen de aumentar a achega que se outorgaba ó Instituto de Estudos Vigueses e que vostedes non subiron nin un euro dita achega nos tres anos que levan de lexislatura aínda que, como ben saben, é insuficiente

Falando en concreto do que é paralizar a actividade do Instituto, teño que dicir que desenvolve un labor fundamental de investigación e de estudos de historia local, de feito saben vostedes que pertence ó CCEL e ó seu través intercambia documentación, bibliografía e investigacións sobre historia local. Todo ese labor está mediatizado, entre outras cousas porque dende a Concellería de Cultura hai unha disposición que vostede cualificou como de velar. Vostedes velan polo funcionamento da institución pero para nós o que se está a facer é un control da institución e dos seus contidos.

En todo caso iso choca bastante co interese e cos recursos que está a dedicar este

gobierno para potenciar a historia local, ese gran museo de historia da cidade e curiosamente, o que non se potencia é un instituto que leva desenvolvendo unha tarefa investigadora esencial na cidade porque case ninguén máis o fai dende hai vinte anos e sen embargo aí a situación está completamente paralizada.

Poñendo un exemplo, o orzamento co que conta o Instituto de Estudos Vigueses para a súa tarefa de todo o ano é a metade do que custou o mencionado vídeo de sete minutos de promoción da cidade no certame do Mundial de Hockey. Ese vídeo custou o dobre do que percibe o Instituto de Estudos Vigueses ó ano.

Como dicía, ese labor de control faise ás veces sutilmente e outras directamente. No convenio que se asina nesta lexislatura co Instituto é obrigatorio o uso do galego. Consideramos que esta modificación do convenio responde a unha decisión arbitraria e ilegal, máxime cando os orzamentos do Instituto para as súas actividades está bastante determinados pola subvención da Concellería de Cultura porque a súa subvención supón o financiamento do 75% da súa actividade.

A decisión é arbitraria en primeiro lugar porque o Instituto forma parte do CECEL onde están todos os centros de estudos locais de España enteira e loxicamente que as publicacións sexan obrigatoria e unicamente en galego dificulta a transmisión e o intercambio da información. É arbitraria porque ademais o propio departamento de Cultura deste Concello publica noutros idiomas que non son o galego e recoñecen nos seus prólogos que se fai en atención á lingua orixinal escrita polos seus autores. Parece que hai man ampla e abondosa para o uso do portugués pero se censura completamente o uso do castelán.

Cando falamos de ilegal é porque en cumprimento da Constitución española e do art. 5.3 do Estatuto de Autonomía: “Os poderes públicos deben garantir o uso normal e oficial das dúas linguas”. Isto non se está a facer co Instituto de Estudos Vigueses.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Sorpréndeme que minta e ademais con tanto descaro, Sra. Larriba, non estou acostumado a escoitala nesos termos.

Hai que deixar claro que o Instituto de Estudos Vigueses é unha extensión cultural da Fundación Provigo e por medio desta institución que si ten personalidade xurídica, é posible evidentemente subvencionar o seu funcionamento coma ademais así está facendo o Concello de Vigo.

Se tan preocupada está polo diñeiro e pola falla de recursos, eu tamén lle digo que unicamente dediquen o orzamento que a Deputación está a investir na Orquestra

Panorama e con iso lle aseguro que o funcionamento do Instituto irá sobrado en canto a fondos.

Efectivamente dásele prioridade ó uso do galego no convenio que temos co Instituto de Estudos Vigueses, isto é polo cumprimento da Ordenanza de Normalización Lingüística do Concello. Esta ordenanza establece que lle corresponde ó Concello desenvolver accións encamiñadas á recuperación do uso do noso idioma e entre outras a edición en galego das publicacións do Concello. Vostede sabe que por extensión vense facendo neste Concello, ademais así debe ser, que as entidades promovidas polo propio Concello como é o caso do Instituto de Estudos Vigueses teñan que se acoller a este principio. Así se fai como se fixo sempre coa Fundación Marco e coa Fundación Laxeiro que empregan o galego como lingua principal das súas publicacións.

Axustándonos a esta Ordenanza de Normalización Lingüística recóllese no convenio que con carácter xeral se considerará dentro do programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editadas en galego e de forma excepcional, previo acordo co propio Concello, a edición en castelán ou noutros idiomas. Proba de que este convenio se está entendendo de forma ampla é que tanto no ano 2009, como no 2008 ou no 2007 se subvencionaron edicións en castelán. Non é certo que non se fagan e vostede sabe perfectamente que neste mesmo ano se pagaron edicións en castelán.

O que fai o Concello é subvencionar un organismo externo coma é o Instituto de Estudos Vigueses sen entrar nin na súa programación, nin noutras formas que poidan ter de subvencións para cubrir o seu orzamento. Subvenciona evidentemente determinados programas, para o resto o Instituto ten plena liberdade para actuar e buscar novos financiamentos.

Que vostede me bote en cara que nestes últimos anos non se subiu o orzamento dedicado ó Instituto de Estudos Vigueses sorpréndeme porque me parece que manter o orzamento en anos de crise e algo para valorar positivamente, máis cando a Xunta de Galicia o que leva facendo dende que vostedes entraron no goberno é recortar e mesmo suprimir calquera tipo de achega en base ó criterio da crise.

Pero tamén coincido con vostede na necesidade que ten o Instituto de Estudos Vigueses de dispoñer de máis fondos e por iso propoño unha emenda que de non a aceptar quero que se vote e que di así: “Que se inste á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial de Pontevedra a que apoiem o Instituto de Estudos Vigueses de

xeito suficiente para ó mantemento dos obxectivos que teñen encomendados, tal e como ata hoxe ven facendo o Concello de Vigo.

SRA. LARRIBA LEIRA: Vexo que o que vale é mirar cara outro lado. Vostede di que minto pero non me di en que e chamarme mentireira sen dicir en que me parece que é moi ousado. Sabe moi ben que ó Instituto de Estudos Vigueses se lle prohibiu editar unha publicación en castelán, é certo e polo tanto non diga que minto. Como tamén é certo que vostede chama velar a prohibir a edición dunha publicación por estaren en castelán, non diga que minto.

Eu pretendía que o desenvolvemento desta moción fose positivo e contribuíra ó desenvolvemento da institución.

Falaron de que se lle paga ó Instituto un local e unha asistencia a tempo parcial pero como vostede ben sabe o espazo que ocupa é insuficiente porque recibe anualmente numerosas doazóns que non pode acoller por non teren espazo: legados documentais, gráficos, bibliográficos... O Instituto non ten capacidade física, nin por suposto medios humanos para asumir toda esa documentación e aínda que se trasladou á sociedade como grande perda que o Arquivo Llanos fose parar a Ribadavia, é certo que todos os anos estamos a perder pequenos legados porque os nosos institutos culturais non son quen de asumir estes fondos, estes regalos. Iso é o que nós denunciemos.

Por último, o máis importante de todo é ese labor de control que se quere facer da institución. Eu entendo que é en primeiro lugar unha falta de respecto á autoridade intelectual dos traballadores do Instituto con vinte anos de investigación histórica e que esta actitude nada ten que ver co pluralismo, a liberdade e o progreso que desexamos para a cidade. En todo caso ó mellor habería que suxerir que o mellor futuro do Instituto sería non estar dentro da Fundación Provigo e seren unha institución independente.

En canto á emenda entendemos que é mirar cara outro lado porque nós o que estamos a pedir é unha maior implicación do Concello e por iso non ten sentido dirixirse cara outras instancias. Estamos aquí a debater sobre política municipal e por iso eu entendo que ten que haber unha implicación nos orzamentos deste Concello.

Fala vostede de crise pero o seu departamento crea novos programas con asignacións que dobran ou triplican as que ten o Instituto de Estudos Vigueses. Eu estou a pedir sensibilidade cara ó Instituto e un mellor reparto do seu orzamento.

A PRESIDENCIA: Entendo que non aceptan a emenda e por iso ímola votar.

Quero clarexar que vostedes non din na súa moción que aumentemos nada, o texto resolutorio da súa moción é: “Que o goberno local apoie ó Instituto de Estudos Vigueses de xeito suficiente para o mantemento dos obxectivos que ten encomendados”. Os meus compañeiros, Sra. López Atrio e Sr. López Carreira, acaban de explicar que xa o estamos a facer e polo tanto dende o BNG, asumido polo goberno, queremos instar á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial de Pontevedra a que apoien ó Instituto de Estudos Vigueses de xeito suficiente para o mantemento dos obxectivos que ten encomendados, tal e como ata hoxe ven facendo o Concello de Vigo. Esta é a emenda que ó non ser aceptada sometemos a votación.

Emenda de substitución, presentada durante o curso do debate por escrito de data 22 de marzo polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. López Carreira:

Que se inste á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial de Pontevedra a que apoien ó Instituto de Estudos Vigueses de xeito suficiente para o mantemento dos obxectivos que ten encomendados, tal e coma ata hoxe ven facendo o Concello de Vigo.

(Está ausente o Alcalde, Sr. Caballero Álvarez; preside o Tenente de Alcalde, Sr. Domínguez Olveira).

VOTACIÓN DA EMENDA DE SUBSTITUCIÓN TRANSCRITA ANTERIORMENTE: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González e Rodríguez Díaz, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, apróbase a emenda de substitución formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. López Carreira e, xa que logo,
ACÓRDASE:

S. Ordinaria 22.03.10

Instar á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial de Pontevedra a que apoien ó Instituto de Estudos Vigueses de xeito suficiente para o mantemento dos obxectivos que ten encomendados, tal e coma ata hoxe ven facendo o Concello de Vigo.

16.- (55).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A CESIÓN DE TERREOS PARA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO CEIP ALTAMAR. DOC. 90166688.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de novembro, número 90166688, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

“O grupo municipal do Partido Popular trae a Pleno a difícil situación que atravesamos CEIP Altamar de Vigo, polos problemas espaciais das súas instalacións que afectan ao normal desenvolvemento da actividade docente, facéndose eco das reclamacións que, dende hai anos, está a facer a súa comunidade educativa.

En maio de 2008 a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, prometeu un novo edificio para o CEIP Altamar. Os técnicos do Departamento de Educación, tras avaliar as súas instalacións, aconsellaron, xa entón, a construción dun novo edificio noutra parcela, xa que o espazo da actual é claramente insuficiente.

Só era necesaria a cesión dos terreos por parte do Concello, para poñer a andar o novo proxecto.

A pesar dos compromisos persoais que o Alcalde adquiriu co centro nas súas visitas, especialmente cos pais e nais dos estudantes, aínda non se verificou ningunha cesión de terreos por parte do Concello; malia que o novo goberno da Xunta de Galicia aprobou nos seus orzamentos para o ano próximo unha partida específica para o novo centro.

O grupo municipal do Partido Popular pon en dúbida o interese do goberno local pola resolución deste conflito, xa que ata o momento non houbo máis que promesas incumpridas. Xa que logo, propoñemos para a súa aprobación polo Pleno da Corporación:

Que o goberno local ceda os terreos para a construción do novo CEIP Altamar”.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 23 de novembro, ditamina favorablemente a anterior moción.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, procede a ler o texto da moción

que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SRA. LÓPEZ ATRIO: Custa moito asumir isto que din de desinterese porque é verdade que tentamos por todos os medios atopar o espazo necesario e obrigatorio para poder facer un novo centro por parte da Consellería, pero no centro de Vigo, ó igual que no de Pontevedra, da Coruña ou Lugo non hai espazos para centros educativos e aínda que busco con lupa e pídolle axuda a Urbanismo non teño posibilidade de atopar ese espazo axeitado. Na zona de influencia deste centro non existe ningún espazo que hoxe en día se poida dedicar a este fin.

Está previsto un desenvolvemento do PERI que chega á rúa do Carme que nun tempo, non sabemos canto, se desenvolverá pero precisa que se desenvolva en canto á construción. Aí hai asignado un espazo de 10.500 m² que sería o axeitado para tal fin, pero nestes momentos a economía non dá para o desenvolvemento urbanístico e non me refiro a que non se poida construír, senón a que a xente non ten medios para construír ou non ve a venda directa e rápida dos seus pisos. Polo tanto aí non hai desenvolvemento, iso para empezar.

En segundo lugar eu coñezo ese problema dende que estou en Vigo e xa vai para trinta e cinco anos. O colexio Altamar sempre foi un colexio reducido e en malas condicións, houbo polo tanto trinta e cinco anos antes de chegaren nós para buscar solucións e non se pode cualificar de desinterese porque nada máis lonxe da verdade. O interese é absoluto e a comunicación coa dirección e con todo o persoal é continua e constante.

Coméntolle que fun falar co director xeral da Consellería de Educación e propúxenlle o que lles vou propoñer a vostedes para votar: unha emenda á súa proposta. A emenda é a seguinte: “Que a Xunta de Galicia poña a residencia de Altamar a disposición do colexio público de Altamar para a súa ampliación tendo en conta a inexistencia de terreos municipais dispoñibles na zona de influencia deste centro educativo. O Concello de Vigo comprométese a ceder unha parcela municipal para a construción dunha nova residencia”.

Consideramos que non é adecuado cambiar o colexio de zona, mandalo por exemplo a Beade, Valladares ou calquera outra zona de lonxe porque é aí onde viven os nenos e as nenas que van a ese centro. En troques coidamos que a residencia é para persoas adultas e non precisa esa situación concreta, si o colexio e non hai maneira de poñelo nesa zona de influencia.

A nosa proposta, que fixen eu persoal e verbalmente ó director xeral da Consellería de Educación, é que ceda a residencia para poder atender e ampliar este centro e nós cederíamos un terreo municipal para a construción da nova residencia. Coido que este é o único medio lóxico que se adapta á situación.

Non se pode dicir que non nos preocupamos porque si o facemos e se vostedes se preocupan como nós apoiarán esta emenda e tamén o fará a Consellería de Educación porque de onde non hai non se pode quitar. Non podemos construír no ar coas medidas que se precisan. Polo tanto se queren rapidez, porque logo de trinta e cinco anos si hai necesidades, coido que é o momento de que todos a unha dispoñamos dese espazo para ese colexio.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Dende o BNG queremos manifestar a nosa enorme preocupación pola situación que o alumnado e o profesorado do CEIP Altamar, están a sufrir dende hai moitos anos. Eu que son mestre e que levo máis de vinte e cinco anos dedicado ó maxisterio, recorrín unha morea de centros e teño moi claro que ningún dos centros que coñezo, e son moitos, se atopa nin se atopou nalgún momento nunhas condicións máis precarias e lamentables das que estamos a sufrir no CEIP Altamar sen espazo interno para poder desenvolver os labores formativos e educativos; tamén sen espazo externo e quero lembrar que se hoxe o CEIP Altamar pode utilizar algunhas das instalacións do pavillón das Travesas foi gracias á xestión que no seu día o actual tenente de alcalde, D. Santiago Domínguez, fixo cando era concelleiro de Deportes nesta Corporación.

Tampouco teñen aula de atención a necesidades educativas especiais e así a aula de linguaxe está no salón de actos separada cuns biombos, salón que ademais se utiliza paralelamente como aula de psicomotricidade, tendo ademais no propio escenario do salón de actos un comedor improvisado xa perpetuo. Realmente a min sorpréndeme como un só espazo se pode utilizar paralelamente en non sei cantas actividades e cunhas aulas nas que ademais se amorea o alumnado. Coido que non hai centro nunhas condicións tan patéticas.

Dende o BNG queremos esixir que se aborde este problema dende unha situación de absoluta prioridade. Hai unha proposta de emenda que hoxe acaba de presentar a concelleira de Educación, proposta que ademais coincide coa que no seu día xa fixo no nome do BNG o tenente de alcalde, Sr. Domínguez Olveira, de utilizar as instalacións da residencia Altamar para a edificación dun novo centro no propio

espazo e tamén nos espazos pertencentes ó pavillón das Travesas. Nós estamos de acordo con esa proposta e imos votar a favor da mesma.

SRA. LARRIBA LEIRA: O Sr. López Carreira fixo unha boa descrición das dificultades polas que pasa o centro, pero si que é certo que a falla de espazo non é só no interior senón tamén no exterior. O colexio ten actualmente 220 alumnos e o que se pode chamar patio que é unha superficie sombría na traseira do edificio, non chega a 300 m². Cando os rapaces teñen que facer algunha actividade botan man das instalacións do IMD pero iso tamén ten dificultades porque, segundo nos informan dende o colexio, nalgúns casos teñen que anular o seu horario normal porque hai actividades previstas nas instalacións do IMD e polo tanto teñen que modificar as súas previsións.

Tamén é certo que polo visto non hai peches nin defensas que impidan que o alumnado poida acceder libremente dende esas instalacións á rúa e tampouco nada que impida que os adultos que estean polo IMD entren, saian ou deambulen entre os nenos e nenas. O problema é que o centro non dispón de superficie para unhas boas instalacións deportivas ou de lecer como teñen outros colexios da cidade.

Nós non estamos tan de acordo con iso de que non hai posibilidades de ofertar un espazo alternativo. De feito os pais, a comunidade escolar e mesmo os veciños formularon a posibilidade de empregar a parcela situada ó carón do Museo Liste, unha parcela de 6.000 m² que triplica en superficie á que actualmente ocupa o colexio Altamar. Os técnicos da Consellería consideraron que podería ser interesante, a parcela está recollida no Plan Xeral como uso dotacional, non como zona verde e non parece que haxa problema para a dedicar á construción do novo edificio do colexio.

Eu non entendo como podendo ter un colexio en condicións o que se propón con esta emenda é un apaño. Non o entendo sobre todo porque hai un compromiso da actual Xunta de Galicia e do seu presidente, Sr. Núñez Feijóo, que destinou unha partida orzamentaria específica para a construción deste novo edificio. Teño que dicir que a iniciativa de construción dun novo edificio ven do ano 2008, é un compromiso da anterior concelleira de Educación e tamén o compromiso do alcalde quen o asinou co seu puño e letra, de construír un novo colexio antes do remate da lexislatura. Entón estamos a falar de compromisos anteriores que aínda están por rematar e que o único en firme que nos consta é o compromiso financeiro da Xunta de Galicia con

esta partida que como digo está destinada á construción do novo colexio. Polo tanto, habendo como hai a posibilidade de facer un centro en condicións, non compartimos a emenda que se propón.

SRA. LÓPEZ ATRIO: É certo que as condicións de CEIP Altamar son así dende hai trinta e cinco anos, non veñen de agora, son trinta ou máis anos. É certo que o Sr. Alcalde o quería construír, esperaba que se desenvolvera o PERI ó que fixen referencia pero iso sen que se presentara a crise. Ese era o seu compromiso pero o que é certo é que de onde non hai non se pode sacar. O espazo ó que vostede alude non chega para nada, non vai máis alá de 4.500 m² e aínda cedéndolle a vostede o beneficio da dúbida dos 6.500 m², o que nos pide a Xunta son 10.000 m², teño por escrito as dúas solicitudes e se quere lle amoso o que pide a Xunta de Galicia para a concesión dun centro educativo.

Na zona de influencia dese centro non hai nada que se lle achegue e cando o resultado vai ser malo de todos os xeitos, non procede facelo. Temos a residencia e ademais o IMD si está disposto a ceder o espazo de lecer necesario se aí temos claramente a zona da residencia dedicada ó colexio. Sería un colexio estupendo porque hai unha moi boa residencia. Que non queiran admitir vostedes isto é un paso máis para poñer atrancos.

Por outra banda, o que dedica a Consellería de Educación á construción é sinxelamente para facer os planos porque 400.000 euros non dan para nada, será só para facer os planos pero para nada máis, a construción queda moi lonxe da posibilidade e realmente esa zona necesita máis. Eu que vivín toda a miña vida en centros educativos pódolle asegurar que a residencia daría moi bo colexio para primaria e infantil.

Por outra banda direille tamén que é verdade o que lle explicou claramente o meu compañeiro, Sr. López Carreira, sobre todas esas dificultades: que é angosto e angustioso para calquera que viva aí anos e anos, sobre todo o profesorado que ademais se sente incómodo para exercer a súa docencia. Tamén hai centros que teñen uns comedores escolares que non atende a Xunta de Galicia nin de broma e que son impresentables e insufribles.

Polo tanto hai moitas cousas que resolver pero unha delas se podería resolver deste xeito: déanos a residencia de Altamar para colexio e o IMD deixará o patio pechado e axeitado para o seu uso polos rapaces. Esta sería a solución inmediata logo de trinta

e cinco anos.

SRA. LARRIBA LEIRA: Efectivamente non podemos apoiar esta emenda que vostedes propoñen, en primeiro lugar porque é un apaño, non dá solución ós espazos ó ar libre do colexio e porque ademais semella polo que están a dicir, aínda que o tema non pasou en ningún momento polo IMD, que prefiren sacrificar unha parte dunha instalación deportiva no centro da cidade e ademais segundo os usuarios do IMD parece ser que o frontón é o espazo que máis usan os estudantes, é un dos espazos máis usados pola xente que vai alí facer deporte. Vostede estame a dicir que prefiren sacrificar unha instalación deportiva no centro da cidade e non asumir a construción dun novo edificio.

Vostede falou coa Consellería pero eu tamén para non “meter a pata” e ter os datos concretos aínda hai uns días saíu un decreto con rectificacións sobre os metros asignados a cada alumno e dixéronme que as parcelas que se recomendan para a construción, están entre 5.000 e 10.000, é unha cantidade de metros flexible, non taxativa tal como vostede o pintou e a superficie da parcela apegada ó Museo Liste que eu lle din non a inventei, está no Plan Xeral e voulle dicir exactamente os metros cadrados que ten: 5.937. Eu falaba de 6.000 pero son 5.937, o triplo do que ten a superficie da parcela do actual colexio Altamar que é de 2.000 m², á superficie construída é de 3.439.

Non se dá resposta ó espazo ó ar libre, apáñase cunha construción que xa está e feita e como digo o que fan é mirar cara outro lado porque están a poñer en risco un investimento que a vostede lle parecerá moi pouco e semella que con certa frecuencia está a desprezar as subvencións da Xunta de Galicia porque non é este o primeiro caso e vostede sábeo, pero neste caso son 400.000 euros que eu penso que para comezar non está nada mal.

En todo caso coido que tiran balóns fóra, que non van dar ningunha solución ó colexio, que ese compromiso do Alcalde que xa dixen que non é só verbal, senón que está por escrito facer un novo colexio antes do remate da lexislatura vostedes o teñen bloqueado e non teñen ningunha intención de resolver o tema.

A PRESIDENCIA: Sra. Larriba, sinxelamente gustárame aclarar que ninguén está a falar de sacrificar ningunha instalación deportiva os rapaces do Altamar hoxe mesmo xa utilizan esas instalacións que evidentemente e chegado o caso, de seren

necesario, adaptaríanse pero non se sacrificarían.

Coido que é importante ter isto en conta para que non se vaia dicindo por aí que queremos sacrificar unha instalación deportiva. O que queremos é que se utilice a residencia, que loxicamente se faga unha nova residencia e para iso o Concello se compromete a entregar os terreos.

Intúo que non acepta a emenda que é de substitución e polo tanto a imos votar co texto que leo deseguido no nome do goberno: “Que a Xunta de Galicia poña a residencia Altamar a disposición do colexio público de Altamar para a súa ampliación tendo en conta inexistencia de terreos municipais dispoñibles na zona de influencia do centro educativo. O Concello de Vigo comprométese a ceder unha parcela municipal para a construción dunha nova residencia”.

Emenda de substitución, presentada durante o curso do debate por escrito de data 22 de marzo pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. López Atrio:

- 1.- Que a Xunta de Galicia poña a Residencia de Altamar á disposición do Colexio Público de Altamar para a súa ampliación, tendo en conta a inexistencia de terreos municipais dispoñibles na zona de influencia do centro educativo.
- 2.- O Concello de Vigo comprométese a ceder unha parcela municipal para a construción dunha nova residencia.

(Está ausente o Alcalde, Sr. Caballero Álvarez; preside o Tenente de Alcalde, Sr. Domínguez Olveira).

VOTACIÓN DA EMENDA DE SUBSTITUCIÓN TRANSCRITA ANTERIORMENTE: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González e Rodríguez Díaz, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, apróbase a emenda

de substitución formulada pola concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. López Atrio e, xa que logo,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Que a Xunta de Galicia poña a Residencia de Altamar á disposición do Colexio Público de Altamar para a súa ampliación, tendo en conta a inexistencia de terreos municipais dispoñibles na zona de influencia do centro educativo.

Segundo.- O Concello de Vigo comprométese a ceder unha parcela municipal para a construción dunha nova residencia.

17.- (56).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A APROBACIÓN DE MEDIDAS EN RELACIÓN COS ITINERARIOS XACOBEOOS Ó SEU PASO POLO CONCELLO. DOC. 90166691.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de novembro, número 90166691, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Lariña Leira, formula a seguinte moción:

“A celebración do Ano Santo de 1993, avivou o interese por todos os camiños de peregrinación a Santiago que atravesan Galicia. Proliferaron asociacións e investigadores que se ocuparon do seu estudo e identificación, sacando á luz os camiños medievais a Compostela, entre eles os que viñan de Portugal. Institucións e asociacións lusas e galegas animadas polos escritos dos peregrinos que percorreron as vellas rutas portuguesas, conseguiron rescatar estes itinerarios do esquecemento, traballando con poucos medios, a pé de camiño e mantendo vivo o espírito xacobeo.

Nos últimos anos Vigo incrementou o seu interese por formar parte activa do movemento xacobeo. Asociacións culturais, veciñais e de peregrinos uníronse na reivindicación do itinerario que atravesa os municipios do Baixo Miño, Val Miñor, Vigo e Redondela, para a súa promoción de cara ó próximo Ano Santo 2010, á vez que expresan as súas inquedas no que fai á protección da peregrinación tradicional, da realidade física do camiño e do rico patrimonio cultural a o asociado, como condicións indispensables para que perdure no futuro.

Neste sentido o grupo municipal do Partido Popular bota en falta accións concretas e decididas do goberno local, en relación aos itinerarios xacobeos que atravesan o termo municipal de Vigo, incluídos no catálogo de bens culturais do PXOM, perante o inminente comezo do ano xubilar. Xa que logo, propoñemos para a súa aprobación:

Que o goberno local aprobe medidas concretas para a investigación histórica,

definición, protección e proxección dos itinerarios xacobeos ao seu paso polo Concello de Vigo.”

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, na súa sesión do 23 de novembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: O tema que nos trae hoxe neste punto ven pola celebración do ano xacobeo. Débolle dicir antes de nada que foi preocupación deste concelleiro e deste Concello dende o primeiro momento que presentamos á propia Xunta de Galicia, neste caso ó director xeral de Patrimonio Cultural, que facer con este proxecto. Na reunión que tiveron á altura do mes de outubro co director xeral convíñamos en dúas cousas. En primeiro lugar na dificultade que temos no caso de Vigo e no caso do sur de definir o espazo polo que transitaba o Camiño, de feito como saberá vostede perfectamente no inventario que temos do Plan Xeral, que é un traballo de aproximación, hai dúas alternativas que transcorren polo territorio do Concello de Vigo. Díciulle que naquela reunión convíñamos en que xa non estabamos en tempo de facer o que é tamén competencia da Xunta de Galicia: un plan especial no que se recolla o percorrido deste camiño polo espazo que conforma o Concello de Vigo.

As discusións ou as propostas que tiñamos sobre a mesa nos facían pensar que era necesario abordar isto con un pouco de seriedade e de tranquilidade polo que sería imposible no ano en curso ter un percorrido definitivo do Camiño de Santiago.

Daquela lle comentaba ó director xeral, que por certo ten comprometida a visita a Vigo para volver falar deste tema, que poderíamos ir avanzando xa non só no percorrido, senón na localización e mellora de determinados espazos que poderían conformar o eventual Camiño de Santiago, Camiño Sur, Camiño Portugués ou Camiño da Costa. Nese sentido coido que hai boa receptividade pola parte da Dirección Xeral para facer este traballo neste ano en curso.

Polo tanto é difícil avanzar na realización dun plan especial completo porque como vostedes saben iso leva un traballo de dous, tres ou catro anos. Pero si quero agradecer a intención e o traballo feito por algunhas organizacións de carácter privado que avanzaron un posible transcorrer dese itinerario, pero a día de hoxe é

moi difícil presentar con seriedade o percorrido que transcorrería polo Concello de Vigo.

Estando polo tanto de acordo coa súa moción, preséntolle unha emenda ou engadido para realmente completar isto que vostede propón que non é outra que o feito de solicitar á Xunta de Galicia que encargue a elaboración dun plan especial de protección do Camiño de Santiago no seu paso polo termo municipal de Vigo, compromiso que coido que está previamente aceptado polo director xeral pero que polas razóns que antes lle indicaba non se puido materializar este ano.

SRA. LARRIBA LEIRA: Esta é a terceira de mirar cara outro lado. Di que o ten que facer a Xunta pero é que eu estou a falar do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo. É que o Concello non ten ningunha responsabilidade sobre o que recolle o Plan de seu? Pero entón, que Plan temos? Vostede mesmo recoñece que o que figura no Plan é unha aproximación. Esta moción presentouse en termos semellantes o ano pasado entón, é que non ten ningún interese o Concello de Vigo de facer valer o Plan Xeral, dar contidos científicos ó Plan que el mesmo aprobou? Non lle importa manter aí unha aproximación, que figure unha pequena raia que semelle que o camiño pasaba por aquí? É tan pouco serio o Plan Xeral? Non ten ningunha obriga o Concello?

Non estou a falar de investimentos millonarios, senón ó mellor dunhas bolsas de investigacións, dunha serie de persoas que se dediquen a afondar no Arquivo por veren que hai de realidade no trazado que recolle o documento do Plan Xeral. Iso non é unha cuestión de cartos e non se pode derivar á Xunta de Galicia aínda que na súa tarefa de promoción do Camiño o fixera en moitos concellos que non teñen a entidade que ten o de Vigo. É que o Concello de Vigo non é quen de investigar o trazado polo seu termo municipal? De verdade que é sangrante.

Pero non é só que non lle interese investigar sobre iso, ver se é ou non correcto, é que parello a iso non vai ningunha acción de protección. Non hai inventario de patrimonio histórico-artístico ou etnográfico deses trazados, non hai nada relativo á seguridade dos posibles peregrinos que empreguen esta rota porque a verdade é que hai tramos que son realmente moi arriscados para os peóns. Non hai nada que o Concello poida facer? Ten que falar da Xunta de Galicia cando está recoñecendo que nun tema tan importante coma este, polo menos en temas culturais, o seu propio Plan Xeral de Ordenación Municipal é papel mollado e ademais que ten que vir a

Xunta arranxalo? Isto paréceme tremendo.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Sra. Larriba, comparto parte da súa indignación pero as cousas son como son. Voulle ler as dúas fichas do Plan Xeral onde se recomenda o Camiño, din: “O equipo redactor recomenda ó Concello que inste á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia a elaborar un plan especial de protección do Camiño de Santiago ó seu paso polo termo municipal de Vigo, definindo e delimitando o seu itinerario en base ó seu trazado histórico e á nova configuración urbana do Concello resultante da nova ordenación”. O que está a facer a miña concellería e o Concello de Vigo é facer precisamente o que o Plan Xeral di, que é instar á Xunta de Galicia a isto.

Evidentemente que non vou desvelar todos os termos da miña conversa co director xeral de Patrimonio, pero nela convíñamos en que o Camiño de Santiago é algo importante para todos os galegos, estamos no Ano Santo e independentemente das crenzas de cada quen o Camiño de Santiago representa a historia viva de Galicia e parte da conformación deste país ten moito que ver co Camiño, pero vostedes tamén convirán comigo en que non pode haber centos de camiños e os que se decida que existan teñen que ser camiños controlados, vixiados e ordenados polo órgano máximo de todos os galegos que é a Xunta de Galicia.

Paréceme que neste caso non é un problema de derivación de responsabilidades, é un problema de competencias, de quen as ten e de quen non. Aínda que nós quixéramos elaborar un plan especial para o Camiño de Santiago non o poderíamos facer ou non o deberíamos facer, polo menos de xeito autónomo sen contar coa Xunta de Galicia.

Neste caso a Consellería de Cultura e máis nós estamos plenamente de acordo en cal é o camiño a facer, que pasos hai que dar e estamos a traballar neses pasos. Nós non negamos o noso traballo e a nosa colaboración coa Xunta de Galicia na elaboración dese documento pero neste caso o que estamos a facer é dar cumprimento ós criterios e ás directrices do Plan Xeral, non é outra cousa. Que diría a Xunta de Galicia, o seu director xeral de Patrimonio e o seu conselleiro de Cultura se o Concello de Vigo pola súa conta e risco elabora un plan especial de definición onde marquemos criterios ó noso modo de ver sobre o percorrido que o Camiño de Santiago ten na área intermunicipal de Vigo, porque evidentemente un camiño non pode nacer e pechase en Vigo, en todo caso tería que ser un órgano de carácter

comarcal quen o tería que definir.

Prégolle que esteamos de acordo en que iso sexa así porque de non seren realmente non sei en que consistiría o traballo da Xunta de Galicia neste tema.

SRA. LARRIBA LEIRA: Insisto en que miran cara outro lado. Se vostede coñecera ben o que foi a potenciación dos camiños de Santiago non só en Galicia, senón en toda España vería que a iniciativa foi na maioría dos casos das asociacións de peregrinos, dos concellos, non agardaron a instancias superiores, a que viñese sinalizar aquí a UNESCO ou o Consello de Europa. A responsabilidade do noso patrimonio é nosa, cuestión diferente é que a Xunta tamén teña actividades de defensa e promoción, pero a defensa do patrimonio cultural da cidade de Vigo en primeiro termo é do propio Concello.

O que é máis rechamante é que vostedes estean admitindo neste Plan Xeral que o estudo o faga a Xunta porque é a súa competencia. É que o Concello non ten competencias en materia de protección do seu patrimonio histórico-artístico? Está vostede nun erro pero non só iso, senón que a ficha recolle un nivel de protección integral, está a protexer integralmente algo que descoñece. Por iso digo que é papel mollado, hai un nivel de protección integral para un percorrido que é aproximado, que non se define.

Eu podo entender que se unha localidade, un pobo pequeno, ó mellor non teñen capacidade de facer estudos especializados sobre o percorrido porque lle falte persoal técnico, que outras administracións subsidiariamente promovan esa investigación, pero que o Concello de Vigo non sexa capaz de delimitar o que recolle deste xeito tan pouco rigoroso o Plan Xeral paréceme indignante.

A PRESIDENCIA: Temos unha moción cunha emenda de adición que significaría engadir un parágrafo que di: "Así mesmo solicitar á Xunta de Galicia que encargue a elaboración dun plan especial de protección do Camiño de Santiago ó seu paso polo termo municipal de Vigo".

Durante o curso do debate, sendo as 13 horas e 35 minutos, se incorpora á sesión o Alcalde, Sr. Caballero Álvarez.

Emenda presentada por escrito durante o curso do debate polo Grupo Municipal

do BNG:

Engadir un punto que diga o seguinte: Así mesmo solicitar á Xunta de Galicia que encargue a elaboración dun plan especial de protección do Camiño de Santiago ó seu paso polo termo municipal de Vigo.

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, acórdase aprobar a emenda formulada polo Grupo municipal do BNG co texto transcrito anteriormente.

A PRESIDENCIA: Propoñemos o conxunto da moción cun primeiro parágrafo que di: “Que o goberno local aprobe medidas concretas para investigación histórica, definición, protección e proxección dos itinerarios xacobeos ó seu paso polo Concello de Vigo e así mesmo, solicitar á Xunta de Galicia que encargue a elaboración dun plan especial de protección do Camiño de Santiago ó seu paso polo termo municipal de Vigo”.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, acórdase:
Primeiro.- Aprobar medidas concretas para a investigación histórica, definición, protección e proxección dos itinerarios xacobeos ao seu paso polo Concello de Vigo.
Segundo.- Así mesmo, solicitar á Xunta de Galicia que encargue a elaboración dun

plan especial de protección do Camiño de Santiago ó seu paso polo termo municipal de Vigo

Explicación de voto: SR. FIGUEROA VILA: Cuestión de orde. Ó final desvirtúase a proposta do goberno cunha substitución ou un engadido á nosa moción. O espírito da nosa moción non é ese e polo tanto nos temos que abster.

URXENTES:

A.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Ó GOBERNO A INICIAR OS TRÁMITES PARA O RESCATE DAS CONCESIÓNS DOS APARCADOIROS DA PORTA DO SOL E PRAZA DE PORTUGAL. DOC. 100038714.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 22 de marzo, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

“Ante as noticias dos últimos días onde o goberno municipal limitou a posibilidade de estacionar no contorno do Casco Vello ós residentes da zona e non ofrecendo ningunha alternativa atractiva ós veciños, o Grupo Municipal do Partido Popular ven de considerar unha iniciativa que propoñemos para o seu debate.

Tendo en conta que no próximo mes de agosto vence a concesión do aparcadoiro soterrado da Praza de Portugal e no 2015 o da Porta do Sol, propoñemos que o goberno inicie os trámites oportunos para o rescate das dúas concesións coa finalidade de convertelos en estacionamentos para residentes da zona con tarifas beneficiosas e razoables.

Temos que recordar que a única política feita neste sentido en materia de tráfico xestionouse polo goberno do Partido Popular que adxudicara seis aparcadoiros, creando aproximadamente 3.000 prazas que hoxe se constrúen na cidade, dando servizo a veciños e veciñas que demandaban alternativas á mobilidade.

Por todo isto o Grupo municipal do Partido Popular propón ó Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Instar ó Goberno municipal a iniciar os trámites para, ó seu vencemento, proceder ó rescate das concesións dos aparcadoiros da Porta do Sol e Praza de Portugal coa finalidade de ofrecer as súas prazas ós residentes do contorno.”

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Queremos presentar unha moción urxente e o motivo

da urxencia é que coidamos que no mes de agosto remata o prazo da concesión administrativa do aparcadoiro da Praza de Portugal e tamén dentro de tres anos rematará o da Porta do Sol. Queremos que a Corporación se pronuncie sobre a posibilidade de que ó remataren estas concesións o Concello rescate estes aparcadoiros para residentes. Ese é o motivo da urxencia porque xa estamos no mes de marzo pero haberá que gardar os prazos e non nos gustaría que rematasen sen que esta Corporación se pronunciase. É unha decisión política que haberá que trasladar ós técnicos para que tomen as oportunas medidas.

O espírito é que os dous se rescaten cando remate o prazo da súa concesión e hai que salientar que no caso concreto da Praza de Portugal remata no mes de agosto e estamos no mes de marzo.

A PRESIDENCIA: Informo ós grupos porque non hai copia, e que é unha moción rexistrada o día 22 deste mes, polo tanto hoxe que tras dunha introdución di: “Instar ó goberno municipal a iniciar os trámites para, ó seu vencemento, proceder ó rescate das concesións dos aparcadoiros da Porta do Sol e Praza de Portugal coa finalidade de ofrecer as súas prazas ós residentes do contorno”.

Non sei se os grupos queren un receso para ler a moción ou procedemos ó debate da súa urxencia.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: En primeiro lugar creo que este é un tema importante e dende a Concellería de Seguridade e Tráfico, dende a de Cascos Históricos, de Patrimonio Histórico levamos moito tempo tentando buscar alternativas ó aparcadoiro no Casco Vello. Podería ser esta unha pero o temos que estudar e falar. Non me parece que un tema deste calibre, sen consultar cos técnicos e sen analizar todo en profundidade, se poida debater agora e de urxencia.

Polo tanto pola parte do Bloque Nacionalista Galego non imos votar a favor da urxencia desta moción.

SR. LÓPEZ FONT: Como concelleiro de Patrimonio estou en contra da urxencia. En primeiro lugar creo que non é a forma de presentar unha moción deste tipo, como ben dicía o tenente de alcalde, pola importancia do tema a tratar. É certo que en canto ás datas estamos en prazo, o expediente dende Patrimonio seguirá o seu trámite habitual co que non haberá ningún prexuízo para a administración municipal.

Decidir se é ou non para residentes, como xa dixo o tenente de alcalde, é unha decisión de calado político. Coido que isto o hai que meditar, pero hai que deixar claro que non hai ningún prazo vencido.

Creo que non é o momento de tratar esta moción.

(Está ausente a Sra. Méndez Piñeiro do Grupo do BNG).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira e Veloso Ríos, e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, rexéitase a declaración da urxencia ó non se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro.

18.- (57).- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon rogos nin preguntas.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e corenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

S. Ordinaria 22.03.10

kv/rs

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.